ÍNDICE

Saúdo

Limiar

Introdución

Prolegómeno. Precedentes da protección do traballo no mar

I. Motivos da creación dos pósitos de pescadores
• As condicións de vida e traballo dos mariñeiros antes de 1917
• Temor ao sindicalismo no mundo do mar: contención e encanamento
• Unha figura providencial: Alfredo Saralegui

II. Os pósitos en Ribeira: a singularidade do Pósito de Carreira/Aguiño e o seu protagonismo na parroquia

III. Fundación e organización interna do Pósito
• Presidentes en Xunta de Goberno
• Xunta Xeral de socios
• Seccións ou áreas de Protección: Culturais, Socorros Mutuos, Cooperativas, etc.

IV. A etapas do Pósito de Pescadores
• 1ª Etapa: 1924-1930
• 2ª Etapa: 1930-1936
• 3ª Etapa: 1936-1944
• A conversión en Confraría

V. Relacións e presenza no exterior
VI. Visual: Os traballos e os días

VII. A Sección Cultural: as escolas do Pósito e a súa transcendencia
• Escolas, mestres, materias e financiamento
• O desenvolvemento escolar na primeira etapa, 1924-1931
• O desenvolvemento escolar na segunda etapa, 1931-1936: As Escolas de Orientación Marítima e Pesqueira
• O desenvolvemento escolar na terceira etapa, 1936-1944

VIII. Sección cooperativas

IX. Sección Socorros Mutuos. Accidente, enfermidade e morte

X. Sección Socorros Mutuos. Asistencia médica

XI. Recursos económicos e control de contas

XII. Peirao e infraestruturas portuarias

XIII. Casa do Pescador ou "Pósito Vello"

XIV. Celebracións
• A advocación do Pósito: patrón ou patroa?
• As homenaxes á Vellez do Mariño

Regulamento
Documentos
Bibliografía

Consideracións previas:

• As frases entre comiñas tan frecuentes no texto, están sacadas dos textos orixinais das actas do pósito de pescadores. Correspóndense coas actas das sesións de Xunta Xeral de socios máis próximas ás datas sinaladas no texto (en ocasións sinalando día, mes e ano, e noutras, só mes e ano). Fíxose así para alixeirar o texto de notas ao pé de páxina, que doutro xeito serían moi profusas, enredarían moito a lectura e faríana excesivamente confusa.

• Aínda que a grafía correcta e normativa de Ribeira é actualmente con "b", que é a que se utiliza no texto escrito polo autor que o subscribe, respectaremos a grafía histórica de Riveira (con "v" tal e como ven escrita nos documentos) cando utilicemos fragmentos de texto literais.

LISTA DE ABREVIATURAS

- AHUS, Arquivo Histórico Universitario de Santiago
- ANN, Arquivo Notarial de Noia
- AMR, Arquivo Municipal de Ribeira
- CCCM, Caja Central de Crédito Marítimo
- CNT, Confederación Nacional do Traballo
- EOMP, Escolas de Orientación Marítima e Pesqueira
- FAI, Federación Anarquista Ibérica
- FET y de las JONS, Falanxe Española Tradicionalista y de las JONS
- ISM, Instituto Social de la Marina
- LRSC, Libro Rexistro Saídas de Correspondencia de Ribeira
- R.D., Real decreto
- R.O., Real orde
- UXT, Unión Xeral de Traballadores

SAÚDO

UNHA HISTORIA DE MARIÑEIROS

Poñer en valor o que fumos é o primeiro paso para contar o que somos. Así, desde a Confraría de Pescadores de Carreira Aguiño, o cabido tomou a decisión, con ocasión da conmemoración do 100 aniversario da súa constitución, de promover a recuperación dunha parte da nosa historia. Fundamentalmente mariñeira, pescadora. Sabíamos que non era un traballo fácil e que se necesitaba tempo para investigar por iso non se puido presentar o ano de celebración do centenario.

Neste libro está recolleita a nosa orixe como pobo moderno, traballador e afeito a superar aqueles atrancos que xorden no transcorrer da mesma vida. Si estudamos con detemento o pasado encontraremos que as familias seguimos sendo as mesmas, cos apelidos de sempre, con inquietudes moi semellantes, pero con respecto ós 100 anos de constitución do pósito, cambiaron moitas cousas e, debe dicirse, que a favor nosa. Iso é mérito dos nosos devanceiros. Preocupáronse en deixarnos unha vida mellor. Con atencións médicas aseguradas, con colexios para os nosos fillos, con infraestuturas portuarias adecuadas para o exercicio da nosa profesión, cunha lonxa moderna e con todo aquelo que asegura a continuidade das novas xeracións nos oficios do mar: a transmisión do coñecemento que nos permite pescar nos mesmos lugares que antes o fixeron eles. Velaí porque debemos estar agradecidos ós nosos avós e pais, anteriores representantes dos cabidos.

Este libro serve para lembrar, e lembrarnos, de que temos a mesma obriga que eles nos ensinaron: deixarlles ás novas xeracións o que eles nos deixaron en perfectas condicións. Un mar cheo de vida. Un océano por preservar.

Debo agradecer o esforzo realizado por Daniel Bravo Cores, Percebeiro de Honra 2024, para achegarnos esta publicación, así como, a xenerosidade de Antonio Parada por doar desinteresadamente unha parte da súa obra gráfica. El sabe o que hai detrás de cada pedra fotografada. E, tamén, desexo nomear o labor de Ciprián Rivas, por realizar as tarefas de coordinación desta publicación e por dirixir o Primeiro Seminario sobre as confrarías de pescadores como modelo para un ordenamento da pesca na Galicia do século XXI", berce do que sae este libro e outras accións que sairán no futuro.

José Antonio Santamaría Sampedro.
Patrón Maior.

LIMIAR

Os filósofos da historia din que a literatura nace nos pobos cando estes se fan nación. E tamén, que cando un pobo se fai nación, empeza a xerar a súa literatura e contar a súa historia. Aguiño non é unha nación, pero é a pequena aldea ou lugar que nos veu nacer e onde nos criamos. É tamén el precisa a súa escritura, a súa referencia literaria, para saber do seu nacemento e do seu pasado.

A historia real de Aguiño é moi curta. Naceu da súa parroquia matriz, San Paio de Carreira. Medrou, cando o mar foi turrando polos mariñeiros, porque o tiñan máis preto e máis cómodo. A miña avoa, mamá Pepa, dicía que recordaba a primeira casa e que a nosa era das primeiras. Estaban construídas, coma quen di, sobre a praia. O meus primos de Carreira cando viñan de visita á nosa casa, dicían que viñan á area.

Nos comezos os habitantes eran poucos. Aínda despois da guerra, cando os do meu tempo nacemos, eramos 395. Pero sentiámonos de Aguiño, mesmo orgullosos de o ser. Recordo, e cóntollo ás veces por aí á xente amiga, que de pequenos de cando en vez cantabamos en fila:

Somos d'Aguiño somos,
pequeniños coma ratos;
ó que nos sala ó camiño,
dámoslle un par de sopapos.

Pero do noso pasado sabiamos moi pouco, case nada. O tempo pasou e, pouco a pouco, fomos sabendo algo, cada vez máis. Hai xa algunhas narracións espalladas por artigos e pequenos libros. Mesmo con algunhas noticias que non son verdade, como a do "muelle fenicio" ou o pequeno "Monte dos Castelos". Encántanos repetilas, porque dan una aire de antigüidade, case de mito e alucina a algúns turistas. Do Perico, cos seus mitos do Falcoeiro, do Home de Sagres e da súa muller A Forcadiña, sabemos con certeza que por alí andaron os antergos na prehistoria. Sabemos tamén, porque pasou onte, é un dicir, que a parroquia da Nosa Señora do Carme se foi separando pouco da de Carreira, na que aínda moitos de nós fomos bautizados.

Recordos preciosos, lembranzas entrañables, que se poderían multiplicar e cada quen ten ocasión de ir sementando nelas os seus recordos. Pero, por sorte, hoxe temos aquí un libro, cheo de cariño e para o que teño o honor de lle facer un prólogo mínimo. Ten algúns precedentes, que empezaron a abrir algún carreiros polo noso pasado. Pero a importancia deste libro non está só no seu volume, senón en que por fin temos un libro de historia, de historia escrita con todas a esixencias da investigación moderna.

Certo que colle unha parte de tempo aínda pequena (1924-1944); pero é xa un libro "científico". E iso significa que canto nel se di foi investigado, comprobado e documentado. O autor sabe do que fala e nós sabemos tamén que —na medida en que é posible nesa ciencia onde non sempre se pode chegar a todos os detalles nin ter a certeza plena acerca de todos eles— podemos estar seguros do que nos informa.

É moi difícil calcular o tempo de traballo e pescuda que supón esta afirmación. Hai que pensar nas horas e horas que o noso amigo Daniel Bravo tivo que consagrar para chegar a escribilo. Foi o que ás veces se chama un traballo monástico ou benedictino, recordando os monxes que, páxina a páxina, copiaron todos os grandes textos

da antigüidade; sen eles quedarían perdidos para sempre. Foron precisas moitas horas de lectura en actas, follas e documentos, moitas veces en textos, non de imprenta nin de fácil lectura, revolver arquivos e facer viaxes a bibliotecas, para consultar libros, revistas e xornais. E tamén, de lle preguntar á xente, na procura de recordos concretos, de aconteceres xa case esquecidos ou de anécdotas descoñecidas. Mesmo nalgún caso, visitar os lugares para ubicar ben o sitio, calcular as medidas e xulgar os dereitos.

Unha lectura atenta permite apreciar tanto a magnitude do traballo, como a escrupulosa honestidade do esforzo por asegurar a verdade das informacións. Por iso o espazo investigado tiña que ser acoutado con precisión e por tanto deixar aínda moito sen explorar desta historia que, aínda que pequena, deixa aberto un rico panorama. A vantaxe, a dobre vantaxe, consiste en que, por unha banda, a partir deste libro contamos cun treito xa iluminado, sobre o que posible edificar con segura confianza; e, por outra, que se ten xa un modelo de traballo e unha indicación de moitos dos lugares que vai ser preciso visitar para a investigación futura...

Ciprián Rivas, na súa introdución, di moitas e clarificadoras cousas acerca da composición do libro e dalgúns dos personaxes que tiveron que ver no aquí historiado. Tamén de Antonio Parada, o fotógrafo, que con cariño entusiasta e un labor de anos, ilumina moitos datos, nos que non sempre paramos a ollada. Pola miña parte, como remate, voume fixar en algo que é moi propio do servizo que pode prestar a historia seria e verdadeira: ese que está ben expresado cando se di que "a historia é a mestra da vida".

Porque a historia do noso pósito, que foi o edificio onde aínda moitos de nós tuvemos a nosa escola, con don José e don Germán, representa unha admirable caixa de leccións. Confeso que para min foi un descubrimento moi sorprendente, do que estou moi agradecido. Repasádeo con atención, atentos só no indispensable traballo

das actas, que son interesantes en moitos detalles curiosos. Penso sobre todo en prestar atención á preocupación polo ben da xente, sobre todo da máis necesitada e, por suposto, da educación e do ensino para as rapazas e rapaces. Esa é a maneira máis auténtica e verdadeira de crear unha comunidade humana.

Nós, os actuais, levamos xa tempo moi afeitos a ter cubertas —mellor, algo cubertas— as necesidades sociais. Pero daquela non era así. Por non haber, non había nin sequera escolas e, por suposto, non existía un mínimo consultorio médico; non digamos unha clínica. Por de todo iso se tratou e se traballou. Pouco a pouco, pagándoo moitas veces e durante bastante tempo coas cotas dos mariñeiros, fóronse contratando mestres, conseguiuse atención médica, ás veces permanente. E, case máis interesante, pensouse en axudar non só ás viúvas e os fillos dos que morreran no mar, senón tamén á xente que carecía, aínda que non pertencera ao Pósito.

Non todo era perfecto ou unha regalía, claro está. Pero había conciencia, interese por todo e por todos. Víase Aguiño, que durante moito tempo seguía sendo tamén Aguiño-Carreira ou Carreira-Aguiño, coma unha comunidade unida, que pensaba nos problemas comúns e buscaba futuro para os presentes e para os seus fillos.

Esa conciencia de comunidade daba forza tamén cara a fóra. Non é o menos interesante do libro observar as relacións que Aguiño buscaba con outros pósitos ou cofradías veciñas, senón ademais con outras de máis lonxe, desta e da outra banda da nosa ría, e mesmo con outras fóra de Galicia. Con viaxes a Madrid, se facía falla. Supoño que a moitas persoas lles causará sorpresa, como ma causou a min, ver esa conciencia de verdadeira autonomía e responsabilidade comunal, con personalidade propia, disposta a relacionarse desde si mesma coas demais, reivindicando os seus dereitos e tratando de recoñecer as súas obrigacións. Mesmo se nota ben o intento de establecer unhas relacións xustas con Ribeira, a medida que esta fora medrando e collendo máis forza. Por certo, un capítulo que avanzou, pero que aínda ten moito camiño por diante.

Empecei falando dos filósofos da historia e vou rematar volvendo a eles. Porque estas últimas consideracións pola miña parte non son casualidade. Eles din que a historia deixa sempre atrás moitas cousas e moitas posibilidades que foron descoidadas, derrotadas ou simplemente esquecidas. E precisamente unha das grandes tarefas da actualidade consiste en recordalas e, no posible, rescatalas e tratar de as pór en práctica.

O libro mostra como a primeira ditadura e despois a guerra terrible, anulou moito do que estaba en marcha, debilitou a unidade e paralizou tristemente a iniciativa. Non se pode negar que Aguiño está hoxe moito máis equipado grazas ao progreso social. Naceu unha parroquia que nalgúns aspectos mesmo foi pioneira en Galicia, un excelente Grupo Escolar, atención médica permanente, unha Casa da Cultura, algúns equipos deportivos... Pero resta moito por facer.

Confeso que non son capaz de ver hoxe coa mesma forza aquela conciencia de comunidade, aquela capacidade de iniciativa unitaria, de preocupación polos máis necesitados, de emprender renovacións e afroantar proxectos de futuro para a nosa comunidade. Máis alá das institucións oficiais, non aparecen ofertas ilusionantes para os e as adolescentes e para a mocidade. É dicir, para todo aquilo que non reduza o ambiente ao que ditan a televisión e os teléfonos móbiles: mero consumismo sen ideais, sen afán de avance cultural e compromiso social.

Pero non quero ser pesimista. Trato só de expresar unha preocupación, co desexo ilusionado de que o recordo dos nosos devanceiros nos anime. Que este libro axude a espertar moitas forzas que están aí, acaso esperando que xurdan persoas e grupos que tomen o relevo. Aprendendo do pasado e recordando esas sementes que continúan aí, orixinais e fecundas, sería estupendo facelas florecer nun Aguiño capaz de seguir tomando nas súas mans o propio destino.

Andrés Torres Queiruga

INTRODUCCIÓN

UN ESTUDO DA ORIXE DO PÓSITO DE CARREIRA-AGUIÑO

O labor de investigación realizado polo profesor Bravo para a publicación desta obra foi máis aló dos traballos que leva impresos na súa xa longa traxectoria. Este aféctalle directamente polos lazos emocionais contraídos polo seu pai, de longos anos de servizo como secretario da Confraría de Pescadores de Carreira-Aguiño. Cando se lle propuxo a dita encomenda non puido negarse, pois sería como negar parte da súa infancia xogando entre as dornas de vela, pintadas de negro e branco, con nomes propios que retratan o seu patrón-armador, nuns casos, e noutros sitúan os alcumes familiares como heráldicas de estirpes mariñeiras afeitas a navegar por mares que rodean illas como as de Sálvora, Sagres, Rúa, Ons, Cíes ou que procuran o sustento diario entre os cabos San Vicente, Falcoeiro, Corrubedo e Fisterra. Esta xeografía mariña quedou impresa no ADN de Daniel, como quedou en cada unha das familias que durante xeracións responderon, e responden, á chamada do mar-océano, ben téndoo como medio de vida, ben como compañeiro non sempre mudo, doador de experiencias vitais duns profesionais que navegaron e navegan por el.

Adopta, pois, o silencio e traza paseniño o itinerario por onde comezar a investigar, recompilar documentos e logo ir ao proceso de redacción, que na maioría dos casos se sitúa como paso previo ás revisións continuas de textos, pés de foto, á comprobación de referencias unha e máis veces, ata chegar á imprenta, onde de novo se inicia todo un procedemento para dar co papel axeitado, coa maqueta apropiada, coa grafía propia, coa expresión acertada.

A conmemoración do centenario da confraría o pasado 19 de outubro do 2024 permitiu, a través da celebración do I Seminario sobre as Confrarías de Pescadores como Modelo para un Ordenamento da Pesca na Galicia do século XXI, pescudar entre os veciños máis vellos, nomes implicados na fundación do primeiro pósito, e a partir de aí tirar do fío para armar un relato histórico onde o profesor Bravo xuntou tres actores que navegan polo libro: Sálvora, Carreira e Aguiño como paisaxe silente, permitíndolle profundar na vitalidade dunha sociedade en construción e dunhas persoas dispostas a engrandecer un pobo a base de traballo, para convertelo, co paso do tempo, nun porto de baixura de referencia en todo o litoral galego e nas comunidades veciñas: Asturias, Cantabria e Euskadi, con eco nos ministerios madrileños, no momento no que a actual concepción do estado das autonomías aínda non se albiscaba.

O período investigado vai desde 1924 ate o 1944. Un período de 20 anos, quizais os máis intensos da vida desta organización pesqueira, que, segundo o seu regulamento inicial —a cuxa redacción axudou o axudante militar da Mariña de Ribeira Ángel Alvariño Saavedra—, era unha "asociación cooperativa de pescadores que persigue la completa redención de dicha clase, extendiendo la cultura entre sus asociados, estableciendo en su favor los distintos seguros sociales y explotando, sin auxilio de intermediarios, la industria pesquera". Unha entidade que cumpriu os fins para os que foi creada, dotando de mestres, médicos e medicinas os seus asociados e atendendo as familias daqueles que sufriron accidentes no mar ou buscando maneiras de axudar ás familias que perderon os seus seres queridos en naufraxios, tan comúns naqueles tempos.

Carreira e Aguiño vivirían anos máis tarde, o 8 de abril de 1945, o afundimento do pesqueiro Cartagena, segando 23 vidas, algunhas correspondentes a pais e fillos, irmáns, curmáns e veciños. Unha desgraza que 80 anos despois segue presente no discorrer da vida común das dúas parroquias.

Relata o historiador a visita de Alfredo Saralegui i Casellas —coñecido como O Apóstolo dos Mariñeiros, promotor dos pósitos, logo confrarías— a Aguiño o 27 de setembro de 1930, en calidade de secretario xeral do Instituto Social de la Marina; e o entusiasmo amosado pola veciñanza na súa recepción, ofrecida polo daquela presidente Antonio Dios Millares, veciño de Carreira, loubando o que consideraban o pai dos mariñeiros desfavorecidos.

A República, os gobernos, tanto da ditablanda de Primo de Rivera coma da ditadura de Franco, marcaron o destino dunha organización nas súas diferentes etapas. En cada unha delas, os socios responderon porque, segundo se reflectía nos seus estatutos, era "allea a toda idea política, relixiosa ou de lucro". Debería continuar da mesma maneira na actualidade. Os cabidos son representacións sectoriais da confraría; non sometidos a ningunha disciplina partidista. Neste neutralismo ideolóxico está o Santo Grial destas institucións en actual convulsión por non estar dentro do ángulo de visión da Unión Europea, que considera máis de acordo cos tempos as asociacións de produtores pesqueiros, OPP, que segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación: "constituyen un mecanismo para la estabilización de los mercados mediante ajustes entre la oferta y la demanda, así como una herramienta para garantizar la renta de los productores del sector", o que significa un distanciamento das confrarías dos órganos de decisión de Bruxelas, onde se promulga a Política Pesqueira Común, cuxo obxectivo consiste "en garantir a sostibilidade da pesca da Unión desde os aspectos medioambientais, económicos e sociais", e onde xa ten cabida a acuicultura. A tradición histórica do sector pesqueiro, achegada por unha comunidade do noroeste español, queda esquecida na Europa dos mercaderes, quizais, pola carencia de habilidades negociadoras por parte do Goberno español do momento.

Un traballo como o que aquí se pode ler representa un labor compartido con outras persoas e, neste caso, con Antonio Parada, autor das fotografías que ilustran esta edición. Son imaxes dos lugares onde os veciños das pa-

rroquias de Carreira e Aguiño pescaron, sempre e cando o mar non estivera revolto, durante xeracións e xeracións, captadas por un mariñeiro-fotógrafo con moita experiencia de pescador e mariño navegante, quen conta con algunhas exposicións fotográficas realizadas sobre temas mariños e da natureza. Parada mira desde o obxectivo das súas cámaras como mira un pescador, porque el exerceu ese oficio e esa experiencia reflíctese en cada toma. En cada clic que move o obturador.

No capítulo visual definido polo autor como "as pedras da vida" porque é aquí onde a natureza dá os froitos do mar para sustento das familias de Carreira-Aguiño, pódense apreciar instantáneas que en contadas ocasións foron obxecto de reportaxes fotográficas. Outra novidade achegada por esta publicación.

Sen o apoio e interese da confraría, esta obra non estaría nas súas mans. A conmemoración do 100 aniversario da institución pon en valor todo o que se fixo e todo o que queda inda por facer, pero tamén sitúa a cada un de nós nunha realidade histórica que non debe ser esquecida nin polos veciños de Carreira-Aguiño, nin polos do concello ribeirense. Traballar desde o coñecemento significa abrirse a horizontes ignotos e os galegos, os de Ribeira en particular, somos dados a explorar o mundo, sen ter en conta que desde o coñecemento da nosa propia historia nunca chegaremos a profundar no que somos. Este libro é o mellor remedio para esa enfermidade. Desfruten del e oxalá se poida ver a continuidade do período que queda desde o 1944 ata principios de século, porque, tal como di o autor, "de aí ata os nosos días xa é xornalismo".

Ciprián Rivas Fernández
Coordinador da edición

PROLEGÓMENO

PRECEDENTES DA PROTECCIÓN NO TRABALLO NO MAR

O espírito asociativo e cooperativista consubstancial aos pósitos de pescadores, na súa vertente orientada á protección dos homes do mar, ten o seu precedente máis remoto en contratos de asistencia médica e farmacéutica entre colectivos de pescadores e armadores con médicos, polos cales estes comprometíanse a prestar os seus servizos aos mariñeiros. Xurdiron a finais do XVIII e perduraron en moitos casos ata ben entrado o século XX, e viñan dar resposta á desprotección dos homes de mar ante as adversidades das enfermidades ou de accidentes de traballo, unha indefensión que viña castigando a estes colectivos desde séculos atrás e que en moitísimos casos deixábaos, a eles e ás súas familias, na miseria máis descarnada. Na nosa comarca coñecemos algúns destes contratos subscritos por mariñeiros de Santa Uxía, Porto do Son e a vila do Caramiñal, o máis antigo dos cales data de 1798. Estes resortes de apoio mutuo non obedecían a un proxecto elaborado nin a obxectivos programados a medio ou a longo prazo. Simplemente, os mariñeiros precisaban asegurar a asistencia para facer fronte ás desgrazas humanas que periodicamente cobraba a vida no mar, por iso é polo que fosen iniciativas de carácter esporádico, desganduxado e sen continuidade.

Os seus protagonistas eran colectivos de mariñeiros, patróns de pesca e armadores, nalgúns casos representados por directivos ou cargos dos gremios de mareantes: cabos do gremio do mar, celadores, etc. e case sempre á marxe das institucións públicas. Exemplos serían os contratos asinados en 1798 por Baltasar González e "*dezaoito mariñeiros matriculados*[1]" con D. Andrés Antonio Costoya "*médico que dixo ser aprobado polo Real ProtoMedicato*", o do celador Juan Ignacio Bouzas e outros "*trinta mariñeiros matriculados e patróns das súas lanchas...*" en 1800[2], con D. Luís Villa Mariño, "boticario, veciño da vila do Caramiñal", ou o rubricado por Juan Sampedro e vinte

1 Arquivo Notarial de Noia (ANN), hoxe no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), escribán Ruperto Federico Villarino Bermúdez de Castro, Protocolo 1798, escritura do 18/02/1798).
2 ANN (en AHUS), escribán Ruperto F. Villarino B. de C., Protocolo 1800, escritura do 10/03/1800.

e catro pescadores en 1810[3] con D. Manuel Jacobo Fernández, "*médico titular veciño da vila do Caramiñal*", todos eles do porto de Santa Uxía. Estes contratos poñen de relevo un notable espírito asociativo e solidario no mundo mariñeiro da comarca de Barbanza xa naqueles tempos. O seu principal obxectivo era asegurarse os servizos médicos para eles e as súas familias e, menos frecuentemente, tamén os farmacéuticos, como foi o caso do asinado entre o D. Luís de Villa Mariño e varios mariñeiros de Ribeira en 1800 para cubrir a subministración de "*drogas*".

Os facultativos obrigábanse a: "*...asistir en todas as enfermidades e achaques que padezan así os outorgantes como os individuos das súas casas, e en igual forma hao de facer cos compañeiros que tripulan as súas lanchas de pesca, como tamén a mulleres, viúvas e fillas de matriculados desta veciñanza que nas propias lanchas levasen algúns aparellos, atendéndolles sen que experimenten a máis leve falta...*"; e no caso do boticario Luís de Villa "*... halles de dar e franquear toda a medicina así interna como externa que necesiten e fóselles determinada polos facultativos para eles, os seus familiares e os seus tripulantes, sendo de primeira calidade...*".

Os contratos especificaban unha serie de condicións: a duración, un ou dous anos, aínda que case sempre se deixaba aberta a posibilidade dunha prórroga; a obrigación do doutor de pasar a noite na localidade "*... a cuxo fin ha de vivir continuamente neste pobo, sen que durma fora...*"; o compromiso de atender incluso fóra dos límites da poboación "*... Se algún matriculado enferma fora do pobo, con tal de que non se ache a máis distancia de Corrubedo ou A Poboa, así mesmo terá que asistir...*" etc.; a periodicidade das visitas médicas, unha vez ao día aos enfermos encamados e en casos de gravidade dúas veces por xornada, facendo sempre mención expresa á puntualidade.

3 ANN (en AHUS), escribán Ruperto F. Villarino B. de C., Protocolo 1810, escritura do 10/02/1810. Do mesmo teor serían outras escrituras asinadas por colectivos de Ribeira, Coto de Deán e Coto de Martín o 22/03/1815 e o 28/11/1815 con José García Mariño, cirurxián veciño de Palmeira, Joaquín García Mariño, "flebotomista" veciño de Carreira (RF Villarino B. de Castro, Protocolo de 1815), e a Xustiza e Rexemento da vila do Caramiñal co médico xa citado, D. Andrés Antonio Costoya, o 2/06/1813, AHUS, escribán Alonso Martínez, Protocolo de 1813.

Mesmo en ocasións pactáronse servizos complementarios, como cando os mariñeiros de Ribeira e o médico do Caramiñal D. Manuel Jacobo Fernández acordaron en 1810 que o facultativo encargaríase de "buscar un sangrador, curar queimaduras e chagas, e realizar intervencións cirúrxicas se fose preciso...".

A cambio, os "asegurados" abonaban uns honorarios que oscilaban entre 60 e 100 reais por lancha aos médicos, aproximadamente un 15% dos beneficios anuais dunha embarcación de tamaño medio, mentres a subministración de botica era moito máis cara: 120 reais ao ano.

Todos estes contratos concertáronse nun contexto no que seguían vixentes os Gremios do mar, de orixe medieval, que atoparon nas confrarías relixiosas dos núcleos costeiros unha forma eficaz de protexerse fronte a colectivos alleos, e a matrícula do mar[4] , sistema de recrutamento de mozos mariñeiros que xorde en 1737 co fin de subministrar tripulantes aos navíos da Real Armada a cambio de reservarlles en exclusiva as tarefas pesqueiras aos mariñeiros alistados na matrícula.

Aínda que a supresión dos gremios do mar en 1864 e da Matrícula do mar en 1873 sen dúbida minguou a protección da clase mariñeira, contratos deste tipo subsistiron ata ben entrado o século XX protexendo a pequenos colectivos, e coexistiron durante décadas cos primeiros organismos públicos —Caja Central de Crédito Marítimo, ISM, Caja Nacional de Seguros Sociales de los Pescadores etc.—. As populares "Igualas" médicas serían a máis comparable das formas de supervivencia daqueles antigos seguros mariñeiros.

4 Reais decretos do 10 de xullo de 1864 e do 22 de marzo de 1873, respectivamente.

CAPÍTULO 1

MOTIVOS DA CREACIÓN DOS PÓSITOS DE PESCADORES

A creación dos pósitos de pescadores viña responder, por unha banda, ás paupérrimas condicións de vida dos pescadores, e aos fundados temores que suscitaba un sindicalismo moi activo entre autoridades e empresarios nas dúas primeiras décadas do século XX. A isto hai que sumar un terceiro factor, a aparición no escenario pesqueiro dunha figura singular, o ferrolán Alfredo Saralegui Casellas, que poñería en marcha a proposta principal, e a única que se puxo en práctica, para mudar esa situación.

As condicións de vida e traballo dos mariñeiros. Non cambiaran demasiado con respecto a tempos anteriores. A pesar da introdución do capitalismo no mar, que significou a modernización do sector pesqueiro nas décadas finais do século XIX como sinala J. Giráldez[1] —capitalización do sector, incremento de recursos humanos[2] e económicos, crecemento case exponencial da produción, introdución de barcos de vapor, etc.—, moitos deses cambios foron en detrimento das artes de pesca tradicionais e non beneficiaron precisamente aos mariñeiros, unha parte importante dos cales víronse inmersos nun "proceso de proletarización", como apunta Manuel Morales[3]. Deste xeito, a vida dos pescadores continuou definida pola precariedade: salarios miserables[4] insuficientes para o sustento familiar, analfabetismo, estacionalidade dun traballo sempre condicionado pola meteoroloxía, temporais non predicibles cos medios tecnolóxicos de entón, desprotección total ante accidentes e naufraxios etc., de modo que a morte ou discapacidade dun pescador significaba a ruína familiar.

1 GIRÁLDEZ RIVERO, J. (1991), «Fuentes estadísticas y producción pesquera en España (1880-1936): una primera aproximación», Revista de Historia Económica, IX, núm. 3, páx. 529.
2 Segundo este autor, de 1892 a 1912 o número de pescadores pasou de uns 65.000 a 93.000, un incremento dun 55%, e a produción pesqueira española pasou dunhas 82.000 toneladas a unhas 134.000. Ibidem, p. 519 y 529.
3 MORALES MUÑOZ, Manuel (2001): Los Pósitos de Pescadores en la Costa del Sol Occidental, 1920-1937. Cilniana: Revista de la Asociación Cilniana para la Defensa y Difusión del Patrimonio Cultural nº 14, 2001, páx. 98.
4 En conferencia pronunciada en 1925 en San Sebastián, Alfredo Saralegui denunciaba: "puede asegurarse que ningún trabajador del país cuenta con ingresos más mezquinos que los pescadores". Asamblea de la Pesca Marítima Vasca, Recompilación de Traballos, Edit. Sociedad de Estudios Vascos, Imprenta de la Deputación de Guipúscoa, San Sebastián, 1927, páx. 291

Bo número de autores mencionan o desenlace fatal da galerna que azoutou as costas vascas a noite do 12 ao 13 de agosto de 1912 segando as vidas duns 150 pescadores, como punto de inflexión que, como dí Raúl Gutiérrez, "puxo de manifesto, da maneira máis crúa e terrible, a falta dun sistema de protección que amparase aos sobreviventes e aos seus familiares[5]". Pero sucesos deste tipo foron traxicamente frecuentes tamén nas nosas costas: só nos temporais de decembro de 1910, un mes extremadamente violento, Faro de Vigo e La Voz de Galicia rexistraron un bo número de naufraxios coas desgrazas persoais e ruína familiar consecuentes: o quechemarín Juan Federico o día 5 en Ribeira; a draga Saturno no porto da Coruña o día 9; o vapor alemán Palermo a noite do 10 ao 11 nos baixíos de Corrubedo; o día 14, o bou de pesca Segundo a poucas millas da Coruña, e o 18 o vapor de pesca Recuerdo en Sálvora "por un temible golpe de mar", por poñer só algúns exemplos, e desde o día 10 Faro de Vigo creou a sección titulada específicamente "Temporales"[6], que daba conta deste tipo de avatares.



Xente de Aguiño sol, mar, vento e salitre.
Foto Antonio Parada.

5 GUTIÉRREZ, Raul: "100 años protegiendo a las gentes del mar". Revista da Seguridade Social, 9/10/2019, páx.
6 La Voz de Galicia e Faro de Vigo, números do 1 ao 31 de decembro de 1910.

Temor ao activismo obreiro. É outra das motivacións que destacan, non sen razón, autores actuais como Carmen F. Casanova e Alberto Ansola, e no seu tempo, o propio Saralegui, que falaba da "... conveniencia y aún necesidad de evitar, siempre que sea posible, la lucha entre los dos elementos básicos de la producción, el capital y el trabajo[7]...".

Desde 1900, a actividade sindical en Ribeira foi moi potente por mor do conflito entre "xeiteiros" —a inmensa maioría de pescadores— e "traiñeiros", polo medo daqueles a perder o seu medio de vida, o que lles levou a crear as primeiras sociedades de resistencia: de xuño a decembro do ano que estreaba o século fundáronse no noso municipio a Asociación de Mariñeiros de Riveira, a Asociación de Mariñeiros de Palmeira, a Sociedad Marino Obrera de Palmeira, a Asociación de Mariñeiros de Carreira e a Asociación de Mariñeiros de Corrubedo, ás que cabería engadir a Sociedad de Obreros Agricultores de Riveira[8].



Pescadores de Aguiño repoñendo forzas. Foto Antonio Parada.

7 En ANSOLA FERNÁNDEZ, Alberto: Una pesca feliz. Alfredo Saralegui y sus pósitos de pescadores (1915-1936). Historia Social, 2007, nº 57, p. 16., e do mesmo autor: Los pósitos de pescadores. Una inusitada aventura reformista (1917-43). Edit. UC, Santander, 2021, páx. 25.

8 Segundo Carmen F. Casanova, entre 1899 e 1909 establecéronse"..29 sociedades mariñeiras desde Corme a Miño: Bouzas, Cangas, Moaña, Domaio, Pontevedra, Marín, Meira, Baiona, Ribeira, Cabo de Cruz, Palmeira, Fisterra...". FERNÁNDEZ CASANOVA, Carmen: Los Pósitos de pescadores: la vida del pósito de Moaña a través de las memorias de Costa Alonso, (1921-1939). "Cadernos de Estudos Galegos", tomo XLVI, fascículo 111, Santiago, 1999, páx. 151.

A intensísima actividade sindical provocou momentos de tensión extrema: entre o 18 e o 20 de setembro de 1901, os mariñeiros do "xeito" tentaron queimar un almacén de salgadura en Ameixida (Castiñeiras), tres factorías en Ribeira e outra en Insuela (Palmeira); o 18 de xaneiro de 1902, "mans criminais" colocaron unha bomba na casa do arrendatario de Consumos; sucesos similares ocorreron o 23 de agosto de 1902 en Ribeira e o 28 de novembro de 1903 en Palmeira; o 24 de xuño de 1905 lanzaron dúas bombas contra a casa do comerciante Antonio Fernández e cinco días despois voaron con dinamita unha lancha "traiñeira" en Castiñeiras, etc. Desde 1908 xurdiron novos conflitos entre "traiñeiros" e mariñeiros de barcos que pescaban á "ardentía" ou "escurada", entre os pescadores que utilizaban a dinamita e os que non, etc. A virulenta conflitividade social levou as autoridades a disolver estas sociedades en maio de 1909.

A segunda década de século foi parecida. Á vez que se constituían sociedades de resistencia en portos das rías baixas meridionais, como as alianzas mariñeiras de Marín, Cangas e Moaña, ou o adianto mariñeiro en Bueu, citadas por Fernández Casanova[9], desde 1917 tamén en Ribeira os baixos salarios, a inflación, o paro e a fame promoveron o xurdimento de sociedades sindicais máis potentes que as de principios de século, como La Estrella Polar de Corrubedo (1917) e, sobre todo, La Sociedad Benéfica Obrera La Necesaria (1919) e o Sindicato General de Traballadores (1920), esta última na órbita do socialismo uxetista. Os altercados xeneralizáronse: en agosto de 1917 apedraron a fachada da igrexa de Corrubedo, subiron ao campanario da de Ribeira a tanxer as campás a rebato, o que obrigou o alcalde a solicitar presenza militar; en xaneiro de 1918, manifestacións "tumultuarias" puxeron en xaque o alcalde Pepe Martínez, e o 4 de febreiro, outra manifestación "en actitude hostil" puxo cerco á casa do rexedor. Do 13 ao 20 de setembro, o sindicato La Necesaria desatou unha folga xeral: os seus asociados manifestáronse polas rúas, obrigaron a pechar comercios e fábricas, "xente mariñeira con motivo da folga xeral

9 Ibidem, páx. 152.

anda armada de coitelo, manoplas e pistolas para ameazar as persoas que non secundan o paro". En 1920 producíronse dous atentados no municipio: o 17 de maio, unha bomba destruía parte do teitume da factoría do alcalde Pepe Martínez Fernández; e o 17 de decembro varios pistoleiros dispararon contra o automóbil do deputado liberal da Pobra do Caramiñal Ricardo Gasset Alzugaray sen conseguir o seu obxectivo, aínda que feriron o "chauffer".

Tratábase, polo tanto, de conter e canalizar esta violenta e perigosa deriva sindical por medio de cooperativas de pescadores fomentadas polo propio Estado.

Unha figura providencial: Alfredo Saralegui Casellas. Á esta situación de miseria xeneralizada entre os pescadores tentaron dar resposta algunhas propostas reformistas, a máis importante das cales —e a única que se poría en práctica— sería a do ferrolán Alfredo Saralegui, unha proposta que se concretou na creación dos pósitos de pescadores a partir de 1917.

Suficientemente glosada por numerosos autores, e singularmente por Sánchez Blanco[10], limitarémonos aquí a esbozar un breve perfil sobre a figura deste visionario que levou a cabo un labor que resultou transcendental na revolución que supuxo a aparición destas entidades no litoral español e, de xeito especial, en Carreira/Aguiño.

Ingresado na Armada desde moi novo, na segunda década do século XX Alfredo Saralegui traballou como axudante de mariña en varias localidades costeiras —Benidorm, Bermeo, Lekeitio, Almería etc.—, onde tentou promover algunhas sociedades cooperativas de pescadores, levando así á práctica aquelas inquedanzas sociais que sentira desde a súa mocidade.

10 Sánchez Blanco, Jerónimo, Historia del Crédito Social Pesquero, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Madrid, 1992, páx. 15 e ss.

En 1917, xa vinculado ao Ministerio de Mariña, o tenente de navío Saralegui pasou como agregado dese departamento á Dirección Xeral de Navegación e Pesca, onde comezou a colaborar no Boletín de Pesca e onde publicaría o seu Regulamento do Pósito Pescador.

Por eses anos, emprendeu un esforzado labor persoal percorrendo os portos pesqueiros do litoral español, promovendo as súas propostas e concienciando a pescadores e armadores das bondades da creación de pósitos. Todo iso ao mesmo tempo que despregaba enormes esforzos nos despachos do Ministerio de la Marina para convencer os seus dirixentes. Estes afáns frutificaron en 1919 coa creación da Caja Central de Crédito Marítimo adscrito ao Ministerio de la Marina, que en 1930 se convertería en Instituto Social de la Marina e que pasou pouco despois ao Ministerio de Trabajo y Previsión Social, organismos nos que se fixo cargo da súa dirección como secretario xeral de ambos, e a través dos cales promoveu, regulou e financiou os novos entes de pescadores en toda España.

Cos seus acertos, ás veces relativos como subliña Ansola, e tamén cos seus deméritos, todo o seu labor no mundo da pesca converte a Saralegui no principal impulsor da política social, do asociacionismo e da protección do colectivo dos pescadores españois nas décadas de 1920 e 1930.

Filántropo, humanitario, benfeitor, "apóstolo dos pescadores", etc., que de todas estas formas se lle cualificou no seu día, Saralegui foi un personaxe esencial e insubstituíble —en especial, no caso de Aguiño— na difusión da cultura e a formación profesional pesqueira, na atención médica, no fomento do cooperativismo e na protección social entre as familias dos pescadores. Sen dúbida, os numerosos pósitos por el creados puxeron tamén os alicerces imprescindibles para a existencia das actuais 63 confrarías de pescadores en Galicia e das 196 que hai en todo o litoral español.

CAPÍTULO 2

OS PÓSITOS EN ESPAÑA. RIBEIRA E CARREIRA/AGUIÑO

Os pósitos en Ribeira e Carreira/Aguiño. Para abordar o seu estudo, é preciso dar unha breve pincelada previa sobre a situación demográfica da parroquia de Carreira, á que pertencía o lugar de Aguiño, e a do propio municipio nas primeiras décadas do século XX.

PRIMEIRAS FAMILIAS FUNDADORAS DE AGUIÑO

Estas dúas listaxes de familias inclúen só as asentadas na zona do porto, o que hoxe se denomina coloquialmente "Ajiño de Vés". Non se inclúen as residentes en Couso e Listres, lugar entón relativamente apartado e illado do núcleo aguiñense e que xa estaba poboado anteriormente.

1984

Nome cabezas familia	Idade	Profesión	Fillos	Membros familia
Domingo Regueira Paz e Josefa Parada Reiriz	56 57	Carpinteiro Gob. casa	6	8
Manuel Hermo Vidal e Flora Teira Crujeiras	28 28	Pescador Xornaleira	3	5
TOTAL FAMILIAS EN 1894: 2			TOTAL:	13

1900

Nome cabezas familia	Idade	Profesión	Fillos	Membros familia
Andrés Sampedro González e	25	Pescador	-	2
Amalia Ayaso Silva	24	Gob. casa		
Ángel Arnoso Pérez[1] e	34	Pescador	4	6
María González Rey	32	Xornaleira		
Antonio Álvarez Vilar e	31	Pescador	2	4
Dolores Torres Casais	29	Gob. casa		
Domingo Regueira Paz e	55	Carpinteiro	6	8
Rosa Parada Reiriz	56	Xornaleira		
José Fernández Dios e	30	Pescador	2	4
Rosa Sampedro Freire	29	Gob. casa		
Ángel Rey García e	33	Pescador	1	3 + 1
Josefa Paz Millares	35	Gob. casa		
Manuel Sampedro González e	38	Pescador	1	3
Carmen González Rey	31	Xornaleira		
Miguel Paz Millares e	30	Pescador	3	5
Manuela Pérez Ayaso	30	Xornaleira		
Miguel Sampedro Freire e	39	Pescador	3	5
Tomasa Álvarez	40	Gob. casa		

1 Nacido en Segovia.

Pelayo Parada e Josefa Fernández	56 53	Pescador Gob. casa	3	5
Salvador Reiriz e Mª. Cruz Santamaría	30 30	Xornaleiro Xornaleira	2	5 + 1
TOTAL FAMILIAS EN 1900:		11	TOTAL:	51

Desde a Idade Media ata mediados do século XVIII, a parroquia de Carreira fora a máis importante entidade de poboación nas terras do actual concello ribeirense e no preludio do século XX continuaba sendo o segundo núcleo en importancia só por detrás da capital: Santa Uxía. Practicamente despoboado durante moitos séculos, Aguiño, pola súa banda, formaba parte daquela vella parroquia da que seguía sendo un dos seus lugares menos poboados, tal e como podemos observar nas listaxes de primeiras familias poboadoras e no cadro I do seguinte capítulo. E sería precisamente en Carreira/Aguiño onde xurdiría, a mediados dos anos vinte, un dos pósitos de pescadores que máis prosperaron nas décadas vindeiras.

O arranque dos pósitos. Nados baixo o impulso de Alfredo Saralegui Casellas, gran mentor destas entidades en toda España, os dous pósitos precursores creáronse en 1917: primeiro o de Cambados, o 17 de decembro, co nome de "Pósito da Ría de Arousa", e só uns días despois, o de Teis/Vigo, de vida efémera.

A súa difusión posterior polo litoral galego foi moi desigual e o mesmo cabe dicir do litoral nacional. Algúns autores teñen dito que desde aquí —Cambados e Teis— se expandiron polas rías de Arousa e Muros, e máis tarde polas de Pontevedra, Vigo e norte de Galicia. O certo é que na ría de Vigo a expansión foi moi temperá e rápida,

e entre 1917 e 1921 case todos os portos relevantes tiñan xa o seu pósito: Teis en 1917, Vigo en 1918, Cangas, Moaña, Baiona, Bouzas e Redondela en 1921. Pero na ría de Arousa o proceso foi máis aleatorio e, en termos xerais, máis pausado: tras o de Cambados creáronse consecutivamente os de Rianxo e Vilaxoán en 1919, Vilanova de Arousa, a Illa de Arousa e Vilagarcía en 1922, O Grove en 1923, Riveira, Corrubedo, Carreira/Aguiño, Caramiñal, Cabo de Cruz e Escarabote en 1924. Finalmente, na ría de Muros/Noia o primeiro sería o de Muros en 1919, Esteiro en 1921, os de Porto do Son, Portosín e o de mariñeiros de Noia en 1923, e o de pescadores de Noia en 1924[2]. En calquera caso, pódese afirmar con Carmen F. Casanova que en liñas xerais os pósitos galegos incrementaronse durante a ditadura de Primo de Rivera, e ao inicio da República había 50 integrados na Federación Gallega de Pósitos Marítimos[3].



Almacén de Ferrer Marlés. Os primeiros edificios de Aguiño non foron vivendas, senón salgaduras, como esta en Couso, primeira factoría levantada.

2 ANSOLA FERNÁNDEZ, Alberto (2021), pp. 136 e ss
3 FERNÁNDEZ CASANOVA (1999), p. 153.

CADRO II: PÓSITOS GALEGOS ENTRE 1917 e 1929[1]

ANO	NÚMERO	PORTO
1917	2	Cambados e Teis (Vigo)
1918	1	Vigo P
1919	2	Muros e Rianxo
1920	0	
1921	9	A Guarda, Aldán/Hío P, Baiona, Bouzas, Cangas, Esteiro, Moaña Redondela e Vilaxoán
1922	5	Illa de Arousa, Lira, Mugardos, Vilagarcía M e Vilanova de Arousa
1923	13	Burela, Cariño, Cedeira, Celeiro, Fisterra, Malpica, Marín, Miño, Noia M, O Grove, Pontedeume, Porto do Son e Portosín
1924	13	Bueu, Caión, Caramiñal, Carreira/Aguiño, Corme, Corrubedo, Laxe, Louro, Noia P, Pontecesures, Porto Novo, Ribeira e Vigo M
1925	5	Abelleira, Cabo da Cruz, Corcubión, Rinlo e Vilalonga
1926	5	Aldán-Hío MT, Escarabote, Lariño, Pindo e Sada
1927	5	A Coruña, Beluso, Ferrol, Mera e Vigo Progreso
1928	0	
1929	2	Foz e Muxía

Os pósitos do municipio de Ribeira terían que esperar ata 1924 e serían auspiciados polo axudante de mariña de Ribeira D. Ángel Alvariño Saavedra[2], devoto seguidor de Saralegui, aínda que os pasos previos á súa creación

1 Elaboración propia con datos tomados de ANSOLA FERNÁNDEZ (2021), pp. 136 a 140. Os nomes co engadido P son pósitos de pescadores; M, son de mariñeiros —incluídos os de altura e transporte—; e MT, son marítimo-terrestres. Os demais son todos de pescadores.

2 Sería estratexia habitual en Saralegui recorrer aos seus colegas Axudantes de Mariña, que adoitaban ter influencia entre os pescadores, para poñer en marcha as primeiras asociacións de pescadores nestas etapas iniciais, sobre todo en portos pequenos. ANSOLA FERNÁNDEZ, Alberto (2021), páx. 100.

producíronse durante os dous anos anteriores, mercé ao labor de concienciación desenvolvida por Alvariño entre os pescadores locais. En cada un dos portos, Alvariño contactou con pescadores e pequenos armadores, e pacientemente convenceunos da bondade do proxecto de Saralegui, salvando reticencias e desconfianzas. Recorreu tamén, como fixeron outros colegas noutros pequenos portos, ao apoio dos mestres nacionais locais, e aos poucos foi callando o proxecto.

No caso de Aguiño, a primeira das actas evidencia este labor de zapa coa presenza de varios pequenos propietarios de barcos, que logo xogarán o papel de presidentes ou directivos das sucesivas Xuntas de Goberno —Andrés de Dios, Andrés Pérez Campos, Manuel Gude Sampedro, José González etc.—, e varios mestres como Nicolás Filgueira, Eduardo Somoza González ou o mesmo Pedro Malillos Blanco, que exercía na capital municipal, onde tamén contribuíu á creación do Pósito de Ribeira.

O proxecto foi madurando e o 3 de setembro de 1923, o axudante Alvariño dirixíase ao alcalde manifestando a súa intención de implantar un deses "organismos" en Ribeira, ao que o primeiro edil contestaba o día 6: "Práceme manifestarlle a satisfacción con que ve esta Alcaldía os traballos que realiza para crear nesta Cidade un gran Pósito de Pescadores, dadas as inmensas vantaxes que para a clase mariñeira representa, polo cal teño o gusto de ofrecerlle a miña humilde cooperación, tanto oficial coma particularmente[3]".

Este labor culminou coa creación o 11 de xuño de 1924 dunha Comisión encargada de organizar a creación do Pósito de Carreira/Aguiño formada por:

- Presidente: o axudante Ángel Alvariño
- Secretario: Castor García Sampedro

3 Arquivo Municipal de Ribeira (AMR). Libros Rexistro de Saídas de Correspondencia (en diante LRSC) 1923, saída 481, fol. 134.

· Vogais: Andrés Pérez Campos, Juan Rey García, Andrés de Dios, Ángel Monteagudo e Salvador Reiriz.

Durante os meses seguintes, a Comisión foi finalizando o seu proxecto de Regulamento do Pósito, tomando como referencia o Regulamento-tipo que puxo á súa disposición Alfredo Saralegui desde a Caja Central de Crédito Marítimo e que cada novo organismo podía retocar á súa conveniencia.

Finalmente, creouse non un "Gran Pósito", como dicía o alcalde en funcións, Ricardo Pérez Fernández —por falecemento do titular Emilio Colomer Soler—, senón tres: os de Ribeira, Corrubedo e Carreira-Aguiño, o que ao final favoreceu os mariñeiros de Carreira, que doutra forma quedasen diluídos nesoutro "gran pósito" de ámbito municipal no que estarían en minoría. Deste xeito, o de Aguiño puido configurar a súa propia personalidade, única e diferenciada dos demais de Galicia e mesmo de España. Este carácter singular veu da man de que Aguiño era unha entidade veciñal de nova creación, moi pouco poboada como xa dixemos, que por iso durante os 25 primeiros anos do século XX permanecera en total abandono por parte das autoridades locais e provinciais, e que carecía de case todo: instrución pública, atención médica, protección social, iluminación pública, trama urbana etc., servizos nos que o Concello de Ribeira e as autoridades provinciais puxéranse de perfil e as súas achegas foran practicamente nulas[4] .

Será o Pósito de Carreira/Aguiño o que substuiría ao Concello e á Deputación Provincial neses mesteres e obrigacións, e a partir de entón a vida de Aguiño xirou en torno, primeiro do Pósito de Pescadores, e a partir de 1944 da súa Confraría de Pescadores.

4 A realidade de Carreira era diferente xa que dispoñía de escola desde 1860, trama urbana elemental, comunicacións coa capital municipal, iluminación pública, atención médica, etc.



Os primeiros edificios de Aguiño non foron vivendas, senón salgaduras, como a de Couso -a mais antiga- levantada por Ferrer Marlés ou como esta de Couso,levantada ao pé da praia da Catía levantada cara a 1865, da que aínda quedan os seus restos espallados pola praia.

Desde a súa creación en outubro 1924, a nova entidade social abordou as tarefas de establecer as primeiras escolas, contratar médicos, seguros para os mariñeiros ata entón desamparados, solicitar das autoridades a construción de ramplas de varada de embarcacións, defender as terras de uso común fronte a usurpacións, etc., o que lle confire ese carácter tan peculiar. De todos os que se crearon en Ribeira,o de Aguiño sería o que máis intensamente se implicaría na sociedade local, moito máis quecalquera dos outros tres, e probablemente máis que ningún outro en toda Galicia e no resto do litoral nacional polo seu carácter de poboación nova con todo tipo de necesidades por cubrir. A el afiliáronse en masa todos os pequenos armadores, pescadores e xente humilde de Aguiño[5], e a todos acolleu non seu seo, de modo que nas seguintes décadas constituíuse non seu organismo local por antonomasia, o máis representativo e o que mellor defendeu intereses das súas xentes. Esta implicación fai difícil establecer unha liña de separación entre o pósito e o propio pobo aguiñense. Por iso, desde a súa creación, falar da historia do Pósito de Pescadores de Carreira/Aguiño e falar da historia de Aguiño, é case o mesmo. E niso reside, precisamente, a súa orixinalidade.

5 En Ribeira non parecen darse as hostilidades entre pósitos e outras asociacións de mariñeiros, ou polo menos non hai referencias documentais, como aconteceu en Cangas ou Moaña cando aqueles botaron a andar. Vid. C. F. Casanova (1999), pp. 153, 154 e 160.

CAPÍTULO 3

FUNDACIÓN DO PÓSITO DE CARREIRA/AGUIÑO. ORGANIZACIÓN INTERNA E CREACIÓN DE SECCIÓNS

A REALIDADE DE AGUIÑO ANTES DO PÓSITO

A condición de lugar despoboado e o seu poboamento tardío quedan perfecta e cuantitativamente reflexados no cadro I. Entre 1894 e 1917, en case 25 anos, apenas gañou 500 habitantes. Como en épocas anteriores, homes e mulleres seguían a residir na propia Carreira, desde onde se desprazaban os mariñeiros para traballar na pesca no mar e as mulleres, nas factorías de salgadura levantadas ao longo do século precedente.

CADRO I: POBOACIÓN DE 1894 a 1930

ANO	AGUIÑO	SÁLVORA	CARREIRA	RIBEIRA	MUNICIPIO
1894	71	53	2.306	3.312	10.644
1900	177	74	2.538	4.002	12.218
1906	240	60	2.797	4.517	13.253
1910	437		2.994	4.760	14.228
1917	574	82	3.290	6.185	16.747
1930	1.022	73	3.631	6.037	16.870

Compoñían a frota pesqueira de Aguiño e Carreira a comezos do novecentos pouco máis dun centenar de barcos, dos que uns corenta eran lanchas "xeiteiras", e a gran maioría eran dornas. As 300 embarcacións que segundo a acta de pleno do 14 de novembro de 1909 "... se gorecen na punta de Aguiño, preto da illa de Sálvora", antóllansenos unha evidente esaxeración para apremar ás autoridades a construción do peirao de abrigo que tanto necesitaban, en cuxo contexto inscríbese esa frase. Así o testemuñan as fotos de embarcacións varadas na

praia ou fondeadas na enseada en aquela época, e mesmo parece unha cifra excesiva se se inclúen embarcacións foráneas temporalmente desprazadas a Aguiño.

Dornas. Foi ata finais de século XIX o único tipo de embarcación existente en Aguiño. Diferentes fontes —Catastro de Ensenada de 1753 ou testemuñas de ilustrados como Cornide— sinalan que no século XVIII había en Carreira/Aguiño unha frotiña dun medio centenar de "barquitos pequeños o dornas que solo sirven para pescar pulpo, lo que ejecuta en cada una un hombre y un muchacho", ás que estimábase un beneficio de 200 a 300 reais "por los tres meses del año en que entran a pescar al mar". Habería que esperar a mediados do século XIX para ver as primeiras dornas xeiteiras.

A principal dedicación desta frota era a pesca de sardiña, que executaban as lanchas "xeiteiras" coas redes que daban nome a estas embarcacións: a sardiña do "xeito" fornecía a materia prima das fábricas de salgadura de Aguiño. Pola súa banda, as dornas dedicábanse fundamentalmente á pesca do polbo coa raña (utilizando nécora como cebo), e á pesca con anzol e cordel de especies como maragota, pinto, faneca, congro, badeixo, solla, etc.

A captura de marisco se limitaba case exclusivamente á lagosta (palinurus elephas) e bogavante (homarus gammarus), mentres outros mariscos entón pouco prezados, como ameixas, nécoras, etc., destinábanse máis ben a consumo propio. Aplicábanse á pesqueira da lagosta as lanchas "xeiteiras" mediante artes como miños, nasas e, en menor medida, rascos —aparellos que non cabían nas dornas—, agás nos meses de veda que ían do 1 de agosto ao 31 de decembro. Este oficio daba ocupación a una frotiña de máis de vinte embarcacións lagosteiras,

según aseguraba en agosto de 1901 o alcalde de Ribeira ao comandante de mariña de Vilagarcía: "No porto de Carreira deste Concello dedícanse á pesca da lagosta unhas vintetantas embarcacións, e segundo manifestan os patróns dalgunhas das mesmas respectan a veda que empeza en primeiro do corrente", cifra que dá idea da súa abundancia por aqueles tempos. Sen dúbida, a pesca destes crustáceos é o precedente máis claro da dedicación actual case exclusiva da Confraría de Aguiño aos mesteres marisqueiros.



Lagostas en Sálvora en 1958. Foto cortesía de Antonio de Caneda "Antonio de Sálvora", reproducida do original por Antonio Parada.

A FUNDACIÓN DO PÓSITO

O infatigable esforzo de Alvariño ao longo de 1924, da que xa falamos, sacou á luz non só un Regulamento Xeral de funcionamento do Pósito de Carreira/Aguiño en 69 artigos, senón tamén outros regulamentos "especiais" para cada unha das seccións que se prevía crear: os Regulamento da Sección de Socorros Mutuos (10 artigos), da Sección Venda dos Produtos da Pesca (10 artigos), da Sección Cultural (19 artigos), da Sección Caja de Crédito (31 artigos) e da Sección Montepío (10 artigos). Estes regulamentos definirían a estrutura organizativa interna da entidade que se pretendía crear.

Na sesión do 13 de setembro de 1924, a Comisión acordou enviar dous exemplares dos regulamentos ao gobernador civil da provincia "para os efectos da Lei de asociacións, debendo un deles ser recollido coa nota de presentación para que obre nesta Sociedade", e o Goberno Civil deuno por presentado o 11 de outubro de 1924. Cos regulamentos aprobados na man, convocouse pouco despois a primeira asemblea á que se convidou a participar a todos os pescadores e armadores de Carreira/Aguiño.

Caja Central de Crédito Marítimo (CCCM): organismo do Ministerio de Mariña creado por R. D. do 19 de outubro de 1919 a imaxe da Caja Central de Crédito Agrícola (1917) e promovido por Alfredo Saralegui, o seu secretario xeral ata 1930, cando pasou a converterse en Instituto Social de la Marina. Como máximo órgano reitor destas asociacións de pescadores, encargaríase de fomentar a creación de novos entes, supervisar a súa organización e bo funcionamento, así como financiar mediante créditos e subvencións as seccións Cultural, Socorros Mutuos, Cooperativas, etc. que se foron creando no seu seo co obxectivo de redimir a penosa situación dos pescadores.

O Pósito de Pescadores de Carreira/Aguiño comezou a súa andaina o 19 de outubro de 1924, data da primeira asemblea celebrada co fin de constituír a nova sociedade. Sería presidida polo axudante de mariña de Ribeira Ángel Alvariño Saavedra e a acta daquel conclave, a nº 1 dos Libros de Actas comeza dicindo: "Na parroquia de Carreira ás doce horas do día dezanove de outubro de mil novecentos vinte e catro reuníronse no local nº 171[1] da rúa Campos os señores anotados á marxe e gran número de pescadores, con obxecto de constituír a entidade Pósito de Pescadores de Carreira. Unha vez lido o Regulamento aprobado polo gobernador civil da provincia, convidouse a todos os presentes que o desexasen a inscribirse como socios, facéndoo en número de cento doce".

Neste colectivo de socios fundadores, que coas súas respectivas familias poderían sumar máis de medio milleiro de persoas, atopábanse pescadores, xornaleiros, armadores de pequenos barcos —únicos que había entón en Aguiño, dornas aparte—, pero tamén mestres, que en curto prazo de tempo pasarían a desempeñar un papel moi relevante como secretarios e asesores da entidade. A gran maioría destes primeiros socios localizábanse xeograficamente nos lugares de Aguiño, Vixán e Vilar.

ASISTENTES Á ASAMBLEA FUNDACIONAL:

Á marxe desta primeira acta fundacional se consignan os nomes seguintes:

D. Ángel Alvariño Saavedra	D. José Dios Santos
D. Pedro Malillos Blanco	D. Francisco Fernández
D. Eduardo Somoza González	D. Juan Rey García
D. Nicolás Filgueira	D. José González
D. José García Sampedro	D. Ángel Monteagudo

1 O número de este local non se lee ben nas Actas que se conservan na Cofradía de Aguiño, carcomidas parcialmente por polilla, pero sí nunha copia depositada no Arquivo do Reino de Galicia na Coruña.

D. Andrés Pérez Campos	D. Antonio Ayaso
D. Manuel Paz Lampón	D. Antonio Casais
D. Andrés de Dios	D. Andrés Sampedro González
D. Salvador Reiríz	D. Feliciano Dios
D. Manuel Gude Sampedro	D. Manuel González
D. Ángel Sampedro González	D. José Ayaso

Destes 22 personaxes que lideraron o proceso, Ángel Alvariño era o axudante de mariña de Ribeira, Pedro Malillos era mestre con moitos anos de docencia na capital municipal, o tamén mestre Eduardo Somoza González pasaría exercer na primeira escola de Carreira aínda que por pouco tempo, como veremos; outros 7 formaron parte da primeira Xunta de Goberno, e case todos os demais nas xuntas dos anos seguintes.

Nesta asemblea acordouse remitir aquel Regulamento aprobado inicialmente polo Goberno Civil ao presidente da Comisión Permanente da Caja Central de Crédito Marítimo para a súa aprobación final. Só quince días máis tarde, a CCCM comunicaba a aceptación do Regulamento que desde ese momento entrou en vigor, e aproveitaba a ocasión para anunciarlle a concesión dunha subvención de 2.000 pesetas para "auxilio de organización", ou o que é o mesmo, para adquisición do material necesario para poñer en marcha a nova sociedade. Esta cantidade faríase efectiva de mans do axudante de mariña Alvariño que fixo entrega ao presidente Andrés de Dios Álvarez da metade desa cantidade na sesión do 8 de decembro de 1924. Pouco afeitos a dádivas deste tipo, a Xunta Xeral "pronunciouse favorablemente impresionada pola subvención recibida e unanimemente acordou facer constar en acta o testemuño da súa profunda gratitude ao Presidente da Comisión Permanente, e a D. Alfredo Saralegui, fundador e alentador fervente destas asociacións" .

A Organización interna

A organización interna estruturouse ao redor de tres piares esenciais: a Xunta de Goberno liderada por un presidente electo, a Xunta Xeral de Socios e as seccións. Desde un principio, e en palabras de Ciprián Rivas, a sociedade configurouse "como unha organización democrática onde as voces de mariñeiros e armadores escoitábanse en igualdade de condicións".

1 / Presidente e Xunta de Goberno. Tal e como establecía o Regulamento, a nova entidade de Carreira/Aguiño tería como órgano colexiado de dirección unha Xunta de Goberno liderada por un presidente elixido por sufraxio directo —pero non sempre secreto—, mentres a autoridade soberana residía na Xunta Xeral de Socios composta polos asociados de toda condición social. O mandato do presidente e Xunta de Goberno, era por un ano ao cabo do cal se elixían cargos novos.

A Xunta de Goberno tiña ao seu cargo a dirección e administración da sociedade. Unha vez elixida en Xunta Xeral, reuníase coa Xunta de Goberno anterior para tomar as contas e analizar a situación da sociedade antes de tomar posesión. Os cargos máis relevantes da Xunta de Goberno eran os de presidente, secretario, contador e tesoureiro, aínda que o Regulamento establecía tamén os cargos de vicepresidente, vicesecretario e catro vogais. Os seus membros celebraban unha reunión ordinaria unha vez ao mes.

Presidente. Encargábase da representación da sociedade, e entre as súas principais atribucións estarían: presidir xuntas de goberno, as xuntas xerais e as reunións das seccións; facer cumprir os acordos que se tomasen, convocar á Xunta Xeral, asinar escrituras, contratos e demais documentos expedidos, ordenar ingresos e pagos, e tomar as decisións urxentes dando conta despois á Xunta.

Os nove presidentes da sociedade de pescadores de Aguiño nos seus 20 anos de existencia declarábanse oficialmente "mariñeiros" de profesión nos censos de poboación de 1930 e 1940, aínda que en realidade fosen case todos eles armadores de pequenas embarcacións, xa que eles mesmos considerábanse "mariñeiros" máis que empresarios de barcos de pesca.

En canto á idade á hora de acceder á presidencia, o rango iría desde os 43 anos que tiña Jesús Sampedro, o último dos presidentes, cando asumiu o cargo, ata os 61 anos de José Sampedro González, e a idade media sería de pouco máis de 48 anos.



Selo do Pósito de Pescadores e rúbrica do Presidente Antonio Dios, en 1929.

Secretario. Tiña encomendada a administración da sociedade, e entre as súas principais atribucións estarían: redactar e asinar as actas da Xunta de Goberno e das xuntas xerais, expedir certificacións, custodiar e arquivar a documentación, levar o libro de inscrición dos socios, custodiar o selo da asociación e redactar a memoria anual das actividades da asociación. Aínda que non se establecía especificamente no Regulamento, o secretario tamén se encargaría da lectura pública de comunicados, dos discursos á Xunta Xeral, preparación dos discursos do presidente etc.

Contador. Entre as súas atribucións figuraba: estender e asinar os recibos das cotas dos socios, intervir todos os documentos para realizar pagos e ingresos, redactar e asinar os balances trimestrais e anuais de cada sección e contribuír á redacción da Memoria anual da entidade.

Tesoureiro. Tiña ao seu cargo a custodia dos fondos ingresados, e entre as súas atribucións estaban as de levar un libro diario de entradas e saídas, facer efectivos créditos e pagos da asociación, verificar os arqueos mensuais en unión do presidente e contador, propoñer os recadadores para as cobranzas e o persoal de oficina necesario.

Naquela primeira xunta constituínte do 19 de outubro de 1924 elixiuse a primeira Xunta de Goberno que podemos observar no cadro III. O novo organismo quedou baixo a tutela dun inspector local, o axudante de mariña de Ribeira Ángel Alvariño Saavedra nomeado pola CCCM a proposta da propia entidade, e o inspector costeiro Manuel Fabeiro Fernández nomeado discrecionalmente polo mesmo organismo.

CADRO III: PRIMEIRA XUNTA DE GOBERNO 1924

Presidente	Andrés de Dios Álvarez
Vicepresidente	Andrés Pérez Campos
Secretario	Manuel Paz Lampón
Tesoureiro	Ángel Monteagudo
Contador	Manuel Gude Sampedro
Vogal primeiro	Salvador Reiriz
Vogal segundo	José Dios Santos
Vogal terceiro	Ángel Sampedro González
Vogal cuarto	Juan Rey García

2 / Xunta Xeral de Socios. Segundo o Regulamento, a Xunta Xeral "é o organismo supremo da Asociación" (art. 9º). Debía reunirse ordinariamente en decembro "en data que permita a asistencia do maior número posible de

asociados", aínda que tamén se celebrarían xuntas extraordinarias cando así o dispuxese a Xunta de Goberno ou o seu presidente, ou o pedisen a cuarta parte do número de socios asistentes a unha Xunta Xeral. De todos os xeitos, as actas mostran que era bastante frecuente que os secretarios equivocásense á hora de cualificar unha xunta como ordinaria ou extraordinaria.

Para que houbese quorum, era necesario que en primeira convocatoria de Xunta ordinaria asistisen a metade dos socios, e en Xunta Extraordinaria, as dúas terceiras partes; e en segunda convocatoria, "calquera que sexa o número dos que concorran". Nas xuntas ordinarias realizábanse as votacións a Xunta de Goberno entre as candidaturas presentadas; aprobábanse contas e balances das distintas seccións e a memoria sobre a marcha da sociedade a presentar polo secretario, e discutíanse todos os "asuntos relacionados co réxime, porvir e goberno da Asociación, aínda que non estean contidos na orde do día". As votacións podían ser secretas por medio de papeletas, e nese caso o escrutinio era supervisado polo secretario e dous socios nomeados pola Xunta Xeral, e as demais votacións a vista de todos "faranse levantándose os que din non, e quedándose sentados os que estean conformes", ou menos frecuentemente, a man alzada.

As dúas primeiras xuntas xerais de socios celebráronse en locais de Carreira elixidos para o efecto: a primeira no nº. 171 da rúa de Campos en Carreira, e a segunda nun local de Dª. Manuela Reiriz, na mesma parroquia. Pero desde a terceira convocatoria, as reunións pasaron a celebrarse nos locais "xa designados a sociedade e Centro Cultural", xeralmente nas dúas novas escolas creadas en Carreira e Aguiño, alternándose nunha e noutra. Habitualmente estaban presididas polo presidente da entidade, salvo en ocasións excepcionais en que o foron polo axudante de mariña de Ribeira ou polo Inspector Costeiro.

Ás xuntas ordinarias —as que se celebraban en decembro— e extraordinarias tiñan dereito a asistir todos os socios. As xuntas extraordinarias podían ter un carácter monográfico sobre asuntos importantes, por exemplo, a de 26/10/1924 para "a provisión de dúas prazas de mestres que se encargasen dos ensinos acordados ... ao constituírse esta Sociedade", pero noutras tratábanse asuntos varios. Normalmente, as xuntas abríanse lendo a acta da sesión anterior e a correspondencia recibida.

Aínda que non se estableceu unha periodicidade determinada para a celebración de xuntas de socios, nos anos vinte oficiouse unha media de 9 reunións por ano, é dicir unha por cada pouco máis dun mes, cun máximo de 13 xuntas en 1929 e un mínimo de 6 en 1927, como se pode ver no cadro IV.

CADRO IV: XUNTAS XERAIS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS DE 1924-1930

1924	4
1925	10
1926	7
1927	6
1928	10
1929	13
1930	10

Desde os primeiros momentos e durante os anos vinte a asistencia ás xuntas xerais foi moi nutrida. Xa na primeira xunta constituínte de outubro de 1924 asistiron 112 persoas que alí mesmo convertéronse en socios, e con frecuencia asistían entre 60 e 90 asociados. Desta sempre cuantiosa asistencia dan fe as actas das xuntas,

en ocasións de forma numérica, como as do 5/04/1924, que cita 95 asistentes; ou a de 24/10/1924, 64 socios, etc., pero máis frecuentemente con engadidos do estilo: "asistiron gran número de socios", "maioría de socios", "a case totalidade de...", "nutrido número de asociados", etc. Tamén se procuraba facilitar o máis posible a asistencia convocando aos socios nos momentos "en que se atopan en terra o maior número de asociados".

Socios. Clasificábanse en: socios de número, cooperadores e adxuntos.

Os socios de número eran os inscritos na Mariña con idades comprendidas entre os 20 e os 60 anos dedicados á pesca e os armadores das embarcacións "que paguen o seu tanto por cento á Asociación".

Os cooperadores comprendían a os expresados no parágrafo anterior e "ás mulleres dedicadas a calquera faena de pesca, as nais viúvas, esposas, fillas viúvas ou solteiras, e viúvas de socios de número... maiores de 20 anos de idade". Con todo, na Xunta Extraordinaria do 28 de novembro de 1926 tomouse o acordo de que "Todos os non matriculados consideraranse como socios protectores tendo dereito aos seus beneficios".

Os socios adxuntos eran "os homes ou femias [sic] que, estando con algún socio de número ou cooperador...", con parentesco directo con eles, sexan maiores de 12 anos e non pasen de 20.

Só os socios de número tiñan dereito a voz e voto nas asembleas das xuntas xerais podían ser elixidos para os cargos da Xunta de Goberno e estaban obrigados a pagar as cotas de socio que lles correspondía dentro do primeiros vinte días de cada mes. A admisión de novos socios só podía verificala a Xunta de Goberno a proposta de dous socios de número.

Para facer máis amena a estancia dos socios no local social e ao mesmo tempo permitir o acceso ás noticias máis relevantes do mundo do mar, as sucesivas xuntas de goberno decidiron subscribir á entidade a varias revistas e poñelas "ao dispor dos socios": o 7 de marzo de 1926 decidiron subscribirse á revista España Marítima, a revista patrocinada por Saralegui e a CCCM, "..dada a necesidade que sentiamos por noticias que afectasen á vida dos Pósitos"; o 30 de outubro de 1927 comunicaba aos socios que as revistas, correspondencia e prensa ás que estaban subscritos estarían presentes a partir de entón "... no local social ao dispor dos asociados..."; e do mesmo xeito desde xullo de 1933 subscribíronse ao Boletín Oficial de la Marina, "... para que os socios poidan estar decatados das disposicións da Superioridade que poidan interesarlles".

Cotas de entrada e mensual. Tras a afiliación dos 112 socios fundadores coas súas respectivas familias na primeira asemblea do 24 de outubro de 1924, a admisión de novos socios faríase en diante previo pago de cotas de entrada. Así, na Xunta Xeral celebrada o 6 de decembro de 1925 "tratouse da cota que de entrada tería que asignárselle aos señores que quixesen ingresar neste Pósito", e tras barallar a posibilidade de que fose de 2 pesetas e ante a desconformidade doutros socios "quedou aprobada a entrada en 5 pesetas, por 32 votos contra 17". O 28 de novembro do ano seguinte, baixouse a cota de entrada a 2 pesetas, pero engadiuse o pago de "medio ano adiantado" para os socios adxuntos e un ano enteiro para os non socios. A obrigatoriedade do pago da cota mensual estaba expresamente estipulada no capítulo do Regulamento titulado "Dos socios de número. Os seus deberes", apartado 4º: ... serán de 50 céntimos mentres en Xunta Xeral non se acorde por maioría de socios elevala a unha peseta"... Os socios estaban obrigados "A satisfacer, dentro do primeiros vinte días de cada mes, as cotas que lles corresponda". Cada un dos pósitos establecía ao seu libre albedrío a contía das cotas mensuais —e tamén das cotas de entrada na sociedade— e a cantidade podía variar dunha época a outra a vontade dos asociados.

Aínda que as cotas mensuais non representaban a partida de ingresos máis importante, como veremos no seu momento, constituían en palabras de C. F. Casanova "... o medio de vinculación máis determinante coa entidade" . En caso de falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas, o socio sería dado de baixa agás se se atopaba sen traballo, e nese caso a Xunta de Goberno podía concederlle unha prórroga. Con todo, o pouco celo dalgunha Xunta de Goberno deixou en segundo plano a cobranza das cotas de socio, como sucedeu durante o mandato de José Sampedro González, no que houbo problemas coa cobranza durante varios meses de 1927. Por iso o seu sucesor, Antonio Dios Millares, propuxo o 11 de xaneiro de 1928 poñer ao día o pago das cotas cobrando as mensualidades atrasadas coas correspondentes a cada mes ata amortizalas, aínda que os socios acordaron que se cobrasen as pendentes nun só recibo.

Tanto os dirixentes da entidade coma os inspectores locais e costeiros que tutelaban o organismo, trataron sempre de fomentar a afiliación dos veciños non asociados. Fíxoo en repetidas ocasións o axudante de Mariña Ángel Alvariño, nos poucos meses nos que continuou en Ribeira antes de ser trasladado, e fíxoo o seu sucesor no cargo Manuel Jiménez, axudante tamén en Ribeira o 15 de decembro de 1929, cando explicaba "a conveniencia de que todos os veciños debían ser socios do Pósito, xa que a Caja de Central Crédito Marítimo benefícialles grandemente, dando tamén ás asociados explicacións sobre varios extremos relacionados co mar...". Noutras ocasións eran os propios socios os que trataron de fomentar o espírito de sociedade, como sucedeu en outubro de 1927 cando se acolleu "a proposta de varios socios, co fin de celebrar entre os asociados e as súas familias un verdadeiro día familiar do Pósito...".

De todos os xeitos, a condición de socio non presupoñía o acceso aos beneficios de todas as seccións e, a modo de exemplo, o dereito á atención médica requiría o pago dunha cota aparte como veremos máis adiante.

Nos anos vinte cabe tamén apuntar que a sociedade outorgaría a distinción de "socio honorario" a Ricardo Ferrer Bargés pola xenerosidade da súa dona na renuncia aos Campos de Aguiño, e a Manuel Sampedro a quen se concedeu en sesión do 5 de outubro de 1930, aínda que por un erro consignouse o nomeamento na seguinte do 12 de outubro.

É moi difícil avaliar con precisión o número de socios ao longo dos seus vinte anos de vida, porque as actas non precisan máis que dun modo xenérico eses datos. Sabemos que na primeira asemblea afiliáronse 112 socios coas súas familias, que supoñían ao redor das cincocentas persoas, que en 1926 rebaixáronse as cotas de entrada para favorecer a afiliación e que constantemente se fixeron campañas de proselitismo nese mesmo sentido, polo que non sería aventurado dicir que a finais dos anos vinte amparaba a unhas seiscentas persoas, pero sen podelo precisar numericamente.

A partir dos datos editados polo Ministerio de Trabajo y Previsión en 1937, Ansola cuantifica en 174 os socios nese ano, unha cantidade que podía parecer bastante aceptable en principio, pero que hai que tomar con precaución, sobre todo se temos en conta que para o pósito de Ribeira a mesma fonte cifra o número de asociados en 30, algo que parece francamente inaceptable.

3 / As seccións. Para a lograr as súas finalidades —que se poden resumir en: redimir á clase mariñeira, estender a cultura entre os seus asociados, establecer no seu favor os seguros sociais diversos, e explotar a actividade da pesca sen intermediarios— os pósitos estruturáronse ao redor de varias seccións, cada unha das cales terá os seus propios dirixentes e regulamentos. No art. 34 do Regulamento do de Carreira/Aguiño se contemplaban as seguintes seccións:

Sección Cooperativa de Venda de Efectos Pesqueiros e de Consumo	Sección de Venda dos Produtos de Pesca
Sección Cultural	Sección Montepío
Sección Caja de Crédito	Sección da Exportación dos Produtos de Pesca
Sección de Manipulación dos Produtos da Pesca	

Non quedaba consignada, probablemente por erro, a Sección de Socorros Mutuos, que fora obxecto dun dos "regulamentos especiais" complementarios do Regulamento de 1924, e que se implantaría desde un principio. Tampouco a Sección de Embarcacións, a pesar de que o art. 3, apartado b) do Regulamento establecía como obxectivo "Adquirir embarcacións e artes para a explotación pola Asociación da industria pesqueira". Esta Sección sería de gran relevancia noutros, como o de Moaña, ao que permitiu adquirir, alugar e explotar embarcacións de pesca tripuladas polos seus socios. Anos máis tarde, en maio de 1936, o entón secretario e mestre Germán A. Ballarín tentaría emendar esa lagoa cun artigo adicional para ampliar o Regulamento que sería aprobado pola Xunta Xeral.

Estas seccións non se poñerían en marcha de forma simultaneamente en todos os pósitos, senón que foron desenvolvéndose de forma dispar en cada un deles "a medida que o permitan os fondos de que se dispoña". Serían financiadas pola Caja Central de Crédito Marítimo mediante subvencións ou préstamos a reembolsar que chegaban aos responsables da entidade a través dos axudantes de mariña de Ribeira. Cada sección estaba xestionada por unha Xunta Administradora composta por dous asociados polo menos, que desempeñaban os cargos remunerados de caixeiro-presidente e secretario-contador "cos mesmos deberes e obrigacións que os de igual denominación na Xunta de Goberno". Estas xuntas estaban subordinadas á de Goberno, ante a cal debían render contas de todos os asuntos.

As primeiras seccións que se crearon no Pósito de Carreira/Aguiño serían a Cultural, a de Cooperativa de Consumo e a de Socorros Mutuos.

A Sección Cultural tiña ao seu cargo, segundo o Regulamento, ademais dunha Biblioteca de nova creación, unhas escolas onde se impartían "... as clases de coñecementos xerais e profesionais que se organicen para os asociados e os seus fillos, os cursos prácticos de remendo de redes e cabullaría [sic] e demais que se establezan para as súas mulleres e fillas...". A necesidade perentoria de erradicar un analfabetismo dramaticamente estendido entre os mariñeiros pola carencia de escolas, impulsar os ensinos elementais e profesionais, e expandir a cultura entre aquel colectivo explica que xa na primeira asemblea decidísese a creación da Sección Cultural.

A Sección da Cooperativa de Consumo. A súa creación decidiuse na Xunta extraordinaria celebrada o 14 de xuño de 1925, só uns meses despois da Sección Cultural, a iniciativa do axudante de mariña de Ribeira D. Ramón Parga, que expuxo á xeral as grandes vantaxes que reportaría á "... desherdada clase mariñeira, moi especialmente en artigos de pesca e de primeira necesidade..., e todos os ao acto presentes acordaron a implantación de tan meritoria obra...".

A Sección de Socorros Mutuos tiña encomendada polo Regulamento a organización e administración "... dos auxilios aos asociados e as súas familias en todo a relativo a hixiene, enfermidades, morte, paro involuntario e perda de embarcacións e artes". Eran varias, polo tanto, as áreas onde se proxectaban as actuacións desta sección. A primeira mención á Sección de Socorros Mutuos produciuse na asemblea do 26 de outubro de 1924, na que se acordou a adhesión do ente ao proxecto de Socorros Mutuos de Afogamento da Caja Central de Crédito Marítimo, aínda que por erro non se consignou na acta da citada asemblea, senón na seguinte, do 16 de novembro.

CAPÍTULO 4

AS ETAPAS

A historia do Pósito de Carreira e Aguiño permite distinguir tres etapas ben diferenciadas: unha primeira que abarcaría os anos vinte ata 1930, desenvolvida nos anos da ditadura de Primo de Rivera; unha segunda etapa, breve pero intensa, durante os anos da República de 1931 a 1936; e unha terceira etapa de 1936 a 1944, anos difíciles da guerra civil e do primeiro franquismo. Finalmente, en novembro de 1944 prodúcese a conversión da vella entidade en Confraría de Pescadores.

1ª ETAPA: De Primo de Rivera a la II República, 1924-1930

O establecemento da Ditadura de Primo de Rivera o 23 de setembro de 1923 significou a imposición da orde e da autoridade sen concesións en todo o país. Pretendíase poñer punto final á serie de crises gobernamentais, atentados, asasinatos, folgas, etc. que convulsionaran o país nos cinco anos anteriores. E iso, a nivel sindical, supuxo o freo e desaparición de moitas das sociedades de resistencia da etapa anterior. Nesas circunstancias políticas, desenvólvese a primeira etapa 1924-1930, definida pola consolidación da organización interna da novo Pósito de Pescadores e a creación das primeiras seccións.

Trátase dunha etapa de tenteos, na que por vez primeira os pescadores de Aguiño víanse beneficiados por subvencións dun organismo estatal, a Caja Central de Crédito Marítimo, algo incrible aos seus ollos, de maneira que a percepción das primeiras achegas de diñeiro provocou escenas de alborozo e incredulidade a partes iguais. Tamén nesta etapa póñense en marcha algunhas seccións como a Cultural coas dúas novas escolas, a Cooperativa de Consumo que proporcionaría útiles de pesca a prezo inferior ao de mercado, ou varios "Grupos" da Sección de Socorros Mutuos, como o de atención médica que poñería ao dispor da poboación local os servizos dun médico en Carreira e Aguiño por vez primeira na súa historia. Ao longo desta primeira etapa 1924-1930 desempeñaron a presidencia os cinco personaxes cuxos nomes e períodos de mandato figuran no Cadro V.

Todos estes presidentes formaran parte de xuntas de goberno anteriores, excepto, loxicamente, o primeiro, Andrés de Dios Álvarez. Os outros catro —Andrés P. Campos, José Sampedro, Antonio Dios e Tomás Reiriz— accederon ao cargo despois de ser vicepresidentes nos respectivos gobernos anteriores, o que proporcionaba unha necesaria estabilidade e continuidade á dirección da institución nestes primeiros anos, xa que achegaban a experiencia en gobernos anteriores. O máis lonxevo no cargo sería Antonio Dios Millares con máis de tres anos como presidente, e o máis curto sería Andrés P. Campos, o único dos presidentes que sería destituído a pedimento dos seus compañeiros de Xunta de Goberno pola Xunta Xeral de Socios o 21 de novembro de 1926.

CADRO V PRESIDENTES 1924-1930

NOME	Inicio mandato	Fin mandato	Duración
Andrés de Dios Álvarez	19/10/1924	17/1/1926	15 meses
Andrés Pérez Campos	17/01/1926	21/11/1926	10 meses
José Sampedro González	28/11/1926	23/10/1927	11 meses
Antonio Dios Millares[1]	23/10/1927	25/12/1930	38 meses
Tomás Reiriz Álvarez	25/12/1930	10/1/1932	12 meses

Finalmente, a elección do último dos cinco presidentes desta primeira etapa, Tomás Reiriz, suporía unha renovación case total da Xunta de Goberno, onde o resto dos membros eran caras novas, e daba cabida nela aos

1 Tras a renuncia de José Sampedro á Presidencia, e a pesar dos rogos do axudante de Mariña Amador Bravo para que continuase ata decembro cando habería renovación de cargos, a Xunta Xeral de socios do 23 de outubro de 1927, decidiu admitir a renuncia "e que quede actuando de Presidente (interino) Antonio Dios Millares, que viña desempeñando o cargo de vicepresidente". Finalmente, foi elixido titular en sesión do 22 de xaneiro de 1928.

mestres Germán Álvarez Ballarín e Pedro Minchón e Minchón, que xogarían un papel moi relevante nos anos seguintes. Tras reiterar a súa dimisión o presidente Andrés de Dios Álvarez, a primeira substitución na presidencia produciuse na sesión do 17 de xaneiro de 1926, na que a Xunta Xeral elixiu como novo presidente ao que fora vicepresidente na Xunta de Goberno anterior Andrés Pérez Campos, quedando constituída a nova Xunta de Goberno como mostra o Cadro VI, a segunda na historia da sociedade.

CADRO VI XUNTAS DE GOBERNO 1926-1930

Xunta de Goberno, xaneiro de 1926	Xunta de Goberno, novembro 1926
· Presidente: Andrés Pérez Campos	· Presidente: José Sampedro González
· Vicepresidente: José Sampedro González	· Vicepresidente: Antonio Dios Millares
· Secretario: José Pérez Romano	· Secretario: José Pérez Romano
· Tesoureiro: Ángel Monteagudo Vilar	· Tesoureiro: Roque Sampedro Dios
· Contador: Manuel Gude Sampedro	· Contador: Andrés Figueira Paz
· Vogais: 1º Salvador Reiriz, 2º José Dios, 3º Ángel Sampedro, 4º Juan Rey	· Vogais: 1º José González, 2º Manuel Crujeiras, 3º José Prego, 4º Cipriano Pena

Xunta de Goberno, xaneiro 1928[2]	Xunta de Goberno Decembro 1930
· Presidente: Antonio Dios Millares	· Presidente: D. Tomás Reiriz Álvarez
· Vicepresidente: Tomás Reiriz Álvarez	· Vicepresidente: D. Roque Sampedro Dios
· Secretario: Manuel Ayaso Romano[3]	· Secretario: D. Pedro Minchón y Minchón
· Tesoureiro: José Gude García	· Tesoureiro: D. Miguel Fernández Crujeiras
· Contador: Andrés Figueira Paz	· Contador: D. Germán Álvarez Ballarín
· Vogais: 1º José González, 2º Manuel Crujeiras, 3º José Prego, 4º Cipriano Pena	· Vicesecretario: D. Francisco Gude Rey · Vogais: 1º José González, 2º Manuel Álvarez, 3º José Prego, 4º Juan Rey

A presidencia de Pérez Campos sería axitada ata o punto de ser o único presidente na historia da entidade destituído pola súa propia Xunta de Goberno. Reunidos os asociados o 28 de novembro de 1926, antes de que se cumprise un ano do seu nomeamento, acordaron a "destitución do Presidente por desconfianza, demorado e político", e acordaron o nomeamento dunha nova Xunta de Goberno que tomaría posesión na seguinte Xunta Xeral presidida interinamente por José Sampedro González, ata o seu nomeamento definitivo en febreiro de 1927.

Durante o mandato do presidente Antonio Dios Millares, en setembro de 1930, tivo lugar un desagradable incidente que afectou gravemente o ánimo do mandatario e da súa familia. Desde comezos de mes chegaron ao seu domicilio varios anónimos que, como explicaba o mesmo Antonio Dios, atentaban contra a súa honra e causábanlle unha dor insoportable. Lembraba aos socios na xunta do 28 de setembro de 1930 o sacrificio persoal

2 En decembro de 1929, a Xunta renovaría só os cargos de tesoureiro e contador, que pasaron a desempeñalos Francisco Millares y Miguel Fernández respectivamente.
3 Manuel Ayaso Romano era mestre.

e o desinterese co que afrontara o seu labor como presidente co único obxecto de engrandecela entidade, e por iso presentaba a súa dimisión con carácter irrevogable. En balde foron os esforzos do Secretario Manuel Ayaso, "iso foi cousa dunha soa persoa, e o que conta é a vontade da maioría", e da xeneralidade dos socios que alí mesmo ratificáronlle a súa confianza. Antonio Dios agradeceulles o xesto, pero reafirmouse na súa decisión "polos desgustos que coa súa familia sostén por esta causa, e que o obrigan decididamente a cesar no cargo". Na Xunta celebrada unha semana despois, o 5 de outubro de 1930, presentou novamente a súa dimisión "xustificándoa nos mesmos conceptos que expuxo na Xunta anterior". Os socios, finalmente, "recoñecendo as razóns que expón o Sr. Presidente, acordan aceptar a súa dimisión, pero rogan que continúe no seu cargo ata que se nomee ao que interinamente ha de substituírlle no seu cargo...". Na seguinte sesión celebrada unha semana despois e presidida de forma interina por Tomás Reiriz, "por solicitude do Sr. Antonio Dios Millares", todos os socios presentes acordaron "que o actual Vicepresidente —que non era outro que Tomás Reiriz— ocupase o posto de Presidente; o primeiro vogal substituíse o cargo de Vicepresidente e así sucesivamente, quedando vacante o último cargo ata as próximas eleccións en fin de decembro".

A última das xuntas de goberno desta primeira etapa sería presidida por Tomás Reiriz, que prolongaría o seu mandato durante os primeiros anos da II República. O seu acceso á presidencia fora propiciado, como acabamos de ver, pola firme postura de renuncia do seu predecesor Antonio Dios Millares. Na súa toma de posesión oficial o 24 de maio de 1931, o novo presidente deu grazas a todos os alí presentes polo seu nomeamento e ofreceuse para traballar polo maior prestixio da sociedade, demandando a axuda de todos. O labor de Reiriz sería certamente frutífera sobre todo polo papel que xogaría na consecución do primeiro peirao de Aguiño, un fito transcendental na historia futura do colectivo de pescadores e da propia localidade.

Todas as xuntas de goberno tiñan que render contas cada ano ante a Xunta Xeral de socios que podía aprobalas ou non, aínda que nunca se deu este último caso. Con todo e para velar pola boa marcha da sociedade, o 29 de xuño de 1927 acordouse a creación dunha Xunta Inspectora interna por iniciativa do mestre D. Avelino Díaz, en cumprimento do estipulado no Artigo 47 do Regulamento, e estaría integrada por un presidente e catro vogais. Vendo os socios presentes o beneficioso dun organismo interventor como este, acordaron por unanimidade crealo no acto, e elixir alí mesmo aos seus membros que resultaron ser D. Santiago Allut Agrelo, médico da sociedade, D. Francisco García Olveira, D. Ángel Varela Rivera, mestre nacional en Carreira, e D. Manuel Sampedro Pérez.

Outro dos aspectos que destacar nas dúas últimas xuntas de goberno desta primeira etapa, é a inclusión nas mesmas dos mestres Miguel Ayaso Romano, e sobre todo Pedro Minchón e Minchón e Germán Álvarez Ballarín, de gran transcendencia no futuro.

Defensa dos socios. Desde o primeiro momento os presidentes da asociación mostraron unha firme actitude en defensa dos intereses dos socios. Esta defensa practicouse tanto en asuntos menores coma noutros de maior enxunlla. Un exemplo do primeiro sería un episodio que ocorreu en febreiro de 1927 cando varios socios pescadores pediron o amparo da sociedade por unha multa de 200 pesetas, cantidade certamente considerable, imposta polo xuíz de Ribeira, por un exceso de tripulación no barco ("considerando triplo o número de tripulantes")[4], que debía facerse efectiva na Caja Regional de Retiro Obligatorio del Obrero que dependía precisamente da CCCM. Para revogar a multa, o presidente Sampedro intercedeu ante a CCCM e ante "o noso bo pai D. Alfredo Saralegui na xusta petición destes socios" de quen conseguiu a condonación da sanción.

4 A multa era excesiva porque o xuíz calculara a súa contía en proporción a todos os días de pesca da tempada, e os mariñeiros queixábanse porque: "por desgraza nosa!, son pouquísimos estes días, aínda no mellor tempo".

A defensa dos socios volveu evidenciarse en 1927, cando os dirixentes tiveron que intervir para defender aos seus barcos dos abusos que sufrían nalgunha lonxa dos arredores, xa que Aguiño non gozaba de lonxa propia. Nos últimos meses daquel ano, varios armadores queixáronse reiteradamente á Xunta de Goberno polos "inconvenientes con que tropezan para a venda de peixe no porto de Vilaxoán": o pósito daquel porto contratara a venda do peixe a un só vendedor naquela lonxa "facendo imposible existan outros vendedores libres polo baleiro que as Regateiras instigadas polos familiares desa Sociedade fan a estes últimos", o que dera lugar a arbitrariedades e abusos tales como obrigar aos barcos de Aguiño a vender as súas capturas en último lugar e a calquera prezo, porque xa estaba case todo o peixe vendido, vérense obrigados a "afrouxar" prezos ás revendedoras, perder moito tempo naquela lonxa, ou "... vernos no lamentable caso de ir vender a outra parte os das embarcacións que quedemos ao final, etc.". Por todo iso, na xunta do 22 de xaneiro de 1928 decidiuse contactar coa entidade de Vilaxoán para que contratase máis vendedores e que estes sucesos non volvesen a acontecer e, ao mesmo tempo, prever medidas moito máis contundentes como "..escribir aos da Arousa, Cambados, Grove e Corrubedo, para que teñan a ben apoiar nosa moi xusta petición e, se cren necesario, unámonos para non ir vender a Vilaxoán...".

Moito máis transcendente para Aguiño sería a defensa dos chamados Campos de Aguiño. Tratábase de tres propiedades denominadas Campo do Norte, Campo do Medio e Campo do Sur, que lindaban co mar de norte a sur e sumaban un total de 8.586 m^2, que os primeiros pescadores de Carreira e Aguiño utilizaran "desde tempo inmemorial" como zona complementaria da actividade pesqueira. Estes tres campos eran propiedade nos anos vinte de Joaquina Colomer Villoch, dona de Ricardo Ferrer Bargés, por herdanza do seu finado pai Emilio Colomer Soler, e xunto a eles había outro pequeno terreo propiedade de Andrés del Río Ferrer. Descendentes todos eles de cataláns, aínda que nacidos en Palmeira e no Caramiñal, as súas familias obtiveran a propiedade destes predios mediante contratos de foro cos titulares do señorío de Goiáns a quen pertencera todo o territorio aguiñense

desde séculos atrás. Desde finais do século XIX comezara a asentarse naquelas terras un crecente número de familias para traballar nas salgaduras e na pesca, actividades en plena expansión. E os propietarios daquelas vastas extensións de terra dun valor moi baixo (quen o diría hoxe!), comezaron tamén a partilas en pequenas parcelas para vender a estas primeiras familias poboadoras[5].



Perspectiva de Aguiño con Campos do Norte e Centro, rampla de Villoch e peirao, cara a 1945. Á dereita, o Campo do Garavanzo cun muro medio derruído.

O conflito xurdiu porque desde antigo os mariñeiros de Carreira utilizaban os areais próximos ao mar para tender redes, construír os secadoiros de congro, polbo etc., e varar as súas dornas e lanchas. Os primeiros rozamentos entre mariñeiros e propietarios producíronse en 1909, e diso fíxose eco o concelleiro Francisco Paz que denunciaba en sesión plenaria "Desde tempo inmemorial existe un camiño público que, dos almacéns de Aguiño conduce a Couso, polo que sempre transitaron carros, gando e

5 Un exemplo sería a escritura de venda outorgada por Ricardo Ferrer, en nome da súa muller Joaquina Colomer, a Tomás Reiriz Álvarez en 1903 dunha parcela na zona próxima a onde se construiría o peirao —"na zona de vixilancia do peirao", dicíase en 1935-, leira que ao final pasaría a mans de Francisco Monteagudo Reiriz. Vid. Documento 7. Outro exemplo protagonizado polo mesmo Ricardo Ferrer Bargés sería a solicitude de permiso ao concello datada no 4 de outubro de 1924 "... para urbanizar o Campo do Garavanzo en Aguiño.., para facilitar a construción de vivendas para a clase obreira". AMR, Actas de pleno, 1924, sesión do 4 de outubro.

persoas sen a menor dificultade...", e que recentemente o boticario Ricardo Ferrer Bargés, "fabricante de salgadura na que en dito lugar de Aguiño foi da señora viúva de Villoch, abusivamente, ou sexa sen dereito, permitiuse pechar con muros aos lados e unha cancela de madeira ao centro o expresado camiño público,... e isto non pode consentirse"[6]. O concello requiriu de Ferrer a súa demolición: "... demola os muros de que se trata e faga desaparecer a cancela para que as cousas queden como antes estaban", ao que este replicou "Que nin é dono da leira que se pecha, pois o é de D. Emilio Colomer (o seu sogro), nin el fixo os muros e a cancela". A cuestión quedou entón en táboas, e permitiuse aos mariñeiros seguir utilizando aqueles terreos sen poñer maiores obstáculos.

Pero o conflito rebrotou en 1929, cando o presidente Antonio Dios Millares denunciaba na Xunta Xeral do 27 de xaneiro: "D. Andrés do Rio e D. Ricardo Ferrer Bargés tratan de apoderarse e ata vender uns campos marítimo terrestres que o pobo sempre lembra de servizo público, e que se utilizaban para tendedeiras de aparellos e refuxio de embarcacións de pescadores". Reunido o mandatario

6 AMR, Libro Actas de Plenos 1908-10, sesión de 10 de Maio de 1909, fol. 37 reverso.



Machóns do "morto" ou sistema de prensa da salgadura de Ferrer Marlés na Cobasa, propiedade do boticario Ricardo Ferrer a comezos do século XX.JPG

con Ricardo Ferrer para pedir explicacións, este limitouse a advertir que denunciaría "a todo aquel que tendese redes nos campos en cuestión" ao que o seu interlocutor replicou que, se un socio fose denunciado por eses feitos, sairían todos na súa defensa.

A Xunta de Goberno puxo os feitos en coñecemento de Alfredo Saralegui Casellas, impulsor dos pósitos en toda España e presidente da Caja Central de Crédito Marítimo, que ordenou ao Inspector Costeiro militar Manuel Fabeiro intervir no conflito nunha posición "favorable aos asociados a ese Pósito". A intervención do inspector amornou os ánimos, e o 20 de febreiro de 1929 en presenza do presidente Dios, da Xunta de Goberno e de bo número de socios, o Inspector Costeiro reuniuse nos Campos de Aguiño con Ricardo Ferrer Bargés e o seu avogado Manuel Rivas Landeira "por razón dos dereitos que a muller do primeiro invocaba sobre os devanditos campos", e despois de negociar "coa maior ecuanimidade" decidiron que Joaquina Colomer Villoch, muller de Ricardo Ferrer, renunciaba "a todo dereito que puidese corresponderlle como herdeira do seu finado pai D. Emilio Colomer Soler sobre o chamado Campo do Sur de Aguiño nunha faixa de terreo de 148 metros de longo por 32 de ancho, deixando fixados os límites mediante mouteiras", un espazo comprendido na actualidade entre o peirao de Aguiño e a canteira situada tras a ruína de DEMARSA.

Tamén renunciaba "a todo dereito que puidese corresponderlle sobre o chamado Campo do Medio, de 5 ferrados de superficie", comprendido



Había secadoiros de polbos, como os dos Campos de Aguiño, por todo o litoral da Arousa. Foto cedida polo Arquivo Municipal de Ribeira.

hoxe entre o frigorífico da Confraría e o peirao, que tamén seguiría utilizándose "como desde tempos seculares, tendendo os pescadores os seus aparellos e redes de pesca para o que o mesmo estivo sempre destinado...". Ademais obrigábase a non dificultar "os servizos de entrada que o Campo do Sur e do Medio tiveron sempre", e acordaban que o dominio deses campos pasaba ao Pósito de Pescadores e inscribiríase ao seu nome no Rexistro da Propiedade.

A transformación en Confraría de Pescadores. A transformación do Pósito en Confraría realizouse baixo o marco legal da Orde ministerial de Traballo do 30 de maio de 1943 e disposicións complementarias ditadas polo Instituto Social de la Marina e Delegación Nacional de Sindicatos[5]. Materializouse na sesión do 12 de novembro de 1944 presidida polo alcalde e xefe comarcal do Movemento Miguel Rodríguez Bautista, secundado polo axudante de Mariña José Pereiro Montero e o Delegado Sindical Comarcal "camarada José Agrafojo Otero" previa convocatoria da Xunta Xeral da sociedade de pescadores[6]. Lidas "as citadas disposicións, procédese á transformación do Pósito en Confraría de Pescadores encadrada na Comunidade Nacional Sindicalista". A partir dese momento, en lugar de presidente haberá un Patrón Maior, e en lugar dunha Xunta de Goberno, haberá un Cabido Sindical composto inicialmente por sete membros. Inmediatamente procedeuse a ler unhas Ordenanzas previamente redactadas "... que son aprobadas por unanimidade", e deuse posesión dos seus respectivos cargos aos membros do Cabido. A continuación, fíxose entrega "dos mobles, aveños, documentos e valores propiedade do Pósito, facéndose cargo dos mesmos, en representación do Cabido da Confraría e baixo inventario, o Patrón Maior, e cámbianse impresións sobre a marcha da entidade".

4 Miguel Rodríguez Bautista, alcalde e "Xefe Comarcal do Movemento" adoitaba enviar como delegado a José Millares Fernández, e nalgunha ocasión ao mestre Germán A. Ballarín, que tantos anos desempeñara como tesoureiro (21/01/1940). Outras veces acudía o "Camarada Delegado Comarcal Sindical" José Agrafojo Otero, xefe do sindicalismo falanxista en Ribeira.

5 Este control das autoridades franquistas —alcalde, xefe local de FET e das JONS, xefe da Delegación Sindical etc.— sobre estas asociacións constátanno tamén Fernández Casanova en Moaña, e Pernas Oroza nos da Mariña lucense. Neste sentido, tamén aquí deuse o que Casanova predica para o pósito de Moaña: "A comezos de 1939 houbo unha gran desorientación sobre a probable fusión dos Pósitos coas entidades sindicais; os xerarcas sindicais do bando franquista perseguen o sometemento dos Pósitos. En marzo concédese o Subsidio de Vellez, e a súa execución pode ser competencia dos Pósitos ou da Delegación Sindical". FERNÁNDEZ CASANOVA (1998) páx. 184, e PERNAS OROZA (2001), páx. 21.

6 Cerimonia do mesmo tipo, con asistencia das autoridades e cargos sindicais locais franquistas, tivo lugar o 16/07/1943 en Marbella para a conversión do pósito en confraría, e é moi probable que esto fose moi xeneralizado. RUBIA OSORIO, Ana Mª: Organización sindical en Marbella durante el primer franquismo. Cilniana 28/29, 2018-2020, páx. 143.

Finalizado o acto, Miguel Rodríguez "declarou constituída a Confraría de Pescadores", un nome que evocaba vellas e indubidables reminiscencias relixiosas e remitía ás antigas organizacións gremiais das Idades Media e Moderna.

Destes primeiros anos da Confraría de Pescadores só daremos unhas breves pinceladas porque a súa historia xa desenvólvese fóra do marco temporal deste estudo sobre o Pósito de Carreira/Aguiño.

CADRO XV PATRÓNS MAIORES da CONFRARÍA DE PESCADORES (1944-1946)

NOME	Inicio mandato	Fin mandato	Duración
José Paz Fernández	22/10/1944	12/03/1945	5 meses
Jesús Sampedro Sampedro	25/03/1945	20/06/1946	15 meses
José Ayaso Álvarez	20/06/1946	-	-

Nos dous anos seguintes, primeiros da Confraría de Pescadores, desempeñaron como Patróns Maiores José Paz, Jesús Sampedro e José Ayaso. O mandato de José Paz Fernández, primeiro patrón maior da Confraría de Pescadores de Careira/Aguiño, foi moi breve, só 5 meses, polo que non tivo tempo material para cristalizar grandes proxectos. Nese curto período púxose en marcha o plan errado de centralizar as vendas de peixe en lonxa nun só vendedor co fin de aforrar custos, e iniciáronse as tan ansiadas obras de ampliación do peirao aprobadas 10 anos atrás.

Sucedeulle no cargo o 12 de marzo de 1945 Jesús Sampedro Sampedro, home con experiencia nestas lides por ter ostentado a presidencia do pósito anteriormente e que se mantivo no cargo pouco máis dun ano. Neste segundo mandato á fronte da entidade, Sampedro propúxose poñer en marcha unha Cooperativa do Mar e materializouse a ampliación do peirao iniciada co seu antecesor, que se prolongou máis da conta polas dificultades de financiamento e a escaseza dalgúns materiais como o cemento e o ferro indispensables para o formigón armado[7].

CADRO XVI PRIMEIROS CABIDOS DA CONFRARÍA DE PESCADORES

Outubro 1944:
Patrón Maior, José Paz Fernández[8]
Secretario-Contador, José Regueira Martínez
Cabido: Germán Álvarez, Jesús Sampedro, José Ayaso Reiriz, José Ayaso Álvarez, Manuel Gude, Andrés Álvarez, Antonio Torres, José Dios Silva, José Pérez Sampedro.

Marzo 1945:
Patrón Maior: Jesús Sampedro Sampedro[9]
Secretario-Contador, José Regueira Martínez
Cabido: José Dios Silva, Manuel Sampedro Crujeiras, Manuel Gude Sampedro, Francisco Sampedro Álvarez

7 As mesmas dificultades doutras obras públicas da época, como a ampliación do concello dous anos antes. Bravo Cores, D. (2000), pp. 84 e 85.
8 José Paz Fernández foi "nomeado por sufraxio nas Eleccións Sindicais celebradas o día 22 de outubro último..." e tomou posesión como patrón maior o 12/11/1944 xunto ao resto do "Cabido Sindical da Confraría". Esas eleccións non se celebraron en Xunta Xeral de socios, polo que non figuran en acta, pero sabemos delas por algunhas alusións.
9 Tampouco este segundo Cabido foi elixido en Xunta Xeral, e por iso a elección tampouco consta en acta. Aparecen por vez primeira no acta nº 115 de 25/03/1945

Xuño 1946[1]
Patrón maior, José Ayaso Álvarez
Secretario-contador, José Regueira Martínez
Cabido: Manuel Sampedro Calviño, Juan Muñiz Crujeiras, José Fernández Oujo, José Pérez Sampedro, Ángel Monteagudo Reiriz, José Paz Gude e Manuel Gude Teira.

A elección de José Ayaso Álvarez o 20 de xuño de 1946 deixou ben ás claras a aversión das autoridades franquistas ás eleccións. Naquel momento, o Cabido estaba en precario xa que só contaba con algúns dos seus membros "debido ao cesamento voluntario dalgúns de eles". Por iso o Secretario da sociedade José Regueira Martínez solicitou do delegado comarcal de Sindicatos de Riveira, José Agrafojo, o permiso para realizar unha votación co fin de repoñer os postos desertos, xa que pola normativa vixente debían ser nomeados pola Organización Sindical. Co argumento de que os cesantes foran elixidos polos mariñeiros, o Secretario insistiu na votación e, de mala gana e con reticencias, Agrafojo accedeu á súa petición. Finalmente, a Confraría decidiu proceder á votación do Cabido no seu conxunto, incluído o Patrón Maior, e non só dunha parte del, e resultou elixido José Ayaso por 32 votos fronte aos 16 de Ángel Monteagudo. De nada lle serviu renunciar argumentando os seus moitos anos nas directivas da entidade cando era pósito.

En novembro de 1946 tería lugar outro episodio ligado a este. Como despois de varios meses os membros electos non tomaran posesión dos seus cargos, o Secretario solicitou autorización da superioridade para darlles posesión, pero o Delegado Sindical só autorizou a do Patrón Maior: "... para os demais membros, aínda cando non di exactamente que se posesionen [sic], advirte as dilixencias que hai que facer, pero asegura desde logo que a

1 Os membros deste Cabido foron elixidos en votación secreta e tras o escrutinio saíu nomeado patrón maior José Ayaso Álvarez entre nove candidatos, con 32 votos a favor, e os restantes membros elixíronse da mesma forma.

Superioridade accederá a iso". En calquera caso, ambos episodios ilustran o grao de sometemento que os xerarcas franquistas impuxeron á nova confraría, unha subordinación que tamén se reflicte nas actas que a partir de setembro de 1945 finalizan coa consigna: "Por Deus, España e a súa Revolución Nacional Sindicalista!".

Sociedade. Desde setembro de 1936, tamén o colectivo de pescadores viuse sometido ao control político das novas autoridades. Como xa se dixo, no propio acto de reapertura do pósito o xefe militar de Mariña de Vilagarcía esixiu aos seus dirixentes que os novos socios presentasen un certificado de non ter estado involucrados en actos revolucionarios, nin ter sido dirixentes dos sindicatos máis significativos da esquerda, o que significaba un obstáculo ao crecemento da sociedade.

Con todo, e do mesmo xeito que os seus predecesores, os dirixentes procuraron persistir nas políticas de proselitismo entre a veciñanza de Carreira e Aguiño para fomentar o crecemento do número de afiliados, e isto verase moi claro sobre todo nos anos corenta, unha vez superado o control férreo da época da guerra. As medidas tomadas en esa dirección foron moi numerosas: en xullo de 1942 acordouse baixar a cota de socio a 1 peseta; en febreiro de 1944 tomouse outra medida con ese obxectivo, pero cunha certa connotación social: "relevar da obrigación do pago da cota mensual, que actualmente é de 1 peseta, aos que cumprisen 75 anos de idade e leven máis de 10 afiliados ao Pósito, os que seguirán no goce de todos os beneficios sen aboar cota algunha". En novembro de 1944 decidiuse baixar máis aínda a cota mensual de forma xeneralizada: "Co obxecto de lograr que todos os mariñeiros se encadren na Confraría, acórdase fixar como cota mensual para todos os confrades a de 0,50 céntimos de peseta", e en xaneiro de 1945 acordouse por unanimidade "... que os sexaxenarios que ingresaron ou ingresen, se non foron fundadores do Pósito, que abonen a cota social durante un ano".

Isto non foi óbice para que, da mesma maneira, se perseguise a falta de pagamentos das cotas de socio, chegando a ameazar os debedores coa expulsión da sociedade en cumprimento das cláusulas dos regulamentos do pósito e, máis tarde, da confraría. Así en xuño de 1946 o secretario José Regueira [2] denunciou a situación de varios confrades que estaban "... sen pagar as súas cotas desde fai xa longo lapso" e propoñía que a Xunta Xeral acordase "se estes asociados causan baixa na Confraría, perdendo todos os dereitos adquiridos na mesma, como prescribe o Regulamento, ou se se cobra os atrasos, ou parte deles...". Despois dunha ardua discusión entre confrades debedores como José Ayaso Álvarez e Juan Muñiz Crujeiras, que defendían a cancelación da débeda e non cobrar atrasos, e a inmensa maioría que estaba ao corrente nos pagos, decidiuse cobrar os atrasos íntegros "a todo o que os deba, sen dereito a reclamación ningunha por parte dos afectados, xa que se sobreentende, non houbo causa algunha que lles impedise pagar as cotas, e se algún se resistise a facelo será expulsado fulminantemente da Confraría, perdendo así todos os dereitos adquiridos na mesma, e non podendo causar alta nunca máis nesta Asociación".

Os regulamentos tamén estipulaban que se un socio causaba un dano grave á sociedade, podía ser expulsado, e así ocorreu en setembro de 1946 cando foron expulsados Antonio Ayaso Sampedro, por apropiarse dunha "parcela de terreo adxacente á súa casa e que o pobo manifesta ser pública...", e varios socios que declararan en falso no Xulgado a favor de Ayaso.

Á marxe do labor social fomentada pola CCCM que estudaremos no capítulo de Socorros Mutuos, a entidade tamén desenvolveu o seu propio labor social en casos moi concretos. Así, en xaneiro de 1941 acordouse con-

2 Por estes anos o secretario, José Regueira, chegou a asumir funcións non só de membro do Cabido, senón mesmo de Patrón Maior, como nesta ocasión que presidiu a Xunta de Socios "debidamente autorizado para iso polo patrón maior accidental, Jesús Sampedro Sampedro". Outras veces supliu aos dirixentes en xestións coas diferentes autoridades, con outras confrarías, coa xerencia da Lonxa de Ribeira, etc., en parte explicable porque os patróns maiores tiñan que atender —como na actualidade— os labores da pesca que obstaculizaban o seu labor de xestores.

ceder un donativo de 1.000 pesetas "para os pobres do Pósito e aínda de fóra del en caso xustificado", que sería distribuído por unha comisión composta por José Fernández Oujo, José Sampedro Ayaso, José Lijó Fernández e Manuel Sampedro Álvarez, aos que se lles deu plenas facultades. Tamén en setembro de 1945, cando o Cabido acordou facer constar en acta o seu "íntimo sentimento polo compañeiro membro do Cabido Sindical desta entidade Francisco Sampedro Álvarez", falecido facía uns meses por unha enfermidade natural, e doar á viúva deste unha canastra "que temos no noso poder, en canto lle naza a criatura".

Defensa dos socios. Como en etapas anteriores, tamén nestes anos ambas entidades asumiron a defensa dos intereses dos seus socios, e mesmo de toda a veciñanza, fronte aos atropelos de terceiras persoas. En abril de 1940, varios asociados expresaron as súas queixas ao presidente Antonio Ayaso polo suposto abuso cometido polo tamén socio Manuel Gude Rivas ao solicitar da "Autoridade correspondente unha parcela de terreo no porto de Aguiño", moi próxima aos "campos". Segundo eles, a concesión dese solar prexudicaba os intereses xerais dos mariñeiros da sociedade, xa que se utilizaba como trandeira de redes. Por ese motivo, o asunto tratouse na Xunta Xeral do 21 de abril de 1940, sesión na que, unha vez escoitada a declaración dos denunciantes, Manuel Gude recoñeceu publicamente ser certo que solicitara esa pequena parcela pero "..crendo non facer estorbo algún naquel lugar...". Varios socios manifestaron e argumentaron a súa posición contraria á concesión, ante o cal Manuel Gude Rivas comunicou que retiraría a súa solicitude e renunciaría a ese terreo porque "non quería de ningún xeito enfrontarse coa asociación", e o presidente Ayaso agradeceu o xesto de "comprensión e camaradería" en nome da asociación.

Algo similar ocorrería en setembro de 1945, cando o confrade Antonio Ayaso Sampedro tentou apropiarse dun anaco de terreo próximo á praia, iniciando un longo proceso que acabaría no Xulgado de Ribeira e que enfronta-

ría ao presunto infractor co Concello e coa Confraría de Pescadores. Reunidos o día 30 para abordar o problema, o Patrón Maior e a inmensa maioría dos socios acordaron "litigar todo o preciso co asociado D. Antonio Ayaso Sampedro, co fin de impedirlle a este se apropie dun anaco de terreo que o pobo declara corresponde á praia", e denunciar o sucedido ao Concello de Ribeira.

O litixio proseguiu, Antonio Ayaso fixo caso omiso das advertencias da confraría e da demanda que lle interpuxo o Concello no Xulgado de Ribeira, e pechou a parcela cun muro de pedra. Por iso, nove meses despois, en xuño de 1946 os confrades volveron reunirse polo mesmo asunto, e o patrón maior expuxo aos socios que "... como queira que a parcela pechada polo Sr. Ayaso considérana todos reunidos como terreo comunal...", acordouse que aínda que o Xuíz fallase en contra do Concello, a Confraría de Pescadores demandaría a Antonio Ayaso "esgotando todos os medios posibles para facer valer a opinión do pobo, sen prexuízo de que o Concello prosiga na súa loita.., facultando así aos directivos desta Asociación para que se realicen as xestións a que haxa lugar, cargando os gastos que se ocasionen aos fondos comúns desta Confraría...". A Confraría defendeu con uñas e dentes o carácter público da citada parcela, xa que "a todos os asociados a esta Entidade cónstalles que o terreo en cuestión foi sempre de dominio público e de grande utilidade para a xente de mar". E dado que estes individuos atentaban "con esta forma de proceder contra os principios de Irmandade e Camaradería que preceptúa o apartado b) do art. 21 das nosas Ordenanzas", acordaron expulsar da confraría a Antonio Ayaso Sampedro e tamén aos que declararan en falso ao seu favor, unha vez identificados polo Secretario Regueira, e notificar a todos eles esta decisión do Cabido.

Noutras ocasións, o celo da sociedade na defensa dos mariñeiros centrouse noutros temas, como a utilización de explosivos na pesca, que poñía en cuestión o futuro dun sector que daba de comer a todo o pobo. O problema

era recorrente: sucedera en varias ocasións nas dúas primeiras décadas de século, antes de constituírse o pósito, tratouse noutras ocasións, como na Xunta Xeral do 24 de maio de 1931, e volvía á palestra na sesión do 20 xuño de 1946 na que o Patrón Maior expoñía: "Entendendo todos os reunidos que o uso do explosivo no mar representa un grave prexuízo para a nosa economía nacional, especialmente para a xente mariñeira...", acordábase demandar das autoridades competentes a vixilancia de "..esta arma tan criminal para a pesca". Tamén convidar, previa autorización do axudante de Mariña de Ribeira, "..a todas as Confrarías do litoral galego, a que colaboren coas autoridades de Mariña, da mesma forma que o farán todos os mariñeiros deste porto a fin de facilitarlle ás mesmas os indicios oportunos que levan a localizar ao infractor...", publicar na prensa galega a decisión da confraría "... a fin de que sirva de aviso a todos irmáns na nosa profesión", e solicitar da Garda Civil a vixilancia do explosivo en terra.

Problemas derivados da situación xeográfica e as distancias. Outros problemas que emerxeron nesta terceira etapa tiveron relación coa situación xeográfica de Aguiño e as distancias aos demais pobos, dificultades que non saíran á luz anteriormente por afectar a un colectivo pouco numeroso, pero que ao medrar a poboación e a frota pesqueira fixéronse máis evidentes.

A distancia existente entre o porto de Aguiño, Carreira e Ribeira causou frecuentes problemas á hora de cumprir coas obrigas burocráticas, xa que en Aguiño non existían oficinas da administración, e en solucionalos puxo tamén o foco a nosa entidade. Foi o que sucedeu en xuño de 1946, cando os armadores víanse obrigados a desprazarse todos os meses a Ribeira ou ao lugar de Campos/Carreira para despachar as embarcacións. Isto supoñía un serio trastorno xa que as máis das veces tiñan que abandonar as súas faenas no mar, dada a distancia que mediaba entre as localidades citadas —un mínimo de 8 quilómetros no mellor dos casos, pola viaxe de ida e volta—, a condición de que non tivesen que repetir desprazamento "... ao non poder ser despachados por calquera causa".

Por iso todos os armadores das embarcacións a motor delegaban no Cabido para realizar as oportunas xestións "... a fin de que o despacho consabido verifíquese no porto de Aguiño necesariamente, e desta forma facer que as oficinas da devandita Delegación se instalen no lugar de Aguiño...". A este problema engadíaselle, neste caso, a queixa unánime de todos os armadores de que a Delegación Local da Mutualidade de Accidentes de Mar y de Trabajo de Ribeira funcionaba "ao antollo e capricho dun só señor, que é o Secretario da devandita Delegación", polo que pedían a mediación da Confraría de Pescadores coas autoridades para constituír "unha directiva que rexa os destinos da devandita Delegación", e a argumentación era impecable: "..entenden os reunidos, que se a xente do mar é precisamente a que contribúe ao sostemento da devandita Delegación, nada máis lóxico que sexan os mariñeiros quen administren e organicen esta sección".

Outro problema relacionado coa distancia xeográfica, era o derivado da situación administrativa do termo municipal de Ribeira —e por tanto da parroquia de Carreira—, que pertencía á provincia da Coruña pero estaba moito máis vinculado a todos os niveis —comercial, industrial, social, etc.— coa provincia de Pontevedra, e que ademais pertencía á provincia marítima de Vilagarcía de Arousa. Isto carrexaba continuos problemas de orde administrativa (burocracia relacionada con barcos e tripulantes) e de avituallamento (subministracións de todo tipo), que provocaba verdadeiros quebradizos de cabeza aos socios da entidade. E tamén neste caso o pósito meteu baza.

En xuño de 1946 o presidente Sampedro e o Secretario Regueira realizaron xestións ante o Comandante Militar de Mariña de Vilagarcía encamiñadas a conseguir que todas as subministracións —útiles de pesca, combustibles, aceites etc.— distribuídas polo Sindicato Nacional da Pesca "que puidesen corresponder a esta Confraría era desexo do Cabido recibilos a través da provincia de Pontevedra", por dous motivos: primeiro porque "... as Confrarías afectas a esa provincia están un algo más atendidas a este respecto", e segundo, porque para realizar toda clase de

xestións víanse obrigados a trasladarse á cidade da Coruña, e "... a longa distancia que nos separa desta, ocasiona uns gastos elevados e, ás veces, co prexuízo de perder algunha subministración, xa que non compensa pagar tantos portes". Por esa razón solicitaban que aquela Comandancia Militar permitise no futuro percibir as subministracións a través da provincia de Pontevedra.

A Sección Vivendas Protexidas. Fora unha das seccións menos frutíferas do proxecto de Alfredo Saralegui en todo o país. Durante os vinte anos de vida do Pósito de Carreira/Aguiño non se levou a cabo ningunha iniciativa neste sentido, do mesmo xeito que na maior parte dos pósitos galegos.

Con todo, unha vez constituída a confraría en agosto de 1945 solicitouse esta Sección por vez primeira ao Instituto Social de la Marina e a resposta foi esperanzadora: "... contestóusenos que oportunamente se darían instrucións para levar a cabo dita obra...". Pero en marzo do ano seguinte a confraría lamentaba non ter máis noticias do asunto, "sen que ata o día de hoxe recibísemos comunicación algunha a este respecto", polo que o 30 de marzo de 1946, o Cabido volvía dirixirse ao Marqués de Valterra, máxima autoridade do ISM, para solicitar de novo "un grupo de vivendas para esta parroquia de Carreira" destinadas ás familias dos confrades, como se pediu o ano anterior. Lamentablemente, tamén este intento resultou en balde.

O conflito coa Confraría de Ribeira pola Lonxa. Carente por entón dunha lonxa propia, os barcos da Confraría de Aguiño seguían vendendo o groso das súas capturas na de Ribeira, e sería a explotación da lonxa ribeirense a orixe dun dos maiores conflitos desta época.

A comezos de 1945 comezárase a falar dunha posible transferencia da Lonxa de contratación de peixes do Axuntamento á Confraría de Pescadores de Ribeira que, en principio, contaba co apoio das outras dúas do concello: Carreira/Aguiño e Corrubedo.

Na sesión plenaria municipal do 7 de xuño deuse un paso máis nesa dirección. O Concello acusaba recibo da solicitude nese sentido da Delegación Comarcal de Sindicatos "... en nome dos cabidos das confrarías de pescadores de Riveira, Carreira e Corrubedo", e a corporación acordaba a cesión da Lonxa nunhas condicións que se negociarían entre unha comisión de concelleiros —señores Figueira, Villaverde, García e o alcalde— dunha parte, e da outra o Delegado Comarcal de Sindicatos cunha representación dos cabidos das tres confrarías.

De todos os xeitos, a corporación poñía como condicións previas e indispensables: o recoñecemento da administración municipal perpetua desa lonxa "e as que poidan xurdir dentro do termo municipal", e a percepción dunha cantidade equivalente ao 2% da pesca poxada no exercicio económico. A cambio, o Concello comprometíase a contribuír co 0'5% "ás obras asistenciais, en beneficio do produtor humilde", sempre que o permitise a futura Lei Municipal. Pola súa banda, o delegado comarcal e os tres Cabidos celebraron unha reunión o 1 de xullo seguinte co fin de acordar as condicións "... do pase da Lonxa do Concello ás Confrarías". O acordo ao que chegaron recollía "... determinadas cláusulas en nome das tres Confrarías...", e delegaban na de Ribeira para formular o contrato conforme a aquel "cambio de impresións" entre o Delegado e os tres Cabidos:

* Solicitar ao concello que, do 2% que percibiría por dereitos de Lonxa, destine o 0,5% a sufragar as necesidades económicas da Obra Sindical 18 de xullo en todo o municipio desde o 1 de xaneiro de 1946.
* Impoñer aos vendedores outro 0'5% que se destinaría ao Seguro de Enfermidade Obrigatorio, unha boa so-

lución para as Confrarías que así evitarían impoñer carga algunha aos seus mariñeiros, e do que se deu conta ao ISM por tratarse dunha "importante mellora social".

* Ademais, acordaban que a Lonxa quedaría a cargo do Concello nos aspectos administrativos, seleccionando tamén aos empregados, mentres a organización, contratación e normativa interna "... estableceranse conforme o crean conveniente as Confrarías".

Pero moi pronto xurdirían desavinzas entre as confrarías, unha vez conseguido o pase da Lonxa á Confraría de Ribeira sen que esta dese "... a coñecer pormenor algún" ás Confrarías de Aguiño e Corrubedo. O 8 de setembro de 1946 o Patrón Maior de Carreira/Aguiño explicaba aos seus socios que a Confraría de Ribeira —"como todos sabemos"— comprometeuse a liquidar directamente á de Aguiño a porcentaxe das vendas realizadas polos seus barcos na Lonxa de Riveira. Despois de dez meses sen que a confraría ribeirense efectuase liquidación algunha a pesar das reiteradas solicitudes, foi a Delegación Sindical de Ribeira —e non a Confraría de Ribeira, que era a quen lle correspondía, e "que nin se dignou a facelo"— quen convidou á de Aguiño "... a que pasemos a tomar nota na Lonxa de Riveira do que corresponde a esa Confraría.".

Ao desaire dos colegas de Ribeira, o cabido aguiñense contestou irritado pedindo ao delegado sindical que solicitase do de Ribeira "... efectúesenos a liquidación...", e que naturalmente tomarían as súas notas "... xa que así víñase verificando cando os vendedores efectuaban as liquidacións directamente connosco".

Os peores temores apoderáronse do Cabido aguiñense cando o Secretario Regueira manifestou aos asociados ser testemuña dunha manifestación verbal do Delegado Comarcal de Sindicatos, na que dicía que o 0'5% das vendas destinaríase á Obra Sindical 18 de Julio, conforme ao convido, "pero que o 1'5% que en diante aboarán os

vendedores, dispoñerá a Confraría de Riveira integramente del, co cal queda quebrantado o acordo que verbalmente tiveron os tres Patróns Maiores das súas respectivas Confrarías...".

Se iso era certo, a principal fonte de recursos económicos da Confraría de Carreira/Aguiño íase ao traste, e con ela a propia supervivencia da entidade. Ante esta situación crítica, o Cabido tomou medidas tamén extremas: pedir ao Delegado Sindical e ao Patrón Maior da Confraría de Ribeira información detallada sobre o proceso e as xestións realizadas co Concello para a transferencia da Lonxa ás Confrarías; coñecer as normas que han de rexer a Lonxa en diante; e advertir aos vendedores de peixe da Confraría de Carreira que se abstivesen de liquidar o correspondente aos seus barcos a persoa allea á Confraría. Ademais, se se comprobase a certeza do dito polo Secretario e o ratificase a contestación do Patrón Maior e Delegado Sindical, acordaron dirixirse aos organismos superiores competentes a fin de impedir o que pretende a Confraría de Riveira "... por resultar competencia ilegal con miras a eliminar as Confrarías de Carreira e Corrubedo", xa que se a de Ribeira, valéndose da Lonxa "... que conseguiu co apoio das demais Confrarías...", impuxera o 1'5% a todos os barcos do municipio, as demais confrarías que antes percibían o 1%, agora non percibirían nada, o que supoñería a desaparición das Confrarías de Corrubedo e Carreira, privadas da súa fonte de ingresos esencial. Engadían, ademais, a imposibilidade de impoñer "... carga máis algunha aos nosos barcos, porque entón resultarían máis gravados que os afectos á Confraría de Riveira...", polo que eses barcos pasarían a esta, o que viña demostrar "... a pretensión de eliminarnos".

Porén, o Secretario aconsellaba ao Cabido a conveniencia de ir polas boas e non querelarse coa Confraría de Ribeira, xa que "... hoxe en día, dona da Lonxa, ten base para impoñer as cargas que lle pareza, sen dar participación algunha a outras Confrarías", aínda a pesar de que o apoio que se lles dera non se fixo con esta intención. Había que tratar de conseguir o 1% das vendas da pesca dos barcos da confraría que sempre se percibira, "... pero

facelo con delicadeza e camaradería, xa que de facelo dunha forma impulsiva e esixente, levariamos as de perder, xa que non é norma do noso Estado Nacional Sindicalista suscitar loita de clases, senón harmonizar os intereses da produción". Enfocado o asunto así, era probable conseguir o 1% que se percibía anteriormente, e o día que "implantemos unha Lonxa nosa no porto de Aguiño, en canto mellore a situación económica que xa notablemente estase observando", solucionaríase o problema definitivamente.

O problema da cota de malletas. Xurdiu como consecuencia da crecente importancia do porto Aguiño. Desde a construción do peirao de 1934 que permitía a atracada de embarcacións de maior porte, silenciosamente e sen espaventos a frota pesqueira do noso porto progresara de forma exponencial en todas as súas especialidades —cerco, xeito, palangre, "langosteiros", polbeiros, etc.—, de maneira que cando se constitúe a Confraría a finais de 1944, o porto de Aguiño xa superaba a toda unha potencia pesqueira como Ribeira "en canto a barcos de motor", e representaba un emporio pesqueiro de primeira magnitude que reclamaba das autoridades un trato acorde á esa condición. Este imparable crecemento daría lugar a algúns conflitos, como o xurdido a comezos de 1945 coa "cota das malletas".



Frota. Desde os anos corenta a frota pesqueira de Aguiño medraba. Os barcos de cerco a motor, mais rápidos e eficaces, foron impoñéndose aos xeiteiros. Foto Antonio Parada.

Dada a carencia de equipamentos e útiles de pesca, xeneralizada naqueles tempos, as autoridades militares tiñan asignada ao Sindicato Nacional da Pesca —adscrito a Falanje Española Tradicionalista y de las JONS— a distribución mediante cotas dos escasos efectos navais entre os portos, e facíano por medio das súas sucursais, os Sindicatos Provinciais da Pesca.

O Patrón Maior Jesús Sampedro explicaba aos asociados na sesión do 30 de marzo de 1946, que por este procedemento: "... asignóusenos unha cota de 5 malletas, segundo escrito nº 235/46, cuxa oferta foi aceptada segundo telegrama que enviamos a aquela dependencia con data de 11 deste mes, sen que ata o día de hoxe recibísese a mercadoría".

Varios confrades, como Pastor Pombo Ferro e José Ayaso Álvarez mostraron as súas queixas e a súa estrañeza porque "... non se recibiu cota algunha de malletas nesta Confraría, cando outras Confrarías de bastante menor categoría que esta, como a de Vilanova de Arousa, O Grove, Portonovo, Vigo e outras distribuíron recentemente unha cota de malletas ás embarcacións afectas ás mesmas".

O Patrón Maior contestoulles que por parte da Confraría "... veñen facéndose xestións desde o próximo pasado mes de setembro con casas comerciais, co Sindicato Nacional da Pesca, coa Federación de Pósitos de L Coruña, e co Sindicato Provincial da Pesca..." para conseguir ampliar a cota e abastecerse do necesario, e ordenou ao secretario-contador dese lectura "... ás copias de escritos formulados a tal fin, así como ás respectivas contestacións de cada cal, o que foi cumprimentado e a satisfacción de todos os reunidos".

Finalmente acordaban enviar unha representación da Confraría a Madrid para entrevistarse co Marqués de Valterra —xefe do Sindicato Nacional da Pesca e Comisario do Instituto Social de la Marina— e co Director Xeral da Pesca, para facerlles ver "a perentoria necesidade deste artigo para as embarcacións afectas a esta Asociación, indicándolles que de non conseguir as malletas, farase pouco menos que imposible o poder seguir exercendo a pesca, máxime na colleita sardiñeira que se aveciña, debido a que xa na actualidade os barcos están completamente espidos deste utensilio, e outros desde logo, pero principalmente da referidas malletas".



Escena no Canto. Os barcos a motor permitiron faenar moito mais lonxe. Escena no Canto a finais dos setenta, un mariñeiro saltando do Cuarto Mar Alegre ó Manchado.

Como curiosidade, o que salta é o finado de Manuel o "Lorcheiro", pois como era coxo i estaba calma saltou el para facer o chiste. En condicións de mala mar saltaban chavales cando se apariguaban os palangres. Foto Antonio Parada.

Pouco despois, nesa mesma sesión, insistíase en que as asignacións efectuadas polo Sindicato Provincial da Pesca carecían de equidade, manexaban cifras erróneas e deixaban ás claras que aquel organismo "considera esta confraría unhas catro veces inferior á veciña Confraría de Riveira", cando en realidade e concretamente no que se refire a barcos de motor "supera a nosa Confraría a aquela". Por iso, acordábase tamén enviar un comisionado á Coruña "... co fin de facer ver estes extremos ao xefe do Sindicato Provincial da Pesca ou a quen proceda, ofrecéndolle ao mesmo toda a documentación que sexa precisa para que se nos teña na consideración que legalmente nos corresponde".

CAPÍTULO 5

A PRESENZA EN ORGANISMOS SUPERIORES

Tamén desde un principio o Pósito de Carreira/Aguiño puxo especial interese nas relacións cos colegas doutras sociedades e con organismos superiores dependentes da CCCM nos que procurou sempre estar representado, unhas veces cos seus propios delegados e outras, as máis, con comisionados compartidos con outros organismos.

Así, no mes de abril de 1925 —pouco despois da súa constitución— solicitaba a Alfredo Saralegui que accedese a representalo no Consello Directivo dos Pósitos de España por non atopar entre os seus socios "... ninguén con capacidade suficiente para exercelo...". En xuño delegaba a representación como vogal en Roberto Pombo, presidente do Pósito de Vilanova de Arousa. En xullo do mesmo ano, tras a invitación de Saralegui para participar na Asemblea Xeral de Pósitos de España que se ía celebrar na Coruña os días 29 e 30 do mesmo mes polas "... grandes vantaxes que reportaban os acordos que alí se dilucidarían...", a entidade nomeou unha representación composta polo presidente Andrés de Dios, José Pérez Romano e Juan Rey García, dotándoselles das oportunas credenciais e "..non acordándose nomear a máis señores polos gastos que con tal motivo ocasiónanse...".

Noutras ocasións a sociedade limitábase a agradecer a certos personaxes relevantes o apoio xa prestado ou unha potencial axuda futura. Así, en decembro de 1925 dábaselle "as máis expresivas grazas ao Excelentísimo Sr. Marqués de Magaz .., polo apoio grandísimo prestado en prol dos Pósitos no Congreso de Pesca celebrado en Madrid", e outro ao "Ilmo. Sr. Ministro de Facenda, D. José Calvo Sotelo polo seu elevado cargo tan merecido ao poder [sic]".

Con motivo da celebración en maio de 1926 da asemblea da Confederación de los Pósitos de España en Madrid, a Secretaría da CCCM suxería ao de Carreira/Aguiño que, "polos poucos recursos con que adoitan contar estas

humildes Sociedades, por economía e por carecer de persoas que saiban expresar estes asuntos de tan suma importancia e transcendencia", delegase a representación na Federación Galega. Así se fixo, e pouco despois enviaba unha achega de 20 pesetas para os gastos das persoas en quen delegara. Na mesma sesión do 18 de abril de 1926 e a solicitude do Presidente da Federación Galega, o de Carreira/Aguiño daba o voto para Secretario daquel organismo a José Costa Alonso, Presidente do Pósito de Moaña, "entusiasta personaxe" que máis tarde, o 17 de abril de 1928, sería tamén elixido para representalo no pleno da CCCM.

En 1929 a sociedade nomearía tamén representantes para distintos eventos e organismos: en abril, "por non serlle posible enviar este Pósito delegados para a manifestación que ha de celebrarse en Madrid o día 14 de actual, por carecer totalmente de recursos para iso", delegaban no "noso Xefe e protector o Excmo. Sr. Alfredo Saralegui para a nosa representación en tales actos, sempre que teña a ben aceptalo"; en outubro, tras as indicacións da CCCM de que debía reunirse en Xunta Xeral para elixir dous vogais para o Consello Central da Asociación Nacional Mutua de Risco Marítimo das embarcacións das listas 3ª e 4ª, acordaron elixir a "a señorita Victoria Kent, Asesor xurídico da Confederación Nacional de Pósitos e a D. Antonio Álvarez, Asesor técnico da mesma". E o 15 de decembro acordaba ingresar na recentemente constituída Federación Comarcal de Pósitos Marítimos da Provincia Marítima de Vilagarcía de Arousa, someténdose ao seu Regulamento e enviando a cota de entrada de 10 pesetas[1].

A mesma dinámica continuou no último ano da primeira etapa: o 12 de setembro de 1930, a asociación de Carreira/Aguiño decidía nomear un vogal e un suplente para representar ao pósito na Xunta Central de Pesca e, tras resaltar o presidente Antonio Dios a transcendencia deste asunto —"o valor que isto significa"—, acordouse propoñer a Antonio Iglesias Roldán, veciño de Cangas, como vogal, e a Antonio Sendón, veciño de Corme, como

1 O mesmo sucedeu cos de Foz, Burela e San Ciprián no norte de Lugo, que en 1930 pasaron a integrarse na Federación Comarcal de Pósitos da zona de Ferrol. A esta participación nos organismos de representación superiores -Asembleas de Barcelona en decembro de 1931, Santiago en 1932, Vigo en 1934, etc. é ao que Herminia Pernas denomina "superación do marco asociativo local", que no noso caso xa se deu nos anos vinte, como acabamos de ver. PERNAS, Herminia (2001), páx. 18.

suplente "por ser os señores que con máis coñecemento de causa poden defender os intereses da clase pescadora e polo celo demostrado por canto redunda no seu beneficio".

A representación institucional do Pósito de Carreira/Aguiño continuou na segunda etapa 1931-1936. O 22 de novembro de 1931, os socios acordaban solicitar a D. Alfredo Saralegui que aceptase representalo "na asemblea que debe de ter lugar en Barcelona os primeiros días de Decembro próximo". En outubro do ano seguinte, e despois de explicar o presidente Antonio Dios "o valor que ten a representación desta sociedade no Consello de Traballo", propoñía o nomeamento de Juan Iborra, presidente do Pósito de Valencia, que foi aceptada por aclamación, e enviada a certificación ao Instituto Social de la Marina.

Nalgunha ocasión, a entidade declinou a invitación para acudir a asembleas deste tipo, como sucedeu o 1 de agosto de 1936 cando o delegado rexional da Cooperativa Nacional de los Pescadores e a Federación Regional de Galicia, convocárona a unha asemblea ordinaria a celebrar en Celeiro o 16 do citado mes, e a Xunta de Socios decidiu non asistir "polos moitos gastos que nos ocasionarían as viaxes, xa que queda lonxe o mencionado porto".

En cambio, non deixou de acudir a homenaxes a certos personaxes considerados benfeitores da sociedade. Virámolo xa con motivo da homenaxe tributada en febreiro de 1925 a Ángel Alvariño, axudante de Mariña impulsor dos pósitos de Ribeira, e volverémolo a ver coa participación na homenaxe a Saralegui, para o que "xirou 100 pesetas ao Sr. D. José Macao en Porto da Selva, Xirona, tesoureiro da Xunta a Prol do Homenaxe ao Sr. D. Alfredo Saralegui" o 13 de abril de 1935; ou no Banquete-homenaxe na honra do alcalde de Ribeira José Fernández Bermúdez o 5 de xaneiro de 1936, con motivo "da súa elevación a xestor provincial", ao que asistiron sete membros da entidade.

Na terceira etapa o novo réxime político, ben pouco amigo da representación popular, suprimiu de raíz todo este tipo de actuacións e todas as actividades quedaron supeditadas ás decisións da xerarquía local do Movemento. Polo tanto, desde a rebelión de xullo de 1936, púxose punto final á relación da sociedade coas súas entidades afíns, cuxos membros directivos —patróns maiores e cabidos— eran tamén designados e non elixidos, e polo tanto non eran verdadeiramente representativos desas entidades.

CAPÍTULO 6

OS TRABALLOS E OS DÍAS NO MAR. ONTE E HOXE. CAPÍTULO VISUAL.

Se é certo o aforismo de que unha imaxe vale máis que mil palabras, damos por feito que unha ducia de imaxes valen moito máis, sobre todo se proceden do obxectivo escrutador de Antonio Parada, ao que nada se lle escapa. Con elas preténdese narrar visualmente as diversas faenas que no pasado e na actualidade levaron e levan a cabo a diario os pescadores, antes do Pósito e agora da Confraría. E non digo máis, porque quedamos en que se trata dun capítulo visual.





Foto da ezquerda. Merlusando ao palangre, no Canto, José de Xan Paz. Foto A. Parada.
Foto da dereita. Sardiñando ao cerco. Foto A. Parada.



Ameixando na praia do Castro ou de Carreira. Foto A. Parada.



Naseando á centola. Foto Antonio Parada.
Como curiosidade, o mariñeiro da foto é Juan de Chenel e a filla. Normalmente a nécora trabállase de noite. Como curiosidade, o mariñeiro da foto e Juan de Chenel e a filla. Normalmente á nécora trabállase denoite.



Polbeando fronte á praia do Castro. Foto A. Parada.



Boleando para carnada. Foto A. Parada.



Marajoteando e pinteando no illote de Vionta. Foto A. Parada.



Persebeando ata o agotamento. Os percebes son hoxe o principal recurso marisqueiro de Aguiño.



Ourisendo. Os ourizos xa son o segundo recurso mais importante en Aguiño. Foto A. Parada.



Largando a rapeta.



Limpando o aparello do cerco.



Atadoras, reparando as redes na explanada do peirao de Aguiño, un traballo complementario indispensable para as labores de pesca. Foto A. Parada.


CAPÍTULO 7

A SECCIÓN CULTURAL. AS ESCOLAS.

A Sección Cultural foi a primeira das seccións creadas no Pósito de Carreira/Aguiño e ocupouse fundamentalmente da expansión da educación e da cultura a través das novas escolas ou "Centros Culturais" creados pola entidade e financiados pola CCCM.

O labor desta sección tamén sería canalizado mediante o Regulamento da Sección Cultural, un dos "regulamentos especiais" confeccionados pola Comisión organizadora presidida por Ángel Alvariño antes da constitución da sociedade.

No seu artigo 1º, o Regulamento establecía: "Esta Sección ten por obxecto o aumento da cultura dos asociados, para o que exercerá sobre eles unha constante acción moral e educadora..., establecendo clases de coñecementos xerais e profesionais para os asociados e os seus fillos, e cursos prácticos de remendo e confección de redes, cabullería [sic] e demais para as súas mulleres e fillas". Os ensinos xerais terían os mesmos contidos "que os procurados nas escolas nacionais", mentres os profesionais faríanse mediante libros "que traten asuntos ma-



A distancia entre Carreira e o porto de Aguiño, separados por unha estrada sempre en mal estado -á dereita da foto-, impedía o acceso de nenos e nenas de Aguiño

rítimos e pesqueiros". Tamén se darían clases xerais e profesionais aos pescadores adultos "nas épocas en que as pesqueiras lles deixen tempo libre", e fomentaríanse os intercambios culturais con outras sociedades próximas. Os exames serían semestrais e concederíanse premios aos alumnos máis avantaxados.

Escolas. A educación e a cultura constituían unha gran preocupación porque nos primeiros vinte e cinco anos do século XX Aguiño carecera de escolas e as máis próximas distaban uns "5 km de malos camiños", o que na práctica imposibilitaba o acceso dos nenos e era unha das principais causas dos elevadísimos niveis de analfabetismo. Por iso, un dos asuntos que se tratou na primeira asemblea sería: "a carencia absoluta de escolas no lugar de Aguiño, fai que haxa gran número de analfabetos entre a poboación pescadora", e xa entón "acordouse por unanimidade a creación de dous centros culturais ou escolas, un na parroquia de Carreira e outro no pobo pescador de Aguiño", medida que obedecía á entidade bicéfala local Carreira/Aguiño: a capital parroquial, que xa tiña escola desde mediados do século XIX, e o emerxente núcleo de Aguiño que só a conseguiría tras unha interminable espera.

Tamén na mesma xunta acordouse proceder "con toda urxencia" á procura e arrendamento dos locais adecuados para as escolas. As dúas aulas estarían presididas por un retrato de Alfredo Saralegui "como proba de agarimo, admiración e respecto a tan insigne benfeitor desta obra redentora dos pobres pescadores". Non era de estrañar, porque o sostén económico da sociedade e das súas seccións dependía das subvencións da CCCM da que o prócer era secretario xeral, e que sufragaría desde o alugueiro dos inmobles ata o salario dos profesores, material escolar, mantemento etc.

Cara a mediados de novembro de 1924, a asociación de pescadores xa arrendara os dous locais para escolas, un en Carreira e outro en Aguiño. Faltaba aínda acondicionalos —"que mentres tanto se preparen os locais..."—,

e faltaba tamén que a CCCM concedese a subvención correspondente para gastos de material escolar e persoal docente. Por iso os dirixentes atrasaban a previsión de comezo de curso para primeiros de decembro, un cálculo aínda moi optimista. Finalmente as dúas escolas abriron as súas portas por vez primeira nos primeiros días de xaneiro de 1925, e a iso aludía o presidente Andrés de Dios o 5 de abril de 1925 cando dicía dos seus alumnos: "nos tres meses que levan funcionando os alumnos das mesmas enriqueceron considerablemente a súa intelixencia cunha infinidade de coñecementos...". O paso seguinte consistiría en conseguir que o Ministerio de Instrución Pública legalizase o funcionamento das dúas escolas, recoñecendo as súas titulacións. Isto atrasaríase ata os primeiros meses de 1927, moi a pesar dos dirixentes que non se cansaron de insistir niso[1].

Aulas. Os espazos onde se desenvolvía a actividade docente eran simples vivendas particulares construídas para uso residencial que se adaptaron para dar clase como mellor se puido. Non eran as estancias máis adecuadas para eses mesteres por falta de espazo suficiente, luz, ventilación, etc., pero era o máis habitual nas escolas daquela época[2]. Un mal endémico nas aulas sería o mal estado en que se atopaba de forma permanente o propio edificio e o material escolar, o primeiro por falta de mantemento do inmoble, e o segundo porque o propio instrumental didáctico era deficiente polo desgaste ou ben pola utilización de material xa usado, e todo iso a pesar dalgunhas medidas para a súa conservación, como dotar ás aulas de "... armarios para o seu estado de conservación e maior seguridade do mesmo" (Acta 17), que se mostraron ineficaces.

1 O recoñecemento oficial, ou como se dicía entón "concesión-autorización", das escolas dos pósitos pola Xunta Provincial de Instrución Pública foi comunicada polo Inspector Xefe de Primeiro Ensino da Provincia ao alcalde de Ribeira que, á súa vez, trasladouna aos presidentes dos pósitos de Carreira/Aguiño, Ribeira e Corrubedo en varios oficios enviados entre febreiro e maio de 1927. AMR, LRSC, ano 1927, oficios nº 781 de 11/02/1927, nº 204 de 11/03/1927, e nº 399 de 25/05/1927.

2 En marzo de 1930 o mestre Ballarín demandaba do concello que sinalase "o número de alumnos da matrícula escolar en Aguiño" en relación coa capacidade da aula, e o inspector municipal de sanidade Constantino Cobas contestaba: ".. dada la superficie y la cubicación del salón escuela de qué se trata y que son 5.890 m y 151,060 m, y asignándole un promedio de 1,25 y 5 respectivamente a cada niño, procede fijar aceptando como prudente este criterio en el medio rural, donde se carece de salones de mayor capacidad, en 40 como máximo el nº de matrícula de la indicada escuela". En realidade, sempre se superou ese número de alumnos.

Mestres ou "instrutores". Unha das maiores preocupacións de Saralegui e da CCCM sería a capacitación dos mestres ou "instrutores" para os ensinos profesionais das escolas. No propio Regulamento do noso Pósito, especificábase no art. 13, do apartado titulado "Dos instrutores": "Estes cargos serán ocupados por persoas que notoriamente dominen a materia obxecto dos ensinos que han de procurar...". E precisamente, á necesaria capacitación referiuse o propio Saralegui nunha conferencia na Asemblea de Pesca Marítima Vasca celebrada en San Sebastián o 22 de setembro de 1925[3], e o problema resolveuse finalmente con cursos de formación desenvolvidos durante as vacacións.

Unha vez elixidos os locais adecuados, a seguinte tarefa sería a selección do profesorado que ía impartir a docencia. Para iso, esa primeira xunta acordou convocar un concurso de méritos "... entre mestres nacionais para o procuro de ensinos elementais diúrnos diarias e nocturnas de adultos coas profesionais..." que se habería de celebrar no prazo dunha semana co fin de que as escolas comezasen a primeiro de novembro, algo que se antollaba case imposible. Ao concurso para "... a provisión de dúas prazas de mestres que se encargasen dos ensinos acordados, ... un para a escola de Carreira, e outro para a de Aguiño...", e que se resolvería na asemblea do 26 de outubro, presentáronse os mestres nacionais Cipriano Villar Bretal e Eduardo Somoza González, que achegaron os respectivos títulos que acreditaban a súa idoneidade, e os dirixentes da asociación acordaron adxudicar "a praza da escola de Carreira ao citado D. Eduardo Somoza González, co haber anual de 3.000 pesetas, mentres non se atopa profesor para as clases profesionais, desde cuxo momento percibirá soamente 2.500 pesetas". Non obstante, descartouse a candidatura de Cipriano Villar "... por falta de simpatías e ambiente local, considerándoo

3 ... considerando que os instrutores son na súa maioría mestres nacionais, quen para adquirir o seu título non precisan posuír ningún coñecemento marítimo (a CCCM) proxecta a organización en Madrid de cursos breves, durante as vacacións de verán para que neles poidan os instrutores dos ensinos establecidos nos Pósitos, adquirir os coñecementos de cuestións marítimas precisos para o ensino eficaz do programa que nesas escolas ha de seguirse". En Asemblea de Pesca Marítima Vasca 1925, Edición da Sociedade EUSKO-IKASKUNTZA-SOCIEDADE DE ESTUDOS VASCOS, 1928, páx. 298. A iso referíase pouco antes tamén a R.O. do 9 de maio de 1924: "... o Instrutor dos ensinos elementais ... deberá, ao ano de encargarse delas, demostrar ante un Tribunal a súa competencia nos coñecementos profesionais que o programa daquelas contén".

prexudicial para a boa marcha da Sociedade...", declarouse deserta a praza e que continuase aberto o concurso para a súa provisión ata o 26 de novembro.

Finalmente presentouse como único candidato Adelino Díaz, que anteriormente fora mestre na Sección Cultural do Pósito de Pescadores de Corrubedo, e a Xunta Xeral acordou adxudicarlle a praza do Centro Cultural de Aguiño porque "... este profesor, por selo do Pósito citado, xa reúne condicións para a praza que pretende", con igual remuneración e nas mesmas condicións que o de Carreira.

Quedaban así contratados os dous primeiros mestres dos centros culturais: Eduado Somoza González para o Centro Cultural Escola de Carreira e Adelino Díaz Pérez para o de Aguiño, cuns emolumentos lixeiramente superiores aos dos mestres das escolas públicas daquela época.

Así e todo, durante este primeiro curso escolar produciríase o falecemento do mestre do Centro Cultural de Carreira Eduardo Somoza González o 20 de setembro de 1925, interrompíase as clases nas dúas escolas durante tres días e poñíase a bandeira a medio mastro en sinal de loito, nomeábase como mestre auxiliar "ao alumno de maxisterio Manuel Arca Fernández e con esa data convocábase un novo concurso para prover esa praza entre mestres nacionais que se pecharía o próximo 11 de outubro".

De que a praza de mestre do pósito era apetecible, talvez polos seus emolumentos, dá fe que se presentasen nada menos que catro aspirantes: Manuel Pérez Morais, mestre da escola do Pósito de Noia-A Barquiña, José Santos Martínez, mestre nacional do de Lariño/Lira, Manuel Quiroga Fernández, cos títulos de bacharel e mestre de primeiro ensino na escola de Navia, no concello de Vigo, e José Conde Asperot, "que di ser Mestre de primeiro

ensino". Finalmente, a Xunta de Goberno propuxo ao candidato Manuel Quiroga Fernández e a Xunta Xeral elixiuno por unha amplísima maioría de asociados, converténdose así no terceiro mestre da sociedade con destino na escola de Carreira[4] onde tomou posesión o 9 de novembro de 1925.

Os mestres destas sociedades seguían o mesmo réxime de vacacións que os mestres nacionais nas escolas públicas: dous meses de "vacacións caniculares", uns breves días en Nadal e os festivos de Semana Santa. Os días de permiso tiñan que ser autorizados pola Xunta de Goberno, pero coa obriga de que o mestre solicitante tiña a que deixar no seu lugar un substituto competente e pagalo pola súa conta, como sucedeu o 7 de decembro de 1928 por un día de permiso "por asuntos familiares" ao mestre Manuel Quiroga.

Cabe apuntar tamén que as relacións entre os dirixentes da nosa sociedade e os mestres encargados das súas escolas sempre foron cordiais[5], tanto nos anos vinte, cando os mestres eran elixidos pola asociación, coma nos anos trinta cando pasaron a ser designados polo Ministerio de Instrucción Pública, e o seu traballo sempre foi moi valorado.

Materias. O elenco de disciplinas que se impartían era moi variado. Enumerábanas os membros da Xunta de Goberno en visita extraordinaria efectuada ás dúas escolas o 4 de abril de 1925, cando tiveron ocasión de contemplar "con asombro que os nenos realizan exercicios ximnásticos e militares, comprendidos na cartilla declarada obrigatoria polo Directorio Militar e que executan con soltura, marcialidade e elegancia..."[6].

4 En todo caso, estes nomeamentos de mestres quedaban sempre supeditados á "superior decisión" da Comisión Permanente da CCCM, como lembraba o inspector costeiro Manuel Fabeiro aos dirixentes o 24/10/1925. A Caja Central comunicoulles "ser nomeado para o Pósito de Carreira na sesión do día 3 de novembro o mestre e bacharel Manuel Quiroga".

5 A diferenza que noutros pósitos, como os da zona de Moaña, onde Costa Alonso conta que tivo que "... enfrontarse cos novos mestres das escolas dos pósitos dos pobos máis próximos a Moaña, excepto o de Darbo, por estender a súa política de esquerda...". Carmen F. Casanova (1999), páx. 191, ou o testemuño directo de J. Costa, Costa Alonso (2000), pp. 84, 85, 90 e 149, onde narra os seus desencontros en 1925 e nos anos trinta.

6 Durante a ditadura de Primo de Rivera, o goberno obrigou os mestres a proverse da Cartilla Ximnástica infantil para dar este tipo de clases de forma obrigatoria. Editábaas a Escola Central de Ximnasia de Toledo, o Ministerio de Instrucción Pública enviábaas contrarreembolso aos concellos, e estes aos mestres. En febreiro de 1927, o concello de Ribeira solicitou 14 destas cartillas con destino ás escolas do concello por un importe de 11,80 pesetas. AMR, LRSC, oficio nº 533 do 11/07/1927.

Este labor en materias alleas "ou polo menos secundarias no programa escolar", non impediu que os ensinos principais fosen atendidos con esmero. E entre os chamados "ensinos xerais" os dirixentes destacaban, por suposto, ler e escribir como materias básicas e instrumentais, pero tamén Xeografía, Historia e Debuxo, "parte principalísima do programa escolar". Subliñaban, así mesmo, que tamén tiñan "coñecementos nada comúns en razón á idade e o tempo que levan na escola, de Dereito, Fisioloxía e Canto, e economía social nos seus múltiples aspectos de previsión, aforro e organización...".

Entre os chamados "ensinos profesionais", os alumnos ían tamén adquirindo "infinidade de coñecementos elementais relacionados coas artes de pesca, costumes, multiplicación e alimentación dos animais marítimos", así como "cálculo mental e escrito aplicado aos usos comúns da vida" (acta 6). Os ensinos profesionais constituían o elemento diferencial fundamental con respecto aos ensinos que se impartían no resto das escolas públicas, e a partir do 18 de marzo de 1928 profundouse máis aínda a proposta do socio Francisco García "dando instrucións aos fillos e fillas dos socios nas artes de pesca" (acta 32). Todas estas disciplinas tiveron que adaptarse ao Regulamento modelo establecido pola CCCM para unificar todos estes ensinos[7].

A importancia da difusión destes coñecementos entre os nenos destas localidades ata entón pouco menos que esquecidas, sobre todo no que toca a Aguiño, levou a Xunta de Goberno a encarecer repetidamente á CCCM a entrega da subvención comprometida para pagar os soldos dos mestres.

7 Para facilitar o ensino nas escolas, a CCCM editou e envioulles algunhas obras como as de Carmelo Martínez Peñalver: Primeiras nocións de economía social para uso das escolas dos pósitos de pescadores (1927); Antonio Álvarez Redondo e Benigno Rodríguez Santamaría: Cartilla de oceanografía, pesca e meteoroloxía práctica para uso das Escolas dos Pósitos de Pescadores (1929); Domingo Caravaca: Elementos de xeografía astronómica e navegación para uso das Escolas dos Pósitos Marítimos e Pescadores (1930); Rodolfo Viñas Arcos e Benigno Rodríguez Santamaría: Terra, mar, homes, cousas... (1930), etc. En ANSOLA FERNÁNDEZ (2005), páx. 17.

Financiamento. Naturalmente, a posta en marcha das escolas tiña un custo que non podían asumir nin a sociedade en por si, nin os veciños de Aguiño: ese fora precisamente un dos motivos da creación da CCCM en 1919. Xa se falou diso nas reunións previas á constitución da asociación e fixéranse alusións ao asunto nas primeiras xuntas, como na do 16 de novembro (acta 3) que, referíndose ás escolas, di: "... mentres tanto, prepárense os locais provisionalmente, en tanto a Caja Central nos concede a subvención correspondente, para o que debe solicitarse de forma urxente enviando o orzamento de persoal e de material...", ou, de forma máis directa, a do 5 de abril de 1925 e seguintes, onde se reclama a ese organismo "a consignación suficiente para o sostemento dos ensinos xerais e profesionais das dúas escolas que sostén este Pósito".

Nesta ocasión, a CCCM concedeulle unha subvención de 3.000 pesetas, que serían entregadas a través do axudante de Mariña de Ribeira en dous prazos: o 15 de febreiro de 1925 entregouse ao presidente, Andrés de Dios, a primeira metade en dous cheques de 750 pesetas cada un, "das que deducidas o 1'20% para o Estado e 0,50 € de peseta por timbre ou selo de ambos, resulta un produto líquido de 1.481 pesetas con 50 céntimos". O 7 de xuño, catro meses máis tarde, fíxose efectiva a entrega da suma das "1.481 pesetas correspondentes á segunda metade da subvención que a Caja Central de Crédito Marítimo se ten dignado conceder a este Pósito para instalación dos ensinos nos centros culturais de Carreira e Aguiño, que foron entregadas... de mans do Sr. Presidente ao Tesoureiro da mesma D. Ángel Monteagudo Vidal".

O 18 de abril, a CCCM daba conta á sociedade de que "no 30 de xuño do próximo ano termina a subvención concedida para o sostemento dos ensinos deste Pósito e, por tanto, de querer seguir gozando deste grandísimo beneficio, debe solicitar novamente suplicando concedan a subvención correspondente ao próximo ano económico de 1926 a 1927". Nesta ocasión, a asociación demandou unha subvención de 6.000 pesetas, porque o

alumnado incrementárase ata os 200 alumnos e "todos os socios teñen o maior interese, debido a que os seus fillos non poden recibir ensino ningún de escolas públicas, por atoparse a única (de nova creación) moi distante...".

Rendemento escolar. Os dirixentes da sociedade amosaron a súa preocupación polo rendemento dos alumnos na actividade escolar e desde moi cedo non deixaron de enaltecer os seus progresos. Así, na visita feita ás escolas por membros da Xunta de Goberno o 4 de abril de 1925, pouco tempo despois de iniciado o curso, manifestaban que "... os alumnos das mesmas enriqueceron considerablemente a súa intelixencia" e máis adiante "os ensinos principais del están esmeradamente atendidos. Os nenos len e escriben con perfección relativa aos seus anos e á vez que levan na escola..., non descoñecen o fundamento dos fenómenos máis comúns na natureza, reciben multitude de leccións ocasionais de todo xénero..."; ou o 18 do mesmo mes, tras a realización duns exames, cando o presidente, Andrés de Dios, declaraba: "os alumnos alcanzaron notables progresos... segundo se puido comprobar nos últimos exames, nos cales demostraron grandes coñecementos de primeiro ensino con relación á súa curta idade, e tamén os relativos a Pesca, economía social e exercicios militares"; ou o 30 de outubro de 1927, cando o presidente, Antonio Dios Millares, aludía a "os grandes progresos que desde a fundación do Pósito se experimentaron en ambas as escolas". Todo iso servía de argumento para reclamar á CCCM "concédaselle cando menos a consignación que este Pósito ten asignada este curso ao profesorado de ambas as escolas, pois probablemente non hai un lugar en España máis abandonado e agradecido, nin onde tan ben caese a semente" (acta 6).

E, en xusta consecuencia, tamén foi moi alta a estima que mereceu o traballo dos mestres, tanto polo seu eficaz labor na aprendizaxe dos alumnos coma polo seu abnegado traballo, xa que compaxinaban as clases diúrnas cos raparigos ata as 17 horas, cun horario nocturno con adultos que poñía especial énfase na súa alfabetización, asunto do que falaremos ao final do capítulo. Esta alta valoración púxose de manifesto en diversas ocasións, nas

que os dirixentes non escatimaron eloxios aos docentes: vala como exemplo cando o presidente, Antonio Dios, aludía na sesión do 31 de marzo de 1928 á falta de subvención que se temía para ese ano e que podía "eliminar do seu cargo ao abnegado mestre do ensino e sociedade D. Adelino Díaz Pérez", que un pouco máis adiante, e na mesma sesión, se cualifíca de "insubstituíble", e que non se debía "deixar cesante ao encomiado mestre"; palabras semellantes mereceu o traballo do seu colega D. Manuel Quiroga[8]. Eloxios similares mereceu o labor de Pedro Minchón e Germán A. Ballarín por parte do presidente Tomás Reiriz, en decembro de 1929, que mostraba a satisfacción da asociación polo labor "non só burocrático, senón social que os señores mestres D. Pedro Minchón e Minchón e D. Germán Álvarez Ballarín desenvolven polo ben da nosa clase mariñeira, testemuñando isto dunha maneira sincera co voto de graza que por unanimidade merecen en modo especial polo interese e entusiasmo que poñen á fronte do Pósito Infantil…", algo sobre o que volveremos máis adiante.

Asistencia a clase. Desde a apertura das escolas, a asistencia ás clases foi masiva nas aulas dos dous centros culturais, pero sobre todo no de Aguiño, carente ata entón de colexios de "primeiro ensino", como xa dixemos. Ata tal punto foi así, que en outubro de 1925, cando aínda non se cumprira un ano da súa apertura, dicía o presidente que "atendendo a que excede con moito de 50 alumnos o número dos que diariamente asisten á Sección Cultural", necesitabase unha praza de auxiliar do mestre (acta 13); e na sesión da Xunta Xeral do 18 de abril de 1926, que o número de alumnos das escolas de Carreira e Aguiño "excede de 100 os que asisten a ambas as clases diariamente, non sendo menos o número de adultos que asisten ás nocturnas", o que dá idea da fame de educación que existía na parroquia[9].

8 Tan alta consideración non impediu que ambos os dous educadores tivesen finalmente que abandonar os seus quefaceres docentes o 15 de agosto de 1928, cando a CCCM retirou a subvención para a Sección Cultural. Segundo o presidente, ambos marcharon "… por crer non serían pagos pola Caja Central de Crédito Marítimo".

9 Douscentos alumnos era unha cantidade considerable tendo en conta que a poboación da parroquia de Carreira roldaba entón os 3.400 habitantes —incluído Aguiño e Sálvora— e que xa contaba con catro escolas públicas.

O desenvolvemento escolar na primeira etapa: 1924-1931

Durante os primeiros anos, as clases nas escolas de Carreira e Aguiño desenvolvéronse con normalidade, unha vez se asentaron os mestres tras os cambios obrigados de titulares acontecidos durante o primeiro ano.

A mutualidade escolar: o Pósito Infantil

Sería unha das experiencias máis notables de toda a primeira etapa. Na Asamblea de Pósitos de España celebrada na Coruña o 29 e 30 de xullo de 1925, o impulsor destas entidades, Alfredo Saralegui, expuxera ante os congregados as bondades da creación de "mutualidades escolares" entre os nenos das súas escolas, e a necesidade de poñer canto antes os "cimentos para tal fin". Un resumo desta intervención leuse na Xunta Xeral do de Aguiño o 20 de setembro de 1925.

En abril do ano seguinte, e outra vez en Xunta Xeral, os mestres das escolas Manuel Quiroga e Adelino Díaz volvían sobre esta cuestión, salientando unha vez máis "a conveniencia de crear a Mutualidade Escolar e o Pósito Infantil, razoando sobre a transcendencia e importancia de ambas as institucións, quedando en facer que empecen a funcionar canto antes". Pero ata ese momento todo quedou en boas palabras e mellores intencións, pero non pasou de aí.

Un paso importante na creación da entidade infantil deuse coa chegada de Antonio Dios Millares á Presidencia da sociedade de Carreira/Aguiño en outubro de 1927.

Segundo o que parece un plan previo, do que só uns poucos estaban ao corrente, Antonio Dios creou unha Xunta Tutelar co fin de redactar "un proxecto de Regulamento en harmonía coas disposicións da CCCM". Estaba composta polo propio presidente, o secretario, José Pérez, e os mestres Manuel Somoza e Adelino Díaz, que levaron a voz cantante nos aspectos técnicos do Regulamento e na súa redacción. Entre outubro e decembro, quedou redactado o Proxecto de Regulamento que habería rexer a institución infantil, a Xunta Tutelar aprobouno o 18 de decembro de 1927, o presidente enviouno ao Goberno Civil da Coruña ese mesmo día, e o gobernador aprobouno o 26, só unha semana despois, en tempo récord[10].


A comezos de xaneiro de 1928, co xa aprobado Regulamento na man, o presidente, Dios Millares, convocou unha Xunta Xeral Extraordinaria para tratar exclusivamente sobre a creación da entidade infantil. Na sesión do 11 de xaneiro de 1928, o propio dirixente dirixiuse aos asistentes "manifestando a conveniencia de que, o máis rápido posible, empece a funcionar o Pósito Infantil, tras a correspondente autorización da CCCM e do Sr. Gobernador Civil da provincia". A continuación, tomaron a palabra os mestres Quiroga e Díaz, e expuxeron "de maneira clara e terminante as grandes vantaxes que tal Pósito supón, e a única maneira de que estas Sociedades... amparadas pola Caja Central, poidan no futuro cumprir con tan elevado labor ao atopar persoas adestradas e coa suficiente instrución, da que hoxe se carece pouco menos que en absoluto". Finalizados os discursos, os presentes solicitaron a aprobación da proposta e que, sen máis dilación, se puxese en marcha a entidade infantil.

O Regulamento do Pósito Infantil aprobado en decembro de 1927 desenvólvese en 36 artigos que veñen clonar o Regulamento xeral de maiores, con lixeiras adaptacións propias do carácter infantil dos seus socios. O art. 1º

10 A documentación da asociación non deixou constancia ningunha de asunto tan importante, o que acredita un certo secretismo na operación, pero si a deixou a enviada polo presidente Dios ao Goberno Civil: dúas notificacións ao gobernador, a resposta deste, e finalmente o texto íntegro do Regulamento, aprobado o 26 de decembro de 1927. A rapidez na tramitación do documento polo Goberno Civil, inusitada na época, convida a pensar que o propio gobernador debía estar ao corrente do asunto.

defíneo como unha "Asociación formada polos nenos fillos dos asociados do Pósito de Pescadores de Carreira, que ten como principal misión difundir nos mesmos o amor á institución, capacitándoos para que poidan dirixila no futuro...".

Do mesmo xeito que o de maiores, o de nenos estruturábase internamente en Xunta de Goberno, Xunta Xeral e Seccións. Ambas as xuntas, compostas exactamente igual que as de maiores, estaban subordinadas a unha Xunta Tutelar de Adultos, que tiña a misión de "... orientar e aconsellar os nenos que constitúen a Xunta de Goberno", e os seus membros eran os responsables do funcionamento da entidade, "... tendo en conta que os nenos non están capacitados pola súa idade para dirixir coa súa exclusiva responsabilidade esta institución". A tutelar era elixida pola Xunta Xeral de Maiores e o seu secretario tiña que ser un dos profesores, como "inspirador e executor de canto se considere conveniente para o funcionamento do Pósito Infantil". A estrutura, a dinámica interna e as funcións de todos estes "organismos sociais" era a mesma que a dos seus homónimos de goberno dos maiores.



Regulamento do Pósito Infantil

Como o de maiores, o Regulamento establecía ademais tres seccións: Mutualidade, Cooperativa, e Cultural e Artística, cada unha co seu propio Regulamento específico e a súa Xunta Directiva. A Sección de Mutualidade tiña como obxectivos: socorro mutuo de enfermidade e falecemento, aforro, dotes infantís e pensións para a vellez. A Sección de Cooperativa, exercitar os nenos en prácticas de cooperación, e a Sección Cultural e Artística, organizar actos culturais e artísticos.

O Regulamento establecía tamén as condicións para ser socios —boa conduta a ollos dos profesores e idades comprendidas entre os 8 e os 18 anos—, cotas de entrada e cotas mensuais —0'25 e 0'5 céntimos respectivamente—, tipos de socios, dereitos e deberes etc. O seu artigo 33 estipulaba premios polo aproveitamento escolar e o bo comportamento dos nenos: "... quedarán exceptuados do pago de cotas de 3 a 6 meses.., considerándose socio de honra.., e con dereito a figurar nun cadro que se colocará en lugar preferente da escola...".

Finalmente, consignaba a obriga de "prestar a súa cooperación entusiasta aos actos que o Pósito de Pescadores de Carreira (de Maiores) realice para conmemorar as datas da súa organización e para outro calquera acto que redunde no beneficio moral da institución...".

A nova entidade infantil púxose baixo a dirección dun presidente-tutelar, tal e como establecía o Regulamento, e asumiu a Secretaría o mestre Manuel Somoza. Pouco despois, e con fondos do Pósito de Maiores, foron dotados de uniformes os nenos do Infantil. Os dous mestres das escolas, Somoza e Díaz, encargáronse de instruír os nenos dúas veces por semana na disciplina propia dos desfiles e paradas militares, e nos exercicios ximnásticos, tarefas nas que continuaron ata o mes de agosto de 1928, cando tiveron que abandonar os seus cargos, como xa explicamos.

A cerimonia de recepción de Alfredo Saralegui en Aguiño o 9 de setembro de 1930 deu ocasión para que os nenos do Pósito Infantil lucisen o seu adestramento. Á chegada de Saralegui, os seus membros foron colocados en lugar preeminente do local social e, "debidamente uniformados, baixo a dirección do presidente-tutelar Sr. Sampedro e do contador, Sr. Germán Ballarín", renderon honras ao homenaxeado. Pouco despois, Saralegui dirixíase aos presentes e, tras falarlles da misión destas entidades e eloxiar o labor que viña realizando o de Carreira, dedicou "palabras efusivas aos nenos do Pósito Infantil, dicindo que nestas institucións espera o resultado máis positivo da clase pescadora e fai eloxios aos señores profesores Minchón e Ballarín", instrutores dos nenos, tras o cal o público que enchía o local coroou as últimas palabras do señor Saralegui cun longo aplauso.

A visita de Alfredo Saralegui ao Pósito de Carreira/Aguiño foi amplamente cuberta pola prensa da época, como Faro de Vigo, El Pueblo Gallego e La Voz de Galicia. Esta é a crónica nas páxinas do xornal La Voz de Galicia do 11 de setembro de 1930.

> El señor Saralegui y los pósitos DE CARREIRA-RIVEIRA
>
> "De grandioso puede sin hipérbole considerarse el recibimiento que el Pósito de Carreira tributó al fundador de los mismos y Presidente del Instituto Social de la Mariña, D. Alfredo Saralegui.
>
> El martes, a las cinco y media de la tarde, hizo su entrada el Sr Saralégui al que acompañaba el Sr. Magariños Granda, Presidente de la Federación Comarcal de la Ría de Arosa y otras personalidades.
>
> Los pescadores, mujeres y niños del Pósito Infantil que esperaban a lo largo de la carretera, no cesaban de dar vivas. Verdadero bullicio, bombas, alegría, emoción en todos.
>
> En el local del Pósito fue recibido por la directiva y asociados. Hizo la presentación el señor Ayudante de Mariña de Riveira, y a continuación habló el Sr. Saralegui con el cariño, emoción y galanura que él sabe hacerlo.

Explicó en síntesis la misión de los Pósitos. Elogió la labor que viene realizando el de Carreira. Les excitó a que sigan con el mismo entusiasmo para lograr la emancipación económica y espiritual de los vecinos de Carreira, augurándoles un feliz éxito. Dedicó palabras efusivas a los niños del Pósito Infantil, elogiando a los maestros señores Minchon y Vallerín [sic].

El público que llenaba el local coronó las últimas palabras del Sr Saralegui con un largo aplauso.

A continuación D. Francisco García Olveira, de la Junta inspectora del mencionado Pósito, dio lectura a unas bien razonadas y hermosas cuartillas sobre la Cooperación, siendo muy aplaudido.

El Sr. Magariños, con palabra cálida y fácil, lleno de emoción ante el acto que presenciaba, hizo historia de la labor que vienen realizando los Pósitos y el Instituto Social de Marina. Hace historia de algunas asambleas y alude a la que tendrá lugar el día 12 en El Ferrol. Termina manifestando que el Pósito de Carreira, dado el entusiasmo que vienen demostrando sus componentes, no tardará en ser uno de los mejores del litoral gallego. Fue largamente ovacionado.

A la salida del local, la multitud que invadía la carretera en largo trayecto, volvió a repetir las manifestaciones de afecto al Sr. Saralegui.

El gesto de los pescadores de Carreira y del pueblo en general, merece un franco y decidido elogio por la sensibilidad y espíritu de cooperación que demuestran. No obstante ser un día de trabajo, todos los pescadores abandonaron sus faenas para recibir, como se merece, al apóstol de la clase sufrida y hasta hace poco abandonada.

Nuestra felicitación a todos y especialmente a su digno presidente D. Antonio Dios Millares"

MOURE

Da compracencia dos socios polo labor dos mestres instrutores pasados e presentes, e polos progresos dos nenos da sección infantil, son boa proba as palabras que o novo presidente, Tomás Reiriz Álvarez, dirixía aos presentes na súa toma de posesión o día de Nadal de 1930, pedindo ao secretario que constase en acta a satisfacción de todos polo labor que desenvolvían "... e de modo especial polo interese e entusiasmo que poñen á fronte do Pósito Infantil, orgullo para nós, que en prazo non moi afastado ha de substituírnos co civismo e educación corporativa que faga triunfar a causa pola cal todos traballamos".

Nos anos trinta, os novos mestres Pedro Minchón e Germán Ballarín asumirían o mesmo papel que os seus predecesores Manuel Somoza e Adelino Díaz á fronte da entidade infantil.

Como aconteceu noutras seccións da sociedade de maiores, en 1935 os membros da Xunta Tutelar do Infantil elaboraron un novo Regulamento e presentárono á Xunta Xeral de Maiores que o aprobou por unanimidade o 27 de outubro dese ano[11]. Este novo documento limitábase a confirmar a súa afinidade coa Lei de Asociacións de 1887, non difería no substancial do Regulamento anterior e tampouco achegaba novidades salientables.

A crise de 1928: retirada de subvención e peche das escolas

O normal funcionamento das dúas escolas mantívose ata que en marzo de 1928 a CCCM comunicaba inesperadamente a fin das subvencións para as Seccións Culturais, é dicir, para as súas escolas. Na sesión do día 11, ante "... un nutrido número de asociados, entre os que se observan bastantes mulleres en representación dos

11 Compoñían esta Xunta Tutelar: Tomás Fernández Bretal, como presidente; secretario, Germán Álvarez Ballarín, e tesoureiro-contador, Juan Paz Bretal.

seus homes ausentes, convocados en Xunta Xeral extraordinaria...", o presidente Antonio Deus participaba: "... a triste noticia de que a partir do día 10 deste mes cesará a subvención que, para ensino na Sección Cultural de Aguiño, viña concedendo a Excelentísima Comisión Permanente da Caja Central de Crédito Marítimo". A noticia caeu como un xerro de auga fría. A entidade expresaba a súa consternación dada a gravidade do asunto e pedía que lles retirasen calquera outra axuda menos esa: "... acordouse unanimemente renunciar a calquera outro beneficio que con tal supresión puidese investirse noutros aspectos desta Sociedade, posto que o máis beneficioso que para este Pósito pode conceder a referida Caja Central é o sostemento dos ensinos nas súas dúas escolas de Carreira e Aguiño". De nada valeu recorrer a Alfredo Saralegui para que fixese valer a súa "valiosa influencia" ante a Comisión Permanente da CCCM, nin rogar a ese organismo, cualificado como "altruísta corporación", revogar a súa resolución, e esta fíxose firme.

Cal era o motivo da sorprendente decisión da CCCM de suspender as subvencións ao ensino? É moi probable que en certos círculos ministeriais madrileños xa se barruntase a intención do Ministerio de Instrucción Pública de integrar as escolas dos pósitos na rede de escolas nacionais —ou, como dicía o inspector costeiro José Costa Alonso, "nacionalizar as escolas dos pósitos"—, e é máis que probable que esta nova chegase a oídos dos dirixentes da CCCM, ou que mesmo xa estivese pactada con eles, pois afectaba tanto ao Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes coma ao de Marina, ao que estaban adscritos a Caja Central e as sociedades de pescadores. De feito, a decisión fíxose moi pronto realidade coa promulgación na Gaceta de Madrid da Real Orde do 24 de agosto de 1928.

Esa integración significaba que estas escolas pasaban do Ministerio de Marina ao de Instrucción Pública y Bellas Artes, e que os mestres pasaban a ser nomeados polo Ministerio de Instrucción, que se facía cargo tamén dos

seus soldos, do mesmo xeito que do resto dos soldos dos mestres nacionais. Significaba tamén un alivio para as arcas da CCCM, que aforraría en diante as subvencións ás seccións culturais das entidades pescadoras, que servían para cubrir os soldos dos mestres: ao non concedela, aforráronse xa os cartos do curso 1928-29. E tamén significaba, ou polo menos así o parecía, un alivio para os pósitos, xa que en adiante deixarían de ocuparse desas subvencións e da súa burocracia, de estar pendentes dos atrasos nos pagamentos, de adiantar cartos propios para paliar eses atrasos, de convocar concursos de méritos entre mestres para prover, como en anos anteriores, as prazas vacantes, etc.

Con todo, esta Real Orde executaríase tarde e mal, e o que se lexislou en agosto de 1928 tardouse case dous anos en implementar por mor da lenta burocracia e das reticencias dos prexudicados. Os concellos foron os primeiros en manifestar o seu desacordo, e entre eles o de Ribeira, porque agora tiña que custear o alugueiro de seis escolas máis[12]. Por iso, como sinalan Pérez Lustres e Pérez Besada, o alcalde Manuel Peña comunicaba o 19 de outubro ao inspector xefe de Primeiro Ensino da Coruña que "... a Comisión Municipal permanente e a Xunta local de 1º Ensino que teño a honra de presidir, nas sesións do 24 de setembro próximo pasado e 15 do actual..., acreditativas das causas por que ambas as entidades se opoñen a facerse cargo das escolas creadas polos pósitos de pescadores da localidade e acordadas por R.O. do 24 de agosto de 1928 anterior, sexan instaladas por conta do municipio". Algo similar ao que transmitiu o 16 de novembro ao axudante de Mariña e inspector dos de Ribeira: "non pode proceder á instalación das catro escolas procedentes dos pósitos deste municipio por carecerse no vixente orzamento da consignación necesaria para este obxecto"[13].

12 Desde a Lei Moyano de 1857, os concellos tiñan a obriga de sufragar os gastos dos locais das escolas.
13 Pérez Lustres, Chenel e Pérez Besada, Xesús: A escola na memoria, Riveira 1906-1956. Ribeira, Ed. Concello de Ribeira, 2007, páx. 35, e tamén AMR, LRSC 1928, oficio nº 883 do 19/10/1928.

A negativa da CCCM a conceder a subvención á Sección Cultural abriu un período de interinidade de case dous anos, nos que a sociedade de pescadores de Carreira/Aguiño, xa sen subvencións e aínda sen mestres do ministerio, mantivo as escolas abertas como puido. A falta de fondos supuxo o cesamento dos "insubstituíbles" e "abnegados mestres do ensino e a sociedade" Adelino Díaz Pérez e Manuel Quiroga á fronte das escolas de Aguiño e Carreira. O 15 de agosto despedíanse da entidade "alegando que non continuarán o ensino por crer que non serían pagos pola Caja Central de Crédito Marítimo" (acta 36). A situación de impasse durou ata marzo de 1930, case dous anos nos que exerceron como mestres interinos Francisco García Olveira, na escola de Carreira, e Manuel Sampedro Dios, en Aguiño, coa condición de que ambos repartisen unha probable subvención da CCCM: "ser repartida a paga do mestre que por conduto da Caja Central nos mande". As clases proseguiron en precario, "chegando os días pertencentes", é dicir o 1 de outubro de 1928, tendo que cargar "unha pequena cota a cada asociado para dar unha gratificación" aos novos mestres.

A comezos de marzo de 1930, a situación normalizouse cando o Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes enviou os dous primeiros mestres nacionais destinados á nosa sociedade, uns mestres que chegaron non por concurso de méritos convocado pola entidade, senón por concurso de traslado entre mestres nacionais convocado polo Ministerio de Instrucción. Na asemblea do 19 de marzo de 1930, o inspector local e axudante de Mariña de Ribeira Manuel Jiménez fixo a presentación dos mestres Pedro Minchón Minchón, destinado na escola de Aguiño, e Germán Álvarez Ballarín, na de Carreira[14], "para os que ten frases de agarimo e de alento para emprender o nobre e meritísimo labor de traballar en prol dos intereses do pósito. De igual xeito, diríxese á colectividade en súplica de que saiban gardar as consideracións debidas aos que en primeiro lugar van forxar o espírito dos seus fillos, futuros homes que a sociedade espera para o mañá...". Ademais, encargaba á entidade dar "casa-habitación capaz e decente" ao mestre Pedro Minchón.

14 Estes mestres chegaron á parroquia con 29 anos de idade. Ballarín, solteiro, procedía de Zaragoza, e Minchón, casado e cun fillo, de San Juan del Puerto (Huelva), e xa exercera como mestre en Bejes (Santander).

Ao final, o infortunio de ter que prescindir dos aprezados mestres Manuel Quiroga e Adelino Díaz quedou sobradamente compensado dous anos máis tarde cos mestres Minchón e Ballarín, que sen dúbida superaron o alto listón deixado polos seus colegas. O nomeamento de Minchón e Ballarín supuxo un salto cualitativo e imprimiría novos bríos á entidade. A partir de entón, ademais de asumir as tarefas docentes propiamente ditas, o primeiro fíxose cargo da Secretaría —traballo burocrático e administración—, mentres Ballarín se ocupou da asesoría e das contas da sociedade. Estes nomeamentos materializáronse naquela mesma sesión.

A participación dos mestres na vida da institución. Tamén desde o momento mesmo da súa fundación en 1924, os mestres desenvolveron unha participación moi activa na vida da asociación. Na propia reunión da súa constitución estiveran presentes personalidades da docencia, como o mestre de Ribeira Pedro Malillos Blanco ou Eduardo Somoza González. Os tres primeiros mestres titulares das escolas —Eduardo Somoza ata o seu pasamento ao pouco de empezar, Adelino Díaz e Manuel Quiroga— implicáronse na vida interna da entidade, en asuntos como a lectura pública de documentos nas xuntas xerais, en distintas comisións, na constitución da sección infantil, contratación de médicos etc.; unha implicación que se intensificou nos anos trinta cos seus sucesores Pedro Minchón e Germán A. Ballarín.

Nomeados secretario e contador, respectivamente, na primeira sesión, na que foron investidos mestres titulares o 19 de marzo de 1930, dúas semanas máis tarde presentaron a súa "... dimisión con carácter irrevogable dos cargos de secretario e contador" por sentirse aludidos polas palabras do socio Tomás Fernández, que pedira a renovación de todos os cargos directivos "xa que non cumprían á súa maneira de entender". Na seguinte sesión, do 5 de abril, o presidente desculpábase e achacaba todo a un malentendido —"non habendo causas que funden tal dimisión, senón que todo obedece a terxiversar os conceptos expostos polo socio D. Tomás Fernández, fa-

cemos constar que este Pósito non só se ve honrado coa asistencia dos cargos que representan os devanditos señores, senón que é indispensable para o progreso desta Asociación, como o demostran os actos que ata o de agora realizaron na nosa Xunta de Goberno". E recoñecendo ese traballo como secretario e contador á marxe da docencia, ofrecíalles unha gratificación de 250 a 300 pesetas anuais, oferta que ambos aceptaban "... só en caso de cumprir con satisfacción de todos. Con estes termos reingresan os señores mestres prometendo traballar con fe e vontade ata conseguir o nobre ideal que todo Pósito ten que realizar para cumprir a súa misión".

Un mes máis tarde, transmitía vía telegrama ao Marqués de Valterra[15] a alta estima na que tiñan o labor dos mestres, á marxe do seu labor docente, encargándose da administración e asesoría da sociedade como secretario e contador, a satisfacción de todos, no trimestre que levaban traballando neses labores, e propoñía o presidente da Comisión Permanente do Instituto Social de la Marina unha gratificación mediante subvención de 600 pesetas anuais "polo traballo burocrático e de asesor que realizan". Os mestres agradecían a proposta, pero facendo constar que "por encima da ínfima cantidade que da Caja solicita, está o amor e o entusiasmo que os pósitos merecen e que o interese de facer ben polo mesmo ben é o que fai que en boa vontade continúen poñendo o seu empeño para facer prosperar o Pósito de Carreira...", palabras que foron acollidas cunha nutrida salva de aplausos. O certo é que os mestres nunca chegarían a percibir eses cartos, do que se lamentaría Pedro Minchón en decembro, como tampouco se lles proporcionou casa-habitación, como llelo prometeran, nin compensación por iso, e aseguraba aos socios que "aínda que isto grava o noso haber modesto, seguiremos traballando ao voso lado pois vos repetimos, sen arrogancia nin vaidade, que non é a ínfima cantidade de subvención o que nos move, senón a vosa reivindicación, que é a nosa mesma".

15 Por erro, o secretario que redactou a Acta nº 55, do 15 de maio de 1930, escribiu "Marqués de Salvaterra", en lugar de Marqués de Valterra, home de confianza de Alfredo Saralegui no ISM naquel entón e que tras a guerra civil o traizoaría.

En setembro de 1930 houbo un pequeno altercado, de novo por un malentendido, no que se viu implicado o mestre Minchón. O asunto comezou cunha "encalorada [sic] discusión" entre o presidente Antonio Dios e o socio Roque Sampedro por unha partida de 6 pesetas "que existe en concepto de gasto para o Pósito Infantil, da que protesta o Sr. Roque Sampedro". Isto provocou, primeiro, a intervención do presidente tutelar da sección infantil e, a continuación, do secretario Pedro Minchón porque o debate se fixo "no dialecto da Rexión, isto fai que interprete mal o Secretario ao Sr. Roque Sampedro, e obrigue ao Sr. Minchón a tomar parte na discusión e, créndose ofendido, reta ao Sr. Roque, mesmo no Pósito que fora de él". A tensión agravouse, Roque Sampedro respondeu ao reto levantándose do seu asento "en estado belicoso", pero o sangue non chegou ao río. Acougados os ánimos, Minchón lamentou o sucedido, pediu perdón por interpretar mal as palabras de Sampedro, ambos déronse a man e a Xeral aplaudiu a conduta de ambos. O curioso do incidente sería a solución proposta polo mestre para evitar discusións e desgustos no futuro: que en diante se falase só en castelán!

O desenvolvemento escolar na segunda etapa: 1931-1936

A segunda etapa, correspondente aos anos da República, ábrese con dúas reunións consecutivas nas que os membros da sociedade reiteraban a súa satisfacción co labor dos mestres: na sesión do 24 de maio de 1931 aprobouse unha instancia ao presidente do ISM, que rezaba: "... non decaendo o entusiasmo, e sendo extraordinario o labor que o mestres D. Pedro Minchón e Minchón, da Sección de Carreira, e D. Germán Álvarez Ballarín, da Sección de Aguiño, realizan na asociación; labor que por outra banda, puido ser probado polo noso apóstolo D. Alfredo Saralegui en visita realizada a este Pósito...", e insistían na promesa que se lles fixera de conceder "a cada un dos mencionados mestres a subvención máxima, ou sexa, que cada un cobre a partir do mes de xuño 600

pesetas anuais, cantidade que o Pósito considera insuficiente tendo en conta que hai mestres que cobran máis e cuxo labor coñecido nesta asociación non supera o que realizan os nosos mestres D. Pedro Minchón e Minchón e D. Germán Álvarez Ballarín, polo que este Pósito vería con gran satisfacción que os devanditos mestres fosen equiparados a esoutros en gratificación". Pasábase así de reclamar 300 pesetas anuais para cada mestre, a 600 pesetas anuais.

O ano 1932 comezou nos mesmos termos: o presidente Antonio Dios comezaba a súa intervención na Xunta do 24 de xaneiro expresando a satisfacción polo labor dos docentes e, case coas mesmas palabras que en sesións anteriores, reclamaba á Xunta de Xefes do ISM a concesión da subvención máxima de 600 pesetas para os mestres Minchón e Ballarín, e para sorpresa de todos esta vez foilles concedida.

E outra vez a finais de 1932, eloxiando de novo a súa tarefa "polo gran labor social que realizan e o gran traballo material que, de aquí a pouco, nesta data, pesa sobre eles e que en prazo moi breve se verá aumentado grandemente" e, en consecuencia, solicitude ao presidente da Xunta de Xefes do ISM en súplica de que "se lles aumente a gratificación que veñen gozando ás 1.000 pesetas". Acordábase tamén que a instancia fose acompañada dunha carta do inspector local para Saralegui que acreditase o gran labor realizado polos mestres "que fixeron que sexa citado este Pósito como modelo en Galicia polo Inspector Costeiro Sr. Costa Alonso en varias ocasións na citada Xunta de Xefes...".

En xullo de 1933, varios socios solicitaron ao presidente Antonio Dios pedir ao ISM a creación dunha nova escola de nenas sostida polo devandito organismo. A proposta respondía ás novas realidades dun Aguiño que naquel momento experimentaba un crecente censo escolar, acorde cunha poboación tamén en ascenso que xa superaba

folgadamente os 1.000 habitantes. Por outra banda, o concello —que, en principio, era a quen lle correspondían as atribucións sobre o ensino, e para quen Aguiño seguía sen ser a principal das súas preocupacións— non atravesaba unha situación moi boiante por mor da crise económica, o que lle impedía "... remediar o abandono en que se atopan infinidade de nenas residentes en Aguiño que non poden asistir á escola nacional (única) por ter cuberta a matrícula cun grande exceso de alumnos" e, máis adiante, "... beneficiar a tantas nenas que tendo a idade escolar non poden ir a ela por falta de escolas...". A Xunta Xeral instou o presidente a solicitar a escola ao ISM, que, a xulgar polo silencio dos documentos respecto diso, non parece que lle fixera moito caso.

A Escola Elemental de Pesca. Pero a grande achega desta segunda etapa 1931-36 sería a creación dunha Escola Elemental de Pesca. O proxecto partiu dunha proposta do presidente Antonio Dios á Xunta Xeral, o 29 de xaneiro de 1933, coa idea de impartir o ensino necesario para preparar e obter o título de patrón de pesca. O proxecto foi acollido con entusiasmo e quedou esbozado nesa sesión. A Escola Elemental de Pesca esixiu un ensino moito máis especializado que o ensino profesional das escolas da primeira etapa nos anos vinte[16], con materias relacionadas coa navegación —cartas náuticas, meteoroloxía, manobras, regulamento internacional para previr abordaxes, lexislación etc.— que serían impartidas polos dous mestres das escolas da entidade, Pedro Minchón e Germán A. Ballarín[17]; prácticas a bordo cos profesores e alumnos das que se encargaría un patrón titulado e nocións de hixiene sanitaria relacionadas con feridas, vendaxes, queimaduras, etc. a cargo dun médico.

Os dous mestres recibirían unha gratificación de 750 pesetas anuais, ademais dos seus emolumentos como docentes, mentres o patrón percibiría 500 pesetas ao ano. O curso desenvolveríase en oito meses, con dúas ho

16 Desde xaneiro de 1930, o ISM comezou a esixir certificados de capacitación aos mestres dos pósitos para poder impartir ensinos profesionais, e así en marzo de 1930 o organismo facía chegar, a través do alcalde, aos mestres do pósito Minchón e Ballarin a "Cerfificación de aptitude de orientación marítima". AMR, LRSC 1930, nº 170 y 176, de 3 y 7 de marzo de 1930.
17 Ao mesmo tempo, facíase outro tanto en Cangas coa creación da súa Escola Elemental de Pesca, por impulso do mestre maño Felipe Carnicer (destinado alí en 1930, como o seu paisano Germán Ballarín en Aguiño), cuxo primeiro curso foi de agosto de 1933 a abril de 1934, coincidindo co de Aguiño. Vid. web ailladosratos.org, visita do 10/11/2024.

ras de clase diarias e matrícula dun máximo de 60 alumnos, que gozarían desta formación de forma gratuíta e que terían que ser socios ou fillos de socios. O Pósito de Pescadores, pola súa banda, proporcionaría material docente: "mapas e cartas xerais e particulares, e sobre todo os de punto maior e compás, así como transportadores e regras, e demais utensilios...". Este sería o primeiro bosquexo da Escola de Pesca.



Alumnos das escolas do Pósito de Carreira-Aguiño cos mestres Minchón (frecha grande) e Ballarín (frecha pequena), e dous membros da entidade, cara a 1930.

Nos meses seguintes expoñeríaselles o proxecto aos dirixentes do Instituto Social de la Marina, que aceptaron a habilitación dos profesores Minchón e Ballarín para impartir as materias propias da Escola de Pesca, xa que tiveran ao seu cargo formación profesional deste tipo nas escolas a finais da primeira etapa. Obtido o financiamento e o visto e prace do ISM, no mes de agosto de 1933 poñíase en marcha a Escola Elemental de Pesca baixo a dirección de Pedro Minchón, "fundador, organizador e ao mesmo tempo director da Escola", e a asistencia de Germán Álvarez Ballarín, "eficaz colaborador, xa que comparte as tarefas que estas clases proporcionan", e a cooperación como patrón titulado de Antonio Dios Millares, naquel momento presidente, cuxa participación no proxecto, aceptada por el de mala gana, foi aprobada por aclamación.

No mes de xaneiro de 1934, xa excedido o paso de ecuador do curso, o director da Escola, Pedro Minchón, daba "... as grazas ao presidente pola súa valiosa colaboración a esta elemental Escola de Pesca, como así mesmo a todos os socios, polo entusiasmo que poñen nela e de maneira moi especial a D. Germán Álvarez...", e anunciaba que as clases finalizarían no mes de marzo de 1934. Nos últimos días do curso, os alumnos elaborarían traballos-resumos que acompañarían a memoria que o director entregaría á Xunta Xeral de socios, e unha vez recollido o informe sobre a mesma, remitiríase todo iso á Xunta de Xefes do Instituto Social de la Marina para o seu coñecemento. Na sesión mencionada do 11 de xaneiro, a Xunta Xeral aprobou "... con satisfacción e entusiasmo o labor cultural que realiza esta escola dotando de mariñeiros debidamente capacitados e felicita o fundador e os seus colaboradores polos seus traballos".

A creación da Escola Elemental de Pesca —que axiña pasou a chamarse Escola de Orientación Marítima e máis tarde Escola de Orientación Marítima e Pesqueira— sería un fito fundamental na historia da entidade porque, por vez primeira, poría ao dispor daquelas humildes xentes mariñeiras non só un coñecemento máis profundo das

materias relacionadas coa súa profesión, senón tamén o recoñecemento oficial das súas titulacións, o que abría horizontes máis amplos para que no futuro os mozos de Aguiño e Carreira puidesen traballar como patróns ou oficiais noutras xeografías. Anécdota que simboliza a importancia e o orgullo que para os asociados tería esta escola é que, a partir de entón e ata o comezo da Guerra civil, as actas das xuntas xerais de asociados comezarían sempre coa expresión: "No local da Escola de Orientación Marítima e Pesqueira de Carreira, Sección Aguiño...".

O desenvolvemento escolar na terceira etapa: 1936-1944

Nesta terceira singradura diminúen sensiblemente nas actas das xuntas xerais as noticias relacionadas coa educación en xeral e cos profesores en particular. Algo que, probablemente, teña relación co feito de que o mestre máis carismático da etapa anterior, Pedro Minchón, peza fundamental do pósito nos anos previos á guerra, foi agora sometido polas novas autoridades franquistas a un dos seus procesos de depuración contra os mestres.

En 1937, Pedro Minchón foi privado de emprego e soldo durante tres meses por participar en "... nunha subscrición en favor dos fillos dos seus compañeiros presos con motivo dos sucesos revolucionarios do ano 1934..." e comezou a cumprir a suspensión o 31 de decembro de 1937. Tratábase dunha sanción con carácter retroactivo[18] por uns feitos que ocorreran tres anos atrás, que se fixo firme a pesar de que o concello acreditara a súa condición de "mestre exemplar tanto no aspecto moral coma no patriótico e relixioso" e demandaba á Sección Administrativa de Primeiro Ensino da provincia que se lle permitise "seguir poñendo clase aos seus discípulos durante os meses

18 Pérez Lustres y Pérez Besada (2007), páx. 65.

de sanción sen que por iso pretenda dereito nin remuneración ningunha..."[19]. En 1938, o mestre Pedro Minchón aínda permanecía en Aguiño, pero apartado do ensino.

O peor para o mestre onubense chegaría tras a guerra, cando foi acusado de masón e procesado polo Tribunal para la Represión de la Masonería y el Comunismo, que o condenou a 12 anos e un día de presidio e inhabilitou para a docencia. Tras seis longos anos de reclusión por unha acusación sen fundamento que nunca chegou a ser probada[20], o 9 de febreiro de 1946 rebaixóuselle a pena a 6 meses e 1 día, saíu en liberdade por computárselle o tempo pasado en prisión, pero pasou dous anos sen poder dar clase.

Mellor sorte correu o outro mestre, Germán Álvarez Ballarín, que non sufriu problema ningún co novo réxime político e mesmo prestouse a colaborar coas autoridades franquistas, por exemplo, como delegado do alcalde Miguel Rodríguez Bautista, nas sesións da xuntas xerais dos pósitos de Carreira e Ribeira. Durante a Guerra civil e a ditadura franquista continuou como mestre titular, primeiro do pósito e máis adiante da Confraría de Pescadores de Carreira/Aguiño, ata finais dos anos cincuenta.

Durante os anos da guerra, tentouse concentrar as dúas escolas de orientación en Aguiño. En decembro de 1938, os socios encomendaron a tarefa ao presidente "... por entenderse que as escolas de Orientación Marítima deben funcionar no porto". E para compensar, acordaban ao mesmo tempo que a Escola Nacional de Nenos que xa funcionaba en Aguiño "pase a substituír esta falta a Carreira". Este traslado consumouse pouco despois, e des

19 De nada valeu que o alcalde, José Pérez Martínez, mediara insistentemente ante as instancias superiores —reitor da Universidade de Santiago, gobernador civil, xefe da Sección Administrativa Provincial de 1º Ensino, etc.— en favor de Minchón e outros mestres aos que cualificou de "excelentes persoas, tanto no terreo oficial, coma no particular...". AMR, LRSC 1938, saída nº 122, do 28/01/1938.

20 Por iso, e como apunta García Díaz, "oficialmente en ningunha das instancias polas que pasou o seu expediente foi acusado de ser masón". GARCÍA DÍAZ, J. M.: Docentes y masones. Depuraciones y represión en el noroeste de Galicia tras el golpe franquista, Editorial Masónica, Oviedo, 2020, páx. 143.

de 1941 as dúas Escolas OMP situáronse na nova Casa do Pescador, onde permaneceron moitos anos a pesar dos denodados esforzos da confraría por separalas de novo en 1945 para poder dispoñer daquelas instalacións como sede social.

Meses despois, abríase tamén a nova Escola de Ensino Primario na illa de Sálvora a cargo do mestre nacional Francisco Martínez Suárez, cuxo labor mereceu o recoñecemento do presidente Antonio Ayaso, que o 1 de outubro de 1939 eloxiaba ante os asociados "... o labor que vén desenvolvendo, vén merecendo a máxima satisfacción dos veciños da referida illa, xa que anteriormente os nenos estaban completamente abandonados á súa sorte...", polo que os mariñeiros de Aguiño expresaban "a maior satisfacción e simpatía ao labor do referido señor". Con todo, o local que albergaba a escola non era o máis axeitado e, á altura de 1943, estaba tan ruinoso que o 31 de xaneiro o mestre ao seu cargo solicitaba á sociedade de pescadores que mediase para "... solicitar do Instituto Social de la Marina a subvención necesaria para o arranxo ou reparación do local no que está instalada a dita Escola, cuxo proxecto se presentará ante a Directiva deste Pósito para o seu exame".

Nos anos seguintes, as actas da asemblea xeral non volven documentar nada relacionado coa Escola de Orientación Marítima e Pesqueira, probablemente, aínda que non se pode afirmar con seguridade, porque neses anos a escola entrara en declive ou mesmo se suprimira, tras desaparecer da escena educativa Pedro Minchón, a súa alma mater. Isto explicaría que o 15 de xullo de 1943 o presidente, Jesús Sampedro, convocara ós asociados para "... ver a forma de organizar unha Escola Elemental Profesional de Pesca, adscrita á Sección Cultural do Pósito... e dados os innumerables beneficios que reportaría...", polo que acordaron nesa mesma reunión pedir autorización ao ISM para establecer unha Escola Elemental Profesional de Pesca...[21] onde se instruísen os socios e os seus fillos

21 Exactamente igual e coa mesma denominación que a creada en 1932.

"para patróns de pesca e servizo militar da Armada" e solicitarlle dúas subvencións para adquirir o material técnico pedagóxico e para o sostemento das escolas. A dirección pedagóxica desa Escola Elemental Profesional de Pesca confiábase a Germán Álvarez Ballarín, en posesión desde tempo atrás do certificado de aptitude que o habilitaba para o ensino profesional, e atendería ademais os ensinos xerais normais. Outro profesor do centro sería o axente marítimo destacado en Aguiño Manuel Cores Monteagudo, que "... tendo en conta os méritos que concorren na devandita persoa", sencargaríase dos ensinos relacionados coa pesca e coa preparación para o servizo militar na Armada. Finalmente, as clases de Hixiene deixáronse en mans do médico Gumersindo Villaverde López, e o cura párroco D. Ignacio Blanco Freire impartiría Relixión e Moral.



Alumnos da Escola Orientación Marítima e Pesqueira co mestre Germán Álvarez Ballarín e o retrato de Franco presidindo a aula, anos cincuenta.

As clases daríanse no local da Escola Nacional de Orientación Marítima e Pesqueira de Carreira, Sección de Aguiño, desde as 18:30 ás 21:30 horas, e desde o 1 de outubro ao 31 de marzo de 1944, "... xa que en abril e maio a asistencia sería moi pouca".

Na mesma sesión constituíuse o Padroado local que velaría polo correcto funcionamento da Escola Elemental Profesional de Pesca, formado por:

· Presidente: José Pereiro, axudante militar de Mariña de Ribeira.
· Tesoureiro: Jesús Sampedro Sampedro, presidente do pósito.
· Secretario: Germán Álvarez Ballarín, mestre nacional da EOMP.
· Vogais: o concelleiro José Millares Fernández, o cura párroco Ignacio Blanco Freire, o armador José Ayaso Álvarez e o representante das industrias do mar Emilio Barcia Colomer.


Detalle foto anterior do mestre Germán Álvarez Ballarín.

En setembro de 1945, xa convertida en Confraría de Pescadores, a sociedade reclamaba ao ISM o traslado da Escola de Orientación, instalada na Casa do Pescador, inaugurada en 1941, a outro local independente "...co fin de poder instalar as nosas oficinas no referido edificio", ao que o Instituto contestaba "que non ve procedente tal reforma, xa que o edificio desde o seu principio foi edificado con destino ao servizo das escolas de orientación marítima, con todo ve ben que se amplíe".

En xaneiro de 1946, o patrón maior daba conta das súas xestións co ISM insistindo no citado traslado dunha das dúas Escolas de Orientación Marítima "a outro local independente, e a poder ser para o lugar de Campos", con dous argumentos: establecer as oficinas e desenvolver as actividades propias da confraría na "... nosa Casa Social" e que a educación escolar chegue aos fillos de todos os asociados, "xa que estando as dúas escolas en Aguiño, só se benefician os veciños de Aguiño..."[22]. E novamente o ISM volveu desestimar a proposta de forma contundente: "... o local edificado por esta entidade corresponde ás Escolas exclusivamente". A resposta suxerindo que o local fora edificado polo ISM ("por esta entidade") causou á vez estupor e irritación, xa que o edificio estreado en 1941 fora custeado case integramente polos socios da agrupación de pescadores, salvo unha insignificante achega do ISM: e lembraban ao Instituto que "os mariñeiros sacrificaron 27.662 pesetas para edificar o local de referencia". Lamentaban a decisión tomada porque "... vémonos gravados toda a vida por unha renda para pagar o alugueiro dunha casa, a máis de soster os gastos que ocasiona a Casa-Social...", e elevaban a queixa tamén á Inspección Provincial Escolar.

Na Xunta Xeral celebrada dúas semanas despois, o patrón maior volvía lamentar ante os asociados que se lles tivese espoliado a súa Casa do Pescador: "... esqueceuse que quen facía a casa eran os mariñeiros cos seus fondos e que por iso se facía para beneficio destes..., e puidemos comprobar que o edificio construído á conta dos mariñeiros é agora das Escolas de Orientación Marítima exclusivamente" e "que os mariñeiros non teñan parte nin arte no local, que tanto se sacrificaron para construílo"; volvía lamentar tamén que só os fillos dos mariñeiros que residían en Aguiño se beneficiaban das Escolas de Orientación Marítima: "... sendo as Escolas de Orientación Marítima para beneficio de todos os mariñeiros, só se beneficien delas os fillos dos mariñeiros que residen nun extremo de Aguiño, xa que estas están situadas as dúas precisamente nun extremo que dista dos demais lugares

22 Era xustamente o argumento contrario ao esgrimido en 1938, cando se pediu o traslado da Escola de Organización Marítima a Aguiño "por entenderse que deben funcionar no porto". Doutra banda, Carreira xa tiña cubertas as súas necesidades escolares con catro escolas de ensino elemental e o ISM non o ignoraba.

da parroquia unha distancia considerable e que por iso non é fácil que os pequenos asistan ás clases"; lamentaba finalmente que sendo propietaria do local tendo un local en propiedade "... esta Confraría teña que pagar un local de alugueiro para poder ter instaladas as súas oficinas e teña que facerse cargo de aboar as reparacións e limpeza da casa das escolas".

Por estas razóns, os asociados acordaban demandar dos organismos superiores —xa non só do ISM— que se lles permitise desaloxar polo menos unha á do edificio, trasladar unha das escolas ao lugar de Campos "ou ben para outro que a Inspección Escolar considere máis céntrico nesta parroquia", e en caso de non poder solucionarse este problema, solicitar ao ISM un préstamo para poder ampliar a Casa Social ou, na súa falta, facer un novo local.

Estas queixas e outras máis, como "... é vergoñoso necesitar o permiso para poder facer uso da casa que á conta de tanto sacrificio conseguimos...", repetíronse nas catro sesións de Xunta Xeral celebradas ao longo do ano 1946, sen que as autoridades superiores —Inspección Provincial Educativa e ISM— se dignaran sequera contestar. As Escolas de Orientación Marítima permaneceron naquel local nas décadas seguintes e tampouco se abordou a ampliación do edificio preexistente, onde se seguiu dando clase ata os anos sesenta.

Balance do labor educativo do Pósito de Pescadores. O traballo desenvolvido polas escolas da sociedade de Aguiño foi extraordinario. Afectou tanto á cualificación da mocidade do lugar, ata entón absolutamente abandonada, como á difusión da alfabetización, cuestión esta susceptible de valorar en cifras.

A escolarización da inmensa maioría dos fillos das familias de pescadores permitiu a universalización da instrución pública no porto e no seu contorno (Listres, Graña, Couso, etc.) e a difusión das disciplinas profesionais

mellorou a capacitación das novas xeracións de mariñeiros. que desde os anos trinta puideron obter os títulos de patróns que os habilitaban para aspirar a novos horizontes profesionais e xeográficos.

Pero sobre todo isto cómpre destacar o enorme avance social que supuxo a erradicación da "lacra" do analfabetismo, como a denominou o propio Saralegui.

O labor de alfabetización. O analfabetismo era un problema que viña de atrás, afectaba de xeito especial á poboación mariñeira en todas as partes e, xunto ao alcoholismo, era unha das pragas que Saralegui se propúxose erradicar por medio da creación de seccións culturais en todos os pósitos.

Podemos estudar o papel xogado pola nova entidade de pescadores na erradicación do analfabetismo en Aguiño a través dos padróns municipais de 1930 e de 1940, os únicos da primeira metade de século que rexistran as persoas que sabían ler e escribir. Lamentablemente, os padróns anteriores non asentan eses datos, aínda que cabe pensar que debían ser sensiblemente máis altos pola carencia de escolas.

En 1930, cinco anos despois de que a sociedade comezase a súa andaina, a poboación de Aguiño sumaba un total de 1.022 habitantes, dos que 211 eran menores de sete anos, que por razóns obvias non se poden contabilizar como analfabetos.

Dos restantes 811 maiores de sete anos, moitos dos cales xa recibiran instrución nas escolas da entidade desde 1924, 242 non sabían ler nin escribir, o que supoñía un 29'8 % daquela poboación, fronte aos 569 que sabían facelo e que supoñían o 70'1 %, porcentaxe que só se pode explicar polo labor dos mestres.

Tamén cómpre analizar a situación do analfabetismo por sexos, que a priori temiamos desfavorable ás mulleres, a pesar do traballo dos homes no mar. E así foi, pero máis acusado do que podiamos pensar. En canto ao analfabetismo entre adultos maiores de 17 anos, das 242 persoas analfabetas contabilizadas, 61 eran homes e 181 mulleres, unha cifra que triplica a dos homes.

En canto ao analfabetismo infantil-xuvenil, afectaba a 78 persoas con idades entre os 9 e os 17 anos, das que 35 eran varóns e 43 mulleres, unhas cifras moito máis equilibradas que as de adultos, e que reflicten sen dúbida o papel das escolas.

En 1940, a poboación de Aguiño sumaba 1.395 habitantes, dos que 1.193 tiñan sete anos ou máis e 202 eran menores de sete anos. Entre a poboación maior de sete anos, 187 non sabían ler nin escribir, o que supoñía unha porcentaxe de analfabetismo dun 15'6%, fronte aos 1.006 que si o facían e que representaban o 84'3%: o analfabetismo retrocedera substancialmente, nada menos que case 15 puntos porcentuais en só unha década, algo que só se pode imputar ao labor das escolas.

Lamentablemente, isto non supuxo equilibrar as desigualdades no analfabetismo entre maiores de sete anos, que seguiu ofrecendo cifras desfavorables ás mulleres: había entón 50 homes que non sabían ler nin escribir por 139 mulleres, números aínda abafantes en contra destas. Unha gran parte de toda esta poboación analfabeta nacera no século anterior, era maior de 50 anos e, polo tanto, era unha herdanza de tempos pasados.

Pero o aspecto máis salientable foi o fortísimo retroceso do analfabetismo infantil e xuvenil que case chega a desaparecer: en 1940 só había 4 mulleres con idades comprendidas entre os 9 e os 17 anos que non sabían ler

nin escribir: o resto da poboación nova entre 7 e 19 anos estaba plenamente alfabetizada. Deste xeito, nos anos corenta o número de persoas que non tiñan acceso á lectura e escritura comezaba a ser residual e afectaba tan só a persoas de idades avanzadas. As novas xeracións aguiñenses, fillos e netos daqueles míseros pescadores de comezos de século, tiñan agora abertas definitivamente as portas do futuro.

CAPÍTULO 8

SECCIÓN COOPERATIVAS

Ao longo dos vinte anos de historia do Pósito de Pescadores de Carreira/Aguiño, constituíronse varias sociedades cooperativas no seu seo: a primeira sería a Cooperativa de Consumo, pouco despois de creada sociedade; a segunda sería a Cooperativa de Produción de vida efémera nos anos trinta e, finalmente, a Cooperativa do Mar, xa convertido o pósito en confraría en 1945.

1. A Cooperativa de Consumo. As cooperativas de consumo tiñan como fin primordial proporcionar aos pescadores os utensilios necesarios para o exercicio da súa profesión e os artigos de consumo imprescindibles para os seus fogares, todo iso a prezos alcanzables.

A Cooperativa de Consumo quedara tamén perfilada nun dos "regulamentos especiais" redactados pola Comisión organizadora de Alvariño nos meses previos á creación da sociedade. O documento expoñía: "Principiará esta Sección actuando como Cooperativa de Venda de Efectos Pesqueiros, estendendo paulatinamente as súas operacións a todos os artigos de consumo da familia pescadora, a medida que o permitan os fondos de que se dispoña". Os oito artigos restantes especificaban a forma de pago dos produtos, destino das ganancias, bonificacións aos afiliados, xestión da cooperativa por medio dunha Xunta Administradora, función dos seus membros, contabilidade, control, etc.

Cando o pósito aínda non cumprira sete meses de andaina, na sesión do 14 de xuño de 1925, o inspector local e axudante de Mariña de Ribeira Ramón Parga expoñía aos asociados "con verdadeiro celo e elocuencia" as grandes vantaxes que achegaría a creación dunha cooperativa de consumo que facilitase a subministración de útiles de pesca e artigos de primeira necesidade, e paliase en parte "a crise pola que está a pasar a desherdada clase mariñeira". Convencidos, todos os presentes acordaron poñer en marcha a Cooperativa, xa que "... neste pobo

non hai un só establecemento que expida ningunha clase de efectos navais, para o que esta Sociedade se dirixe á Caja Central en súplica de que se lle conceda unha subvención para tal fin". A sesión levantouse ante o alborozo xeral, con vivas e aclamacións á CCCM, coa esperanza de que concedese a "xusta petición" da Cooperativa de Consumo.

O 16 de agosto de 1925, os socios procedían á elección dunha Xunta de Goberno que habería de rexer en diante "... a Sección Cooperativa de Consumo, obxecto principal da reunión"[1]. E, finalmente, o 20 de setembro dese mesmo ano completábase a operación coa entrega da primeira subvención de 493,50 pesetas, concedida pola CCCM para a fundación "da moi ansiada Cooperativa de Consumo", que o presidente Andrés de Dios deixou en mans do secretario-contador da Xunta de Goberno da cooperativa Juan Paz "no medio dunha salva de aplausos".

Aos poucos, a euforia inicial da subvención foi dando paso a unha crecente decepción. Na sesión do 7 de marzo de 1926, os asociados decidiron investir esa primeira achega da CCCM "en chorrillo ou cáñamo, anzois e tanzas", e lamentaban que tivesen que limitarse a inaugurar a Cooperativa "con tan escasos artigos mentres a mencionada Caja Central non lle concede e mande a segunda metade da subvención concedida para tal fin". Engadían que os artigos encargados a Barcelona "e outras provincias" estaban tan solicitados que se ían esgotar en canto chegasen e finalizaban a sesión suplicando á CCCM que lle concedese canto antes esa segunda parte da subvención "para o engrandecemento da Cooperativa, en vista da grandísima necesidade que sente...".

1 Para esta primeira Xunta de Goberno da Sección Cooperativa de Consumo serían elixidos: presidente, D. Castor García Sampedro; secretario contador, D. Juan Paz Bretal; e vogais Manuel Torres Casais, José Ramón Álvarez Paz e Antonio Ayaso Silva, "os cales aceptaron gustosos os devanditos cargos". Pero o 18 de abril de 1926, Castor García veuse obrigado a ceder o cargo a Feliciano Olveira por ter que ausentarse "por tempo indefinido".

O 14 de novembro de 1926 era o mestre Manuel Quiroga quen insistía nas grandes vantaxes e na necesidade de que se puxese en funcionamento canto antes a Sección Cooperativa —algo co que todos estiveron de acordo— e se nomease un xerente "... coa solvencia que crea conveniente a Xunta de Goberno", que se encargase de efectuar as vendas baixo supervisión e revisión semanal da dirección da sociedade. Tamén se acordou solicitar un préstamo de 5.000 pesetas á CCCM o máis axiña posible para que a sociedade puidese abastecerse dos xéneros de primeira necesidade e dos artigos máis indispensables para a pesca. Aínda que a documentación non o menciona, parece que o proxecto da Cooperativa de Consumo languideceu a partir de entón. Un ano máis tarde, na sesión do 30 de outubro de 1927, tratouse o asunto e falouse do "lento curso da Cooperativa, debido á insignificante cantidade de 500 pesetas, xa empregadas, con que contan para poder desenvolver negocio ningún". Todo apunta a que o empréstito solicitado á CCCM non se chegou a concretar, e a entidade de pescadores por si soa non podía asumir o financiamento das compras[2].

Nas sesións posteriores só se volveu a falar da Cooperativa de Consumo dunha forma moi tanxencial e sen entrar en pormenores. Na acta do 17 de xaneiro de 1932 faise unha simple mención xenérica, limitándose a dicir que os socios falaron "sobre a Cooperativa de Consumo", sen máis. Pouco despois, o 10 de abril do mesmo ano, o presidente Antonio Dios expoñía ante os socios a necesidade de reorganizar a Cooperativa de Consumo deixándoa nas mans de Juan Paz Bretal, a quen nomeaba presidente dela e para quen pedía un voto de confianza. E, finalmente, a acta da sesión do 1 de agosto de 1934 menciona que os socios trataron "... sobre o asunto da Cooperativa (de Consumo) do Pósito que dá motivo para outro movido debate", e que xa proporcionara un 6% de beneficios sobre o capital investido, cuxa cantidade se elevaba a 351 pesetas que recibira de Juan Paz e suxería que

2 Ansola explica como as cooperativas de consumo creadas por Saralegui nos pósitos foron unhas corenta. Moitas delas acabaron fracasando, segundo o ISM, "polas difíciles situacións que adoitan atravesar os pescadores como consecuencia da desaparición da pesca". Ansola (2021), páx. 116. No noso caso, o declive debeuse, segundo os dirixentes, a un financiamento deficiente.

se algún socio ofrecía "... unha maior porcentaxe a beneficio da sociedade, pode facerse cargo da Cooperativa". Polo tanto, parece claro que, mal que ben, segundo os momentos, a Cooperativa de Consumo seguía funcionando cara a mediados dos anos trinta, e non só as seccións de Seguros Mutuos e Cultural, como afirma Ansola Fernández[3].

2. A Cooperativa de produción. Nesa mesma sesión do 17 de xaneiro de 1932 falouse tamén dun novo proxecto, a Cooperativa de Produción, e sería unha vez máis por impulso do inspector costeiro Sr. Costa Alonso, antigo presidente do Pósito de Moaña. Presidida por el mesmo, o inspector tomou a palabra e despois de estenderse "... sobre as finalidades que deben perseguir estas sociedades afastadas sempre de toda loita de clase, sendo o seu obxecto o mutualismo, a cooperación, a previsión e a cultura", pasou a falar sobre as vantaxes de contar cunha cooperativa de produción que el coñecía ben por poñer en marcha no seu día a de Moaña. Rematada a súa exposición, os socios acordaron organizar esa Cooperativa de produción, que podía comezar coa instalación dunha "cordelería" que, ademais de prover de todo tipo de cabos e cordames os barcos, daría ocupación a moitos mariñeiros en momentos de paro obrigado, cando os temporais non permitan saír a pescar, o que produciría, segundo o inspector, unha "utilidade líquida" dunhas 1.000 pesetas anuais a repartir. Tamén explicaba que a carencia de medios económicos para poñer en marcha o proxecto podíase solucionar mediante unha subscrición de accións de 10 pesetas por socio, o que permitiría reunir un capital de polo menos 1.000 pesetas. Considerando que, aínda así, a cantidade sería insuficiente, acordaron solicitar unha subvención ao ISM por unha contía que terían que calcular os responsables dese Instituto "... segundo as normas establecidas para a concesión de subvencións para o fomento e desenvolvemento de cooperativas".

3 Os datos de Ansola referidos ás seccións en Carreira non parecen demasiado fiables, xa que só menciona Cultura e Socorros Mutuos e silencia outras como as Cooperativas- a pesar de ser obtidos dunha fonte aparentemente tan fiable como a "Memoria do labor de protección do Estado aos traballadores das costas españolas asociados aos pósitos de pescadores, marítimos e terrestres realizada pola CCCM e despois polo ISM", editada polo Ministerio de Trabajo en 1937. En Ansola (2021), páx. 142.

Só unha semana despois, o 24 de xaneiro de 1932, a Xunta de Goberno acordaba nomear unha Comisión Organizadora[4] encargada de redactar o Regulamento polo que habería de rexerse a futura Cooperativa de Produción. O documento sería aprobado polo gobernador civil o 18 de febreiro, só unha semana despois de presentado á Xunta Xeral.

O Regulamento desenvolvíase en 36 artigos, o primeiro dos cales definía a Cooperativa de Produción e os seus fins, e logo pormenorizaba ata o último detalle da nova sección: capital social conformado polas accións de 10 pesetas por socio "que poderán pagarse a prazos", subvencións do ISM, e os "... bens que adquira a Cooperativa"; dereitos e deberes dos socios; condicións de altas e baixas; xestión por medio dun Consello de Administración que nomearía un xerente encargado do funcionamento, compras "a crédito, segundo os usos comerciais correntes", vendas en man e só aos asociados; compoñentes do consello —presidente, secretario, tesoureiro, contador etc.— coas súas respectivas atribucións; balances semestrais, destino das ganancias, control da cooperativa, etc.

Do Regulamento aprobado e de todas as xestións realizadas daría conta o presidente Antonio Dios na sesión extraordinaria do 10 do seguinte mes de abril. A continuación, o presidente convidou a todos a inscribirse como accionistas e afiliáronse alí mesmo 125 socios.

Acto seguido, a asemblea elixiu a primeira Xunta Directiva que se faría cargo da Cooperativa de Produción, na que sairían elixidos: presidente, Juan Paz Bretal; vicepresidente, Benito Sampedro Sampedro; secretario, Germán Álvarez Ballarín; vicesecretario, José Paz Gude; tesoureiro, Antonio Ramallo Silva; contador, Pedro Minchón e Minchón; e vogais: Francisco Álvarez Dios, Francisco Álvarez Vilar e Ramón Caneda Rey.

4 Composta por Antonio Dios, José González, Tomás González, Manuel Álvarez e Jesús Sampedro, que presentaron o documento á Xunta Xeral o 12 de febreiro de 1932.

Con todo, as actas posteriores nos anos seguintes non volveron constatar noticia ningunha sobre a Cooperativa de Produción. Por que razón? Non se pode afirmar con total seguridade, pero o certo é que en case todos os demais pósitos de pescadores fracasaron estrepitosamente, incluído o caso pioneiro da Cooperativa de Moaña[5].

3. A Cooperativa do Mar, 1945. Haberá que esperar a 1945, xa convertida a entidade en confraría, para volver falar da creación doutra cooperativa.

A primeira vez que se falou explicitamente da necesidade de crear unha Cooperativa do Mar foi na sesión do 25 de marzo de 1945, e os socios acordaron solicitar á Delegación Sindical de Ribeira un modelo de Regulamento e as indicacións precisas para poder constituír legalmente esa entidade no seo da Confraría de Pescadores de Carreira/Aguiño. Nesa reunión dispúxose como primeira tarefa da cooperativa demandar da devandita Delegación Comarcal as cotas de aceite e fariña "que nos poidan corresponder polo número de asociados que integran a Confraría" e outros produtos que puidese adquirir a entidade. Tentábase acceder de forma directa a algúns dos artigos que máis escaseaban, sometidos a racionamento polas xerarquías do réxime mediante cartillas, coa intención de distribuílos entre os confrades. Foi, con todo, un intento errado, a pesar de que a confraría se comprometía a dar prioridade na repartición das cotas "ás clases extremadamente menesterosas...", unha proba máis da sensibilidade social dos dirixentes da entidade.

Na mesma sesión foi nomeado encargado Manuel Romano Sampedro, solteiro e discapacitado, de 29 anos de idade, a quen se lle fixou un soldo de 250 pesetas, condicións do traballo e dereitos e obrigacións. Pero a cousa

5 Mediados os anos trinta, só sobrevivían unha ducia de cooperativas de consumo, e ningunha delas en pósitos galegos. O propio Ansola asevera que "aparecían e desaparecían con certa facilidade". Ansola (2021), p. 118.

non pasou de aí, e a pesar das xestións do patrón maior Jesús Sampedro e do secretario Regueira, apenas se avanzou durante o resto do ano.

Ao longo de xaneiro de 1946 tiveron lugar varias reunións encamiñadas á definitiva creación da Cooperativa do Mar. Na do 1 de xaneiro, o secretario Regueira expuxo ante os asociados a "... conveniencia de implantar unha Cooperativa do Mar que funcione no seo desta Confraría" —sinal de que a cooperativa seguía sen funcionar—, e procedeu a dar lectura a varios artigos "... que a Superioridade ten lexislados precisamente para o funcionamento desta clase de Entidades...". Todos os compoñentes do cabido viron a idea con bos ollos e expresaron o seu desexo unánime de levala á práctica.

Na asemblea do 20 do mesmo mes de xaneiro, e tras consultar o proxecto de Cooperativa do Mar coa Unión Nacional de Cooperativas do Mar, o Secretario Regueira leu ante os asociados "algúns artigos dun exemplo de anteproxecto para a confección dos Estatutos que han de rexer dicha Cooperativa...", e sendo o seu contido do agrado de todos, aprobouse por unanimidade a constitución da Cooperativa do Mar no seo da Confraría de Carreira/Aguiño "con verdadeiro xúbilo e entusiasmo", e confiouse ao Secretario "a confección dos seus Estatutos e máis trámites que sexan precisos para legalizala, conforme ás instrucións e prevencións emanadas da Superioridade", a procura dun local, medios de financiamento[6], e finalmente nomeouse unha xunta reitora da cooperativa baixo a xefatura de Andrés Teira Crujeiras[7].

6 Acordaron para iso destinar á Cooperativa o 0'5% das cotas de socios que ata entón se empregaban en socorros mutuos e encargóuselle buscar "acceso a empréstitos" e condicións dos mesmos.

7 Completaban a Xunta Reitora: secretario, José Regueira Martínez; tesoureiro, Antonio Fernández Hermo; e os vogais Andrés González Pena, Antonio Patiño Ayaso, Domingo Muñiz Crujeiras e Juan Santamaría Monteagudo, "... cuxos membros aceptan gustosos os seus cargos e comprométense a desempeñar o seu labor...".

CAPÍTULO 9

SECCIÓN DE SOCORROS MUTUOS. ACCIDENTES, ENFERMIDADE E MORTE

O precedente máis remoto das prácticas asistenciais —máis aló das que xa vimos de finais do século XVIII e no XIX na introdución desta obra— encóntrase nas antigas confrarías relixiosas de orixe medieval que tanto se expandiron no século XVI e que Rumeu de Armas estima predecesoras das organizacións de previsión social e, polo tanto, das asociacións de Seguros Mutuos[1].

Dada a condición de lugar despoboado de Aguiño ata o século XIX, aquí non houbo asociacións específicas de Seguros Mutuos; tan importantes por exemplo na Mariña lucense, e serán os pósitos os continuadores destas prácticas asistenciais no século XX.

Unha das Seccións que primeiro se crearon no Pósito de Carreira/Aguiño sería a de Socorros Mutuos, unha sorte de caixón de xastre no que tiñan cabida unha gran variedade de modalidades e servizos. O Regulamento especial de Socorros Mutuos elaborado pola Xunta Organizativa, presidida por Ángel Alvariño desde xuño de 1924 e aprobada polo gobernador civil, rezaba no seu artigo 1º: "É competencia desta Sección a organización sucesiva e paulatina, e a administración e inspección, dos seguintes Socorros Mutuos:

1º Grupo: Seguro de enfermidade
2º Grupo: Asistencia médica
3º Grupo: Asistencia farmacéutica
4º Grupo: Seguro de accidentes
5º Grupo: Seguro de morte
6º Grupo: Seguro de paro involuntario
7º Grupo: Seguro de risco marítimo"

1 RUMEU DE ARMAS, A. (1981). Historia de la Previsión Social en España: Cofradías-Gremios-Hermandades-Montepíos. Edit. Albir, Barcelona, páx. 127.

Cada un destes "Grupos" implementaríase por separado a medida que o permitisen as dispoñibilidades económicas da entidade, da Sección e de cada un dos grupos mencionados por separado, xa que cada un deles funcionaría con fondos propios e independentes.

A dirección da Sección quedaba en mans dunha Xunta Administrativa composta por un caixeiro-presidente e un secretario-contador, axudados por dous vogais inspectores. O primeiro encargaríase de "levar a Caixa da Sección", vixiar cos inspectores o dereito dos socios a percibir axudas de custo, controlar os recibos dos socios adscritos a esa Sección e facer os pagos. O secretario-contador, pola súa parte, ocuparíase de controlar "as listas de asociados inscritos na Sección", estender recibos e levar a contabilidade.

Para ingresar no primeiro grupo —seguro de enfermidade— era preciso "gozar de boa saúde no momento da inscrición.., ao xuízo do médico que a Sección designe", e que os socios de número do pósito aboasen unha cota mensual inicial que ía de 0'50 céntimos a unha peseta, e os adxuntos, a metade[2], ata un máximo de cobertura de corenta días. Naturalmente, a Sección tiña dereito a que os enfermos fosen recoñecidos por persoal médico. Quedaban excluídas do dereito á cobranza de axudas de custo, as enfermidades alcohólicas, as feridas causadas por "rifas ou desafíos.., e as enfermidades propias da muller", aínda que quedaban cubertos os partos das asociadas, mentres que outras enfermidades como reuma, artritismo e paludismo, daban dereito só ao 50% das axudas de custo[3].

A situación dos Socorros Mutuos foi moi desigual en cada sociedade. Non todas implementaron todos os grupos nin ao mesmo tempo; nalgúns aplicáronse nunhas épocas e noutras non, carecendo de continuidade,

2 As cotas de 1, 0'5 e 0'25 pesetas darían dereito inicialmente a unha axuda de custo por día de enfermidade de 2, 1 e 0'50 pesetas, respectivamente.
3 Outras condicións serían estar ao corrente do pago das cotas, levar máis de catro meses rexistrado no grupo, presentar a baixa médica, non poñer reparo ás visitas médicas, etc.

etc[4]. Por outra banda, a implantación dalgúns deles, como o Seguro de Accidentes de Traballo no Mar implicaba o pagamento de 50 céntimos de prima en metálico, o que provocou a resistencia dalgunhas tripulacións, como o demostra o debate na sesión do 17 de abril de 1928, no que se defendía "... que as embarcacións pertencentes a este Pósito son de modestos pescadores, que se se nos obriga a pagar prima de seguro nos beremos [sic] na necesidade de abandonalos, así que para este Pósito sería o máis conveniente que saíse do Monte Maior".

Ademais, como se dixo, os grupos dos Socorros Mutuos tiñan a súa propia contabilidade á marxe das contas xerais da sociedade. Por estas razóns, a información que deixaron na documentación é moi fragmentaria e o seu estudo é certamente complexo. No caso do Pósito de Carreira/Aguiño, só se implementaron os Socorros Mutuos referentes á asistencia médica, farmacéutica, seguros de enfermidade, dunha forma máis ou menos permanente, e nalgunha etapa os seguros de morte, pero con menos continuidade.

O 16 de novembro de 1924, poucos días despois da súa fundación, acordábase a "adhesión do Pósito ao proxecto de Socorros Mutuos da Caja Central de Crédito Marítimo...", que incluía o seguro en caso de afogamento con indemnización e axudas por enfermidade. O seguro de afogamento permitiría que cobrasen esa indemnización viúvas e orfos de mariñeiros afogados. É o que aconteceu o 5 de agosto de 1928, cando o inspector local Amador Bravo entregou a Josefa Muñiz Crujeiras a cantidade de 273 pesetas polo seguro de afogamento do seu home, Dionisio Fernández Oujo, primeira parte da indemnización que lle correspondía, "... e o resto seralle entregado oportunamente, segundo así o fan saber de Madrid".

4 Herminia Pernas apunta que en Burela a Sección de Socorros Mutuos atrasouse catro anos despois da fundación da sociedade, e a asistencia médica demorouse ata 1935; en San Cibrao, a Sección xa funcionaba en 1930, só 10 meses despois de creada, e suspendeuse en 1937 pola grave situación económica da sociedade; o pósito de Foz, creado en 1929, non contaría con médico ata 1932. Pernas Oroza, H. (2001), páx. 14.

Malia o establecido no Regulamento da Sección de Socorros Mutuos, ata decembro de 1930 non se comezou a elixir anualmente a Xunta Administrativa ou Inspectora, autónoma da Xunta de Goberno, coa súa propia contabilidade, cun presidente-caixeiro, un secretario-contador e dous vogais-inspectores, un con funcións exclusivas para o "auxilio de morte". O primeiro presidente da Xunta de Socorros Mutuos sería José Sampedro.

PRESIDENTES DA XUNTA ADMINISTRATIVA DE SOCORROS MUTUOS

NOME	PERÍODO
José Sampedro	25/12/1930 a 10/01/1932
Tomás Fernández	10/01/1932 a 25/12/1932
José Sampedro Ayaso	25/12/1932 a 10/04/1935
Tomás Fernández Bretal	10/04/1935 a 08/03/1936
Tomás Fernández Bretal	08/03/1936 a 25/12/1938

En xaneiro de 1932, por proposta do presidente Antonio Dios, a Xunta Xeral decidía abrir unha conta no Banco da Coruña "co diñeiro que ten a Cooperativa de Consumo..., e un préstamo que o Pósito faga de 500 Pesetas á Sección de Socorros Mutuos...". Entre febreiro e abril, aprobábase a creación de novos Grupos da Sección de Socorros Mutuos, Asistencia Farmacéutica e Seguro de morte. Nun principio, pensábase confiar a subministración farmacéutica á botica de Ricardo Ferrer, pola súa xenerosidade na cesión á sociedade dos Campos de Aguiño, e mesmo na sesión do 3 de abril explicouse o funcionamento do grupo e a subvención que o ISM outorgaba, pero finalmente todo quedou en papel mollado porque a asistencia farmacéutica non se chegou a concretar. Tamén en abril de 1932, debateuse intensamente sobre o seguro por enfermidade por iniciativa do asociado Tomás Gon-

zález, que preguntou á Xunta Xeral: "... se se paga os días que marca o regulamento ou se se fai durante o tempo que dure a enfermidade do asociado...". Tras un "longo debate", finalmente decidiuse "... fixar que as axudas sexan durante todo o tempo que o socio se atope enfermo".

Ao longo do ano 1935, fóronse abrindo novas oportunidades para a Sección de Socorros Mutuos. O ano comezou deixando en evidencia as carencias económicas da Sección. En abril dese ano, a falta de fondos para o seguro por enfermidade obrigou a Xunta Xeral a facilitar un préstamo á Sección "... de 300 pesetas —que ao final serían 700— co obxecto de que poida atender polo momento o pago dos asociados enfermos dados de alta", cunha "notiña" advertindo os asociados de que aqueles que tiñan tres ou máis recibos sen pagar "non teñen dereito ao pago de axudas pola Sección de Socorros Mutuos". Probablemente fose esta falta de liquidez da Sección a que levaría a entidade en xuño de 1935 a destinar á Mutualidade de Accidentes do Mar e de Traballo o 0'5% dos ingresos pola venda do peixe dos barcos afiliados ao Pósito de Aguiño na lonxa de Ribeira.

Pouco despois, o secretario-contador da sección, Germán A. Ballarín, volvía propoñer a creación dun "... novo grupo: o de Asistencia Farmacéutica, por se se cre chegado o momento de crealo" —o que demostra que non se puxera en marcha en 1932—, despois pasou a explicar detidamente en que consistía e aprobouse por unanimidade.

O 27 de outubro de 1935, o presidente José Sampedro, da man do secretario Germán Ballarín, enviaba un novo Regulamento da Sección de Socorros Mutuos ao gobernador civil da provincia, previamente aprobado pola Xunta Xeral. O novo documento reducía os auxilios da Sección a: axudas de enfermidade, asistencia médica, asistencia farmacéutica, subsidio de maternidade e subsidio de morte. Ademais, a sociedade quedaba facultada para "esta-

blecer a totalidade dos servizos indicados ou unha parte dos mesmos", e podería inclusive amplialos segundo as súas necesidades.

A organización interna da Sección seguía sendo a mesma, do mesmo xeito que as condicións de ingreso, e aínda que agora se fala de socios familiares —"todos os que viven baixo un mesmo teito"—, excluíanse tamén as enfermidades sinaladas no Regulamento de 1924 e establecíanse tamén as condicións da asistencia farmacéutica. O Regulamento tivo rexistro de entrada no Goberno Civil oito días máis tarde.

O 20 de decembro dese mesmo ano 1935, a Xunta Xeral ampliaba o Regulamento de Socorros Mutuos cun engadido titulado "Regulamento do grupo: Subsidio de morte", de só tres artigos, no primeiro dos cales se especificaba que "ten por obxecto auxiliar as persoas da familia dun rexistrado en caso de falecemento deste". O documento remitía aos acordos da Xunta Xeral tanto na forma de "establecer este auxilio e a súa contía", coma na cotización para inscribirse neste grupo "e as demais regras non previstas neste Regulamento". O documento sería aprobado polo Goberno Civil o 26 de decembro seguinte, por ser conforme á "vixente Lei de Asociacións".

Nesa mesma sesión do 27 de outubro de 1935, Germán A. Ballarín informaba os asociados dunha importante novidade lexislativa que afectaría positivamente á sociedade: a publicación da Orde do Ministerio de Facenda do 12 de outubro, que prorrogaba a exención do imposto sobre a gasolina en beneficio das embarcacións pesqueiras, fixaba o prezo en 22 céntimos/litro e encomendaba aos pósitos a xestión dese desconto mediante vales de bonificación. Con todo, o máis importante daquela lei foi que permitía a estas sociedades quedarse con dous céntimos por litro, coa obriga de aplicar as sumas así obtidas en beneficio dos pescadores e destinalas "... aos fins seguin-

tes: retiros a anciáns e inválidos, subsidios de enfermidade, viuveces e orfandades", é dicir, a Socorros Mutuos[5]. Seguindo case á letra as palabras daquela lei, Ballarín propoñía á Xunta Xeral que se engadise ao Regulamento de socorros mutuos un: "Artigo adicional: Os dous céntimos por litro que se descontan aos armadores das bonificacións establecidas na amentada orde ministerial ingresaranse na Caixa da Sección de Socorros Mutuos do Pósito de Pescadores de Carreira. Estes fondos... poderanse destinar, cando as circunstancias o esixan, a donativos cuxa contía se fixará no seu día a viúvas e orfos de pescadores que figuran inscritos na sección correspondente". A Sección de Socorros Mutuos atopaba así a fonte de financiamento axeitada aos seus fins.

Isto permitiría no futuro ampliar a cobertura dos socorros dos pescadores e das súas familias. Só un mes despois, na sesión do 8 de decembro de 1935, a Xunta de Socorros Mutuos aprobaba o aboamento de indemnizacións por accidentes de mar e de traballo "... aínda cando o accidentado non estea asegurado en ningunha compañía de seguros ou mutualidade", e decidían tamén crear o "auxilio de morte", cuxo regulamento —de só tres artigos— enviábase ao gobernador civil para a súa aprobación o 21 de decembro dese ano.

E o día 24 decidían ampliar máis aínda a cobertura e pagar "os accidentes de mar e de traballo, pertenzan ou non á mutualidade os asociados que sexan baixas, por entender a maioría que non é razoable privar deste beneficio a quen vén sostendo o pósito coas súas achegas como tales socios, pois, aínda pertencendo á Mutualidade, é este un seguro que sosteñen á parte". Tamén se chamou a cobrar aos asociados que estivesen presentes "... e teñen algo por cobrar da parte que ultimamente nos remitiu o Instituto Social de la Marina para os asociados que estiveron enfermos".

5 Ministerio de Facenda. Orde relativa á bonificación no consumo do gasóleo pola industria pesqueira. "Artigo 12. Das bonificacións establecidas nesta disposición, os pósitos e demais asociacións locais de pescadores deberán descontar dous céntimos por litro. As sumas así obtidas serán aplicadas por cada asociación exclusivamente en beneficio dos pescadores e só para algún ou todos os fins seguintes: retiros a anciáns e inválidos, subsidios de enfermidade, viuveces e orfandades". Gaceta de Madrid, 15/10/1935 (Lei do 12 de outubro), páx. 337.

Ese mesmo mes estaban xa en disposición de poder devolver á sociedade as 700 pesetas do préstamo concedido no mes de abril. En outubro de 1936, a Xeral acordaba "ver a forma de adquirir unha perna artificial ao asociado Andrés Teira Crujeiras, que hai pouco tempo tivo a desgraza de perder a natural nun accidente automobilístico e que estes gastos sexan de conta da Sección de Socorros Mutuos", e en outubro de 1939, ao ter acabado a Guerra civil, acordaban "elevar a cota que veñen percibindo os enfermos de 1 peseta a 2 pesetas" diarias.

Estes exemplos e os que veremos a continuación son unha clara evidencia de que a Orde ministerial do 12 de outubro de 1935 sería fundamental no futuro da entidade. Mantívose durante os anos trinta e corenta, e permitiulle a aquela asociación de pescadores financiar o amparo de todos os seus integrantes, incluída a xente máis vulnerable da localidade, ante os infortunios por enfermidade, accidente no mar ou defunción, nos difíciles anos da guerra e da posguerra. Finalizado o conflito, un dos dous céntimos que se cobraban por cada vale de gasolina ou gasóleo despachado para os seus barcos tívose que destinar ao Orfanato de San Simón, na Ría de Vigo, e o outro seguía asignado á Sección de Socorros Mutuos. Con todo, a construción do orfanato patrocinado polas novas autoridades militares franquistas atrasouse considerablemente[6], e os dirixentes da sociedade decidiron que o diñeiro recadado "produto dun dos dous céntimos por litro que se cobran no despacho de vales...", en principio destinado ao orfanato, se derivase a cubrir parte dos gastos da construción da Casa do Pescador. E, unha vez terminado o local social en xaneiro de 1941, "o que se recade en diante por este concepto se ingrese, do mesmo xeito que o outro referido céntimo, na Sección de Seguros Mutuos". Naqueles anos de penuria xeneralizada nun país arruinado pola guerra, a bonanza económica alcanzada grazas ao céntimo de combustibles permitiu que na sesión do 26 de xaneiro de 1941 se aprobase conceder un donativo de 1.000 pesetas para os "pobres do Pósito e aínda de fóra del en caso xustificado"[7], e que eses cartos saísen dos fondos da Sección de Socorros Mutuos.

6 Convertida en campo de concentración para presos políticos republicanos durante os anos da Guerra civil, a illa de San Simón mantivo esa función polo menos ata 1943, e non se transformaría en orfanato ata 1955, co nome de Fogar Manuel Méndez Núñez.

7 Para distribuír o donativo con equidade nomeouse unha comisión formada polos socios "José Fernández Oujo, José Sampedro Ayaso, José Lijó Fernández e Manuel Sampedro Álvarez, a quen se lles deu plena facultade para iso".

Os anos seguintes discorreron polo mesmo camiño. A prosperidade da entidade permitiu que na sesión do 31 de xaneiro de 1943, e "visto que o desenvolvemento económico desta Sección é satisfactorio", se acordase elevar as axudas por enfermidade, de 2 pesetas diarias que se percibían entón, a 3 pesetas a partir desa data, unha axuda que, xusto ao cabo dun ano, en outubro de 1944, volveu incrementar considerablemente: "por unanimidade acórdase que a partir da data os que caian enfermos perciban a axuda de 5 pesetas diarias e polo mesmo número de 30 días como máximo que na actualidade viña percibindo a de 3 pesetas"[8]. Na mesma sesión aprobábase pagar ao secretario Manuel Sampedro Dios, convalecente dunha operación cirúrxica desde había 5 meses, unha gratificación mensual de 200 pesetas con carácter retroactivo e polo tempo que durase a súa enfermidade. Probablemente, non había corporación naquel entón que puidese ser tan xenerosa cos seus socios e empregados.

Naqueles anos, a xenerosidade do pósito e, desde 1944, da Confraría de Pescadores alcanzou tanto a asociados coma a non asociados, pobres e enfermos uns e outros, demostrando así o profundo compromiso social que sería unha constante entre os seus dirixentes, para grandeza da institución. Socios como Manuel Rey viron aliviada a súa penosa situación co donativo de 500 pesetas a cargo da Sección de Socorros Mutuos en febreiro de 1945, "dada a precaria situación na que se atopa"; ou como "... a viúva do noso confrade Manuel Rey Paz, veciño de Aguiño..., que pereceu recentemente, debido a que a súa viúva era a única que quedaba sen percibir ningún donativo, tendo en conta ademais a calidade de pobre e a carga familiar que a esta lle queda", e a quen se indemnizou con 134 pesetas; outro tanto sucedeu en xaneiro de 1946, cando se lle concedeu ao confrade Bernardo Dios Santos un donativo de 300 pesetas da Sección de Socorros Mutuos "por estimar a situación económica do devandito confrade e da súa familia extremadamente mísera..., con toda a familia enferma e sen recurso ningún", e na mesma data concedeuse un préstamo ao tamén confrade Manuel Dios Álvarez, considerando a súa infortunada

8 Poñíase só como condición que quedaba facultada "... a Xunta de Goberno para modificar o acordo o día que vexa que os ingresos da Sección non responden para soster a dieta de 5 pesetas".

situación, que solicitou para reparar unha dorna que lle descompuxo o temporal, e fixarlle os prazos para devolver "... a cantidade que se lle facilite"; ou a concesión en novembro de 1946 dun donativo de 250 pesetas ao socio Manuel Ramos Espiña, polo "calamitoso estado que atravesa e co fin de axudarlle en algo a defenderse da súa enfermidade, sendo intención dos presentes doarlle algo máis", e, en calquera caso, facultar o secretario "... para que se dentro de 15 días prosegue a enfermidade do Sr. Ramos, poida concederlle 250 pesetas tamén a cargo da Sección de Socorros Mutuos".

Outro tanto sucedeu cos non asociados, acentuando o sentido do social dos seus dirixentes: así, na sesión do 31 de xaneiro de 1943 "... e tras unha breve discusión por tratarse dun señor non asociado", acordouse de forma unánime entregar un donativo de 500 pesetas ao veciño de Aguiño Juan Parada Crujeiras, enfermo, con fillos menores e sen recursos cos que afrontar a súa enfermidade. Algo similar ao que se faría o 11 de xaneiro de 1945, cando se acordou facer un donativo de 500 pesetas dos fondos da sección socorros mutuos a "... María a Micaela, dada a súa extrema pobreza e a enfermidade da súa filla".

Punto culminante desta xenerosidade foi o donativo colectivo "en socorro das familias de mariñeiros desaparecidos na mar", patrocinado no mes de xuño de 1945 pola Confraría de Pescadores de Carreira/Aguiño, herdeira do pósito tamén no que se refire á súa xenerosidade cos desvalidos. A confraría recadou ao longo do mes de xuño a cantidade de 4.485, con achegas da propia entidade, da Confraría de Moaña: 1.280 pesetas, Axudantía de Mariña de Ribeira: 1.000 pesetas, Sr. Rosés de Vigo: 1.000 pesetas, Empresa Ruiz de Sosa: 500 pesetas, "e outros señores particulares".

O 28 de xuño de 1945 distribuíronse os donativos de distinta contía entre 32 familias de Aguiño e Carreira: "Ajiño de ves" ou porto, Montevixán, Listres, Vixán, Parte ao Río, Martín e Capela, con falecidos no mar: donativos de 90 pesetas a 21 familias, 200 pesetas a 6 familias e 225 pesetas a 5 familias. A entrega das respectivas cantidades realizaríase o 30 de xuño nun acto público e solemne na sede social da confraría, á vez que se entregarían "... unhas pensións graciables pola Mutualidade de Accidentes de Mar a determinado número dos relacionados".

Naquela mesma sesión do 28 de xuño de 1945, facíase constar o "fondo sentimento" da confraría polas vítimas do Cartaxena nº 3 ás familias dos falecidos no sinistro. Facíase tamén referencia aos "... funerais celebrados o día 4 de maio polo eterno descanso das vítimas na igrexa parroquial, presididos polo Excmo. Sr. Gobernador Civil da provincia da Coruña, Sr. Comandante de Mariña da provincia marítima de Vigo, outras xerarquías provinciais e todas as autoridades locais, acto este celebrado mercé ás xestións desta Confraría, apoiadas por todas as autoridades locais de Riveira".

Naufraxio do Cartaxena nº 3. O barco cerqueiro Cartaxena 3 naufragou o 8 de abril de 1945 nos escollos do Rinchador, un dos baixíos de Corrubedo, cobrándose a vida dos seus 23 tripulantes veciños de Aguiño e Carreira, na que foi con seguridade a maior das traxedias vividas polo colectivo de pescadores da recentemente constituída Confraría de Carreira/Aguiño.

A xenerosidade alcanzou tamén outros ámbitos e outros lugares afastados, como o acordo de "contribuír con 100 pesetas dos fondos desta Confraría ao templo votivo da Virxe do Mar de Panxón", patroa dos mariñeiros en todas as partes, e en reciprocidade cos donativos "enviados a esta Confraría" pola de Panxón, para socorro ás familias de afogados.

No entanto, todo tiña un límite e non sempre a confraría puido atender as necesidades de todos. En setembro de 1945, o asociado José González Pérez solicitaba "un socorro de 100 pesetas mensuais", dada a súa situación —enfermidade crónica, manter a súa nai de 65 anos, muller e 3 fillos pequenos, etc.—, e contestábaselle negativamente porque aínda considerando "con sentimento profundo o estado deplorable desta familia..., a Confraría non conta cos fondos necesarios aínda que estes se triplicasen, para atender tales necesidades". Outras veces desestimábase a solicitude de dietas por enfermidade "por non seren reclamadas polos enfermos dentro do período de enfermidade que sufriron respectivamente, alegando non facelo por ignorancia", como lle sucedeu aos asociados Manuel Álvarez Formoso e José González Pérez en novembro de 1946. Do mesmo xeito, pouco despois, en xaneiro de 1946, cando o Estado asumiu o seguro de vellez, a confraría acordaba que a partir do 1 de xaneiro non se seguisen aboando as axudas por enfermidade aos anciáns que percibían ese subsidio.

Tamén desde finais de 1946 se desestimaríanse as solicitudes de donativos para as familias de mariñeiros afogados "... na consideración de que a estes xa lles queda unha pensión que o Estado lles facilita a través da Mutualidade", como tamén a cursada polas familias de varios afogados de Aguiño nun naufraxio ocorrido en outubro de 1946.

CAPÍTULO 10

SOCORROS MUTUOS. ASISTENCIA MÉDICA.

Outra das Seccións que impulsou a CCCM sería a de "Socorros Mutuos no seu parte de asistencia médica", ou Grupo 2º dos Socorros Mutuos, que en Carreira/Aguiño se atrasou ata finais de 1926 e sería iniciativa dos seus mestres. Na sesión do 14 de novembro dese ano, os docentes D. Manuel Quiroga e D. Adelino Díaz denunciaban a situación de abandono médico na que se atopaba a parroquia, facéndose eco de moitos socios que avogaban por remediar un mal tan urxente. Como o problema afectaba a todo o mundo, os mestres propoñían convocar a todos os seus veciños, e non só aos asociados, para tratar o asunto.

Só unha semana despois, ás 16 horas do domingo 21, ante un numeroso público e con asistencia do cura párroco de Carreira, os mestres e o presidente Andrés Pérez Campos reuníronse cos veciños da parroquia "... co fin de ver a forma de conseguir a adquisición dun médico para saír dun abandono tan lamentable".

Nesa sesión da Xunta Xeral, Manuel Quiroga propuxo aos congregados dúas vías posibles para conseguir os servizos dun médico para todos: a primeira consistía en pasar de ser pósito de pescadores a pósito marítimo-terrestre, a peor opción segundo el, porque si se deixaba de ser pósito de pescadores e se contrataba un médico fóra da sociedade, perderíanse a subvencións da Caja Central de Crédito Marítimo "... e as innumerables protección que para estes e outros fins... a devandita Caja Central nos concede[1]". A segunda opción consistía en continuar como estaban, como pósito de pescadores, admitindo como socios protectores aos non pescadores.

Unha vez aclarados estes aspectos, os reunidos optaron pola segunda opción: ingresar todos os veciños como socios de número ou como socios protectores e comprometerse a pagar unha cantidade anual á sociedade para que esta puidese aboar os honorarios ao médico. Quiroga tamén advertiu de que a cantidade que pagar por esa

1 Aínda que é probable que o propio Manuel Quiroga non o soupera, isto non era do todo certo, xa que a CCCM xa fomentaba e financiaba daquela indistintamente tanto aos Pósitos de Pescadores como aos Marítimos Terrestres e non perigaban, polo tanto, as subvencións.).

"iguala" antes de facer o contrato co médico tería que ser dun ano por adiantado, para continuar en diante cobrando mensualmente "... sen que ninguén poida queixarse dos meses que teña adiantados, posto que a Sociedade debe contar con fondos seguros para poder responder polo soldo que se estipule para a dita praza".

Dado que o pagamento anual por adiantado, sumado á cota de entrada como socio e á cota mensual, supoñía "... unha cantidade custosa para a humilde clase mariñeira...", habería que dar as maiores facilidades a todos os fregueses, xa que a sociedade debería "... preocuparse do maior ben de todos, sendo máis importante canto maior número de individuos abarque e canto maiores sexan os beneficios que ser gozados polos devanditos individuos". Pero todos estes pormenores terían que ser tratados na Xunta Xeral Extraordinaria, que quedou convocada para o vindeiro domingo pola mañá, despois da misa, e pola tarde, cando se daría conta dos acordos a toda a parroquia.

Dando probas dunha profunda conciencia social, os acordos tomados polos asociados na sesión do 28 de xaneiro de 1927 foron sumamente favorables para os veciños non socios:



O primeiro médico do Pósito de Carreira-Aguiño, Santiago Allut Agrelo, melómano e violinista.

Para as cotas de socio déronse as seguintes alternativas:

1. Estableceuse como cota de entrada a cantidade de dúas pesetas.
2. Todos os non matriculados considerarían socios protectores con dereito aos beneficios médicos.
3. Os que quixesen entrar como socios pagarían cota de entrada e medio ano adiantado, e os non socios, todo o ano.

Para as cotas de servizo médico, as seguintes condicións:

1. A cota anual para o servizo médico sería de 12 pesetas, pagando 1 peseta por mes; o prazo acordado para apuntarse no médico prolóngase ata o 31 de xaneiro de 1927, e os que se apuntasen despois desa data pagarían unha recarga de 25 pesetas.

Acordouse tamén que a praza de médico sería cuberta por medio de concurso.

Unha vez máis, encargóuselle ao mestre Manuel Quiroga, que na sesión do 13 de marzo de 1927, convocada para tratar "...asuntos relacionados coa Sección de Socorros Mutuos, no seu parte de asistencia médica", comezaba a súa disertación falando da necesidade dun facultativo "... se quería saírse do estado tan deplorable" no que se atopaban. En principio, parecía tarefa fácil, recoñecida esa necesidade por todos, sendo unha parroquia de 700 a 800 veciños, e vista a euforia coa que foi acollida a idea nas reunións anteriores. No entanto, tras o optimismo inicial e malia o esforzo despregado polos dirixentes da sociedade nos catro meses anteriores, nesa data só apuntaron 270 socios, que achegaron menos da metade dos cartos que lles correspondían, e ante esa apatía non quedaba outro remedio que esperar a que se reunise o número suficiente de socios, incrementar o capital e

conseguir unha subvención da CCCM para poder sacar a concurso a praza "cun soldo digno de tal profesión, se ha de esixírselle ao médico que desempeñe as súas funcións con todo celo, actividade e asiduidade".

Para superar esa situación de punto morto, Quiroga propuxo como única solución tirar polo camiño máis curto e instalar o médico sen ter en conta se a cantidade reunida era ou non suficiente. E propoñía a D. Santiago Allut Agrelo, que se ofrecera a dar facilidades á entidade, "sempre que o día do concurso non haxa compromiso con ningún outro Médico..., prestándose a que a xente observe o seu traballo, por se o día que se proviste [sic] a praza cren que é merecedor dela". Este médico establecérase pola súa conta pouco antes en Carreira e desde entón atendera a todos os asociados do pósito voluntariamente e sen retribución ningunha, polo que o presidente, José Sampedro, propoñía nomealo interinamente co soldo correspondente aos 270 socios xa apuntados e a razón de 1 peseta mensual por cada un deles, e dos que en diante se fosen apuntando.

Finalmente, discutida a cuestión de sacar ou non a praza de médico a concurso e tendo en conta que "as familias ás que asistira estaban moi conformes co seu traballo", someteuse a votación e decidiuse unanimemente nomear a D. Santiago Allut Agrelo médico da sociedade con praza en propiedade e non interino[2], e que percibise os seus honorarios contando desde o día 10 de marzo pasado. Finalmente, o 20 marzo de 1927 asinábase o contrato co facultativo noiés D. Santiago Allut Agrelo, primeiro médico do Pósito de Carreira/Aguiño, que podemos ver á letra no Documento 6 do apéndice documental. Entre as súas cláusulas máis salientables cómpre destacar: a caixa da sociedade pagaría os honorarios ao médico por trimestres e serían proporcionais ao número de socios apuntados ao servizo; o médico prestaría asistencia a socios e familiares coa puntualidade debida; cada socio comprometíase

2 De todos os xeitos, acordouse, por proposta do presidente, que "se debido á subvención ou outra circunstancia calquera, tivese que ir forzosamente a concurso a dita praza, quedará sen efecto este nomeamento".

a pagar á entidade a cantidade dunha peseta mensual por adiantado; en caso de baixa do médico, este deberá poñer substituto pola súa conta e á satisfacción dos dirixentes; o contrato sería valedoiro por 1 ano desde o 10 de marzo de 1927, salvo que unha subvención da CCCM obrigase a sacar a praza a concurso.

Con todo, e para evitar a picaresca, o secretario engadiu unha addenda ao contrato que reza: "Dada a frialdade e egoísmos de certos veciños, a Sociedade tomou os acordos seguintes: .... todo aquel que preste o seu recibo para consulta ante o médico a calquera non asociado pagará 25 pesetas de multa e será expulsado da Sociedade sen dereito a reclamación de ningún xénero".

A atención médica impulsada pola sociedade pescadora universalizouse a todas as persoas da parroquia de Carreira, incluída a xente máis pobre, que non podía sufragar as cotas de atención médica, algo realmente encomiable e proba fidedigna do compromiso do pósito con toda a poboación. A sociedade asumía así unha competencia que lle correspondía ao concello —e aos seus médicos titulares municipais— que, unha vez máis, deixaba de lado as súas obrigas con Aguiño. Por esa razón, o 30 de outubro de 1927, o asociado José Rego propoñía á Xunta Xeral que, "tendo en conta que os pobres desta parroquia están desatendidos e gratuitamente asistidos polo médico do Pósito", se enviase unha comisión á alcaldía para tratar de que, ou ben pasase a ser municipal a praza de médico do pósito, ou ben concedesen unha subvención para alixeirar os gastos médicos dos seus socios e facer máis estable a praza do facultativo.

Durante os dous anos seguintes, o médico Santiago Allut continuou prestando atención médica con normalidade aos asociados, familiares e xente pobre, ata que, a partir de comezos 1929, comezou a faltar á súa consulta con certa asiduidade. Por iso, o 14 de abril de 1929, os dirixentes da entidade denunciaban as cada vez máis frecuentes

irregularidades de Allut no seu consultorio de Carreira[3]: "a falta de asistencia médica que o devandito señor vén cometendo aos asociados...", xa que non tiña o seu consultorio aberto polas mañás en Carreira/Aguiño, mentres tiña aberto o de Ribeira. Por iso, lembrábaselle a súa obrigación de telo aberto, aínda que se lle daban facilidades para atender alí a xente de fóra, "sempre que non teña socios ou familias de socios para consultar".

Secasí, o 2 de xuño seguinte era o propio médico Santiago Allut Agrelo, "que ata a súa recente enfermidade viña desempeñando a praza como médico deste Pósito", quen enviaba un escrito renunciando á praza por motivos de saúde: "o médico que o consulta recoméndalle non seguir neste traballo para mellorar a súa saúde". Nesa mesma sesión aceptábase a renuncia do médico noiés "... sen protesta de ningún dos presentes, sendo gran número...", e só tres días despois o presidente comunicaba aos asociados a posibilidade de contratar ao doutor D. Gumersindo Villaverde López[4], que se ofreceu para "... desempeñar a súa profesión, sempre que poida chegarse a un acordo que a ambos conveña...".



Placa do Consultorio do médico noiés Santiago Allut.

3 Como informa o Libro de Rexistro de Saídas de Correspondencia de 15/03/1928, Santiago Allut asentou veciñanza en Carreira "médico avecindado en Carreira", establecendo alí o seu consultorio no que atendía aos doentes de Carreira e se desprazaba a Aguiño no automóvil "de su propiedad" matrícula C-2118. AMR, LRSC 1928, nº 260, 15 de marzo de 1928.
4 Nacido na Estrada, Gumersindo Villaverde estaba casado con María Cardama e exercera a medicina durante algo máis dunha década na Habana/Cuba, onde naceran os seus dous fillos maiores: Alberto e Hortensia.

O 10 de agosto de 1929, os socios da entidade reuníanse co obxecto de "... reorganizar oficialmente o segundo grupo da Sección de Socorros Mutuos deste Pósito pescador e designar para o desempeño do devandito cargo o médico D. Gumersindo Villaverde López...", con quen asinaban o contrato o mesmo día, en condicións similares ao anterior con Santiago Allut: retribución de 12 pesetas anuais por familia, que se pagarán por trimestre e por adiantado, máis "... as correspondentes subvencións da Caja Central de Crédito Marítimo, sempre que estas sexan concedidas..."[5]; desempeñar as súas funcións profesionais con todo "celo, actividade e asiduidade"; poñer substituto en caso de falta; e a principal diferenza era que o contrato sería valedoiro "... polo tempo que o estimen ambas as partes, quedando rescindido o día que unha delas avisase con tres meses de antelación...".

Tanto o contrato con D. Gumersindo Villaverde, coma o do seu antecesor, D. Santiago Allut, carecían de precisión nalgunha das súas cláusulas e, sobre todo, na que estipulaba os seus honorarios. En ambos os casos, a cota que pagar polos membros da sociedade estaba clara. Pero, en cambio, non o estaba a achega da subvención da CCCM, que podía incrementar considerablemente, ou non, os honorarios dos médicos. Esa subvención podía ser de maior ou menor contía porque non era fixa, podía non concederse, como ocorreu algún ano, e, ademais, en caso de habela, sempre se recibía con moito atraso. Iso motivou non poucos problemas, como o



Natural da Estrada, Gumersido Villaverde exerceu como médico do pósito durante os anos trinta.

5 O contrato precisaba que se cobrarían á parte "traballos extraordinarios, como partos, golpes a man armada e enfermidades venéreas".

ocorrido en febreiro de 1942. O doutor Villaverde, xa afastado desde algún tempo atrás das súas tarefas en Aguiño, reclamou ao pósito "... se lle aboase a subvención recibida de Instituto Social de la Marina por asistencia médica polo tempo que foi médico deste Pósito, aínda despois de trasladarse a Riveira...". Isto suscitou unha controversia entre unha maioría que estaba en contra porque o médico abandonara a parroquia, "a pesar de recoñecer o seu bo comportamento mentres estivo no pobo", e outros a favor, precisamente por ese positivo labor realizado. A cantidade recibida na sociedade polos servizos médicos despois de moito tempo fora de 1.010 pesetas e finalmente chegouse ao acordo de aboarlle ao Dr. Villaverde 500 pesetas "... en concepto de subvención e dando así por liquidado este asunto".

D. Gumersindo Villaverde prestou os seus servizos médicos ás xentes de Carreira e Aguiño durante moitos anos e, a comezos dos anos corenta, trasladouse a Ribeira, deixando vacante a praza de médico. A falta de facultativo "por ausentarse o que residía aquí anteriormente e considerar isto unha gran necesidade..." moveu o pósito a nomear unha comisión[6] o 21 de xaneiro de 1940 que solucionase este problema e lograse traer a Carreira/Aguiño o médico que tanta falla facía. O que parecía unha tarefa bastante difícil ao final non o foi tanto e só cinco días despois a comisión contactaba co médico "establecido nesta localidade de Carreira" D. Antonio González Pérez, que aceptou prestar os seus servizos, e se aprestaron a redactar o correspondente contrato.

A atención médica aos socios do Pósito de Carreira/Aguiño cambiou radicalmente tras a conversión da entidade en Confraría de Pescadores en 1944. A partir de entón, a entidade deixou de contratar médicos particulares e puxo a asistencia sanitaria en mans da clínica Obra Sindical Comarcal 18 de Julio. O primeiro paso cara a este novo

6 Compoñían esa comisión Manuel Fontaíña Fernández, Manuel Sampedro Reiriz, José Sampedro Ayaso, Francisco Monteagudo Reiriz e Manuel Álvarez Dios.

tipo de asistencia deuse o 25 de marzo de 1945, cando os dirixentes da recentemente creada Confraría de Pescadores acordaron comezar os trámites para traer un "médico titulado con carácter estable nesta localidade para a asistencia aos confrades, para o que deciden concertar coa Obra Sindical Comarcal 18 de Julio de Riveira, para se ela, outorgándolle preferencia por ser obra da Organización (sindical), pode atendernos...", e confiaron esas xestións ao secretario-contador da Confraría.

O contrato coa Obra 18 de Julio, como sería coñecida no futuro, selouse conxuntamente cos cabidos das confrarías de Corrubedo e Ribeira tras reunión co "Delegado Comarcal de Sindicatos de Riveira" José Agrafojo a mediados de decembro de 1945, e o 1 de xaneiro seguinte, o patrón maior da Confraría de Aguiño, Jesús Sampedro, informou os seus confrades: "... a partir de hoxe, os confrades afiliados á Obra 18 de Julio deberán pagar por este concepto 1,50 pesetas os cabezas de familia, e 0,50 pesetas os demais confrades, gozando dos mesmos dereitos e deberes que ata a data". Apuntaba tamén que os 50 céntimos que se lles ían cobrar ós non cabezas de familia serían destinados á Sección de Socorros Mutuos, "... sempre que a obra non necesite de elas"[7]. Estas cantidades correspondían exclusivamente ás cotas mensuais polos servizos médicos.

O 20 de xaneiro dese mesmo ano, presidente e secretario-contador computaban ante os asociados as cotas completas a pagar entón, é dicir, a achega como confrade e como beneficiario dos servizos médicos: se antes se lle pagaban 3 pesetas mensuais á Obra 18 de Julio, máis 1 peseta mensual á Confraría, agora pagarían unha cota única: os xefes de familia, 2'50 pesetas mensuais (1 peseta para a Obra 18 de Julio, 1 peseta para a cooperativa e cincuenta céntimos para a Sección de Socorros Mutuos); os non cabezas de familia, 1'50 pesetas mensuais (1

7 Por unha cuestión de xerarquía propia do novo réxime político, o acordo tomábase entre as confrarías citadas e o delegado comarcal de sindicatos, e non co propio director da Clínica 18 de Julio directamente. Só a posteriori se estimou "prudencial" comunicarllo ao director "para que confirme os extremos expostos".

peseta para a Confraría e 0,50 céntimos para a Sección de Socorros Mutuos)[8]. Estas condicións melloraban sensiblemente a situación dos confrades, cunha notable rebaixa das súas cotas, que pasaban de 4 a 2,5 pesetas mensuais. Non é de estrañar que todos expresasen "unanimemente" a súa conformidade.

Desde esa data, a Obra 18 de Julio destinou un médico de forma permanente en Aguiño e, ante a posibilidade de que fose trasladado en novembro dese mesmo ano, a Confraría de Pescadores comunicou á Xefatura da Obra que preferían "... que continúe o médico actualmente destacado nesta parroquia..." e, en todo caso, se era inevitable o traslado, "... pedimos desde logo que o faga en forma que non quedemos un só día sen médico, é dicir, ao momento de relevar este, posesionar o outro...", algo que soa moi actual, non?

Balance da asistencia médica do Pósito de Pescadores. Igual que o labor das escolas, tamén hai que considerar moi positivo o labor da asistencia médica. Por vez primeira, os residentes en Aguiño puideron dispoñer de médico que os atendese nas súas doenzas. E aínda que é certo que nos vinte anos de existencia da sociedade non se abriu ningunha consulta no porto de Aguiño, senón en Carreira, e que o acceso á asistencia facultativa sempre estivo limitado pola distancia e a ausencia de transporte público entre ambas as dúas localidades, os contratos establecían a obrigatoriedade de que os facultativos atendesen os enfermos, "asistíndoos ata a súa completa curación..., con todo celo, actividade y asiduidade", o que implicaba as visitas do propio médico aos fogares dos doentes.

8 A cota establecida implicaba, como dixo o presidente nesa reunión, "... que todo confrade, ademais da consideración de tal, merece a de afiliado á Obra Sindical 18 de Julio".

CAPÍTULO 11

RECURSOS ECONÓMICOS E CONTROL DE CONTAS

As fontes documentais das que dispoñemos non permiten estudar con precisión o financiamento e a contabilidade xeral do Pósito de Pescadores de Carreira/Aguiño, que estaban a cargo do tesoureiro e do contador da Xunta de Goberno, dous cargos cuxas funcións en boa parte solápanse e é difícil separar as de un e as de outro.

O certo é que os Libros de Contabilidade cos asentos de ingresos e gastos non se conservan, e as noticias que emanan das xuntas xerais son sempre xenéricas e limítanse a consignar puntualmente a aprobación das contas por parte dos socios e pouco máis, sen concretar en que consistía cada unha das partidas de entradas e saídas de cartos. Por outra banda, aínda que o regulamento establecía que se debían tomar contas trimestrais e anuais aos responsables, as primeiras nin se mencionan na documentación e parece difícil que se cumprise ese precepto. En calquera caso, podemos realizar unha aproximación á materia da que trata este capítulo.

Os recursos. A entidade de pescadores nutríase de recursos económicos a través de varias vías: as cotas sociais e as das distintas seccións —xa que estas últimas eran voluntarias—, as subvencións da Caja Central de Crédito Marítimo —que serían fundamentais na primeira etapa—, a porcentaxe que cobraba polas vendas na lonxa aos seus barcos e os 2 céntimos por litro de combustible subministrado aos barcos do pósito desde 1935.

Cotas dos socios. As cotas —de 1 a 1'5 pesetas mensuais, segundo as épocas— eran unha fonte de ingresos moi secundaria, como é lóxico, xa que, de non ser así, perdía a súa virtualidade a existencia da CCCM. Era así, mesmo se lle engadimos á cota mensual as cotas de entrada que se impuxeron desde decembro de 1925 aos que non se anotaron como socios na primeira asemblea de constitución da sociedade e que se situaron no rango de 2 a 5 pesetas, segundo as épocas. E tamén se engadimos as cotas por asistencia médica ou algúns outros conceptos de Socorros Mutuos.

Subvencións da CCCM. A segunda fonte de ingresos serían as subvencións da CCCM e, desde 1930, do Instituto Social de la Marina. Serían fundamentais sobre todo na primeira etapa, cando se carecía de escolas, asistencia médica etc., aínda que, como apunta Ansola, os pósitos galegos sempre estiveron infrasubvencionados pola CCCM, sobre todo se os comparamos cos da costa cantábrica[1], e o desequilibrio no repartimento das subvencións tamén se repetía a nivel provincial e rexional[2]. Pero para aquela xente, que na súa inmensa maioría vivía nunhas condicións de extrema pobreza e á que ninguén lles dera nunca nada, calquera cousa era moito, e por iso celebraban as noticias das subvencións con grande alborozo: así, na sesión do 8 de decembro de 1924, cando se coñeceu a concesión das primeiras



Pouco a pouco a entidade -pòsito e confraría- foi explotando novos recursos. A Praia de Carreira -Castro, Rebeira e Catía- sería un dos principais criadeiros de ameixa dos mariscadores de Aguiño.
Foto A. Parada.

1 Galicia tenía muchos pósitos y poca subvención; el Cantábrico bastantes asociados y mucha financiación...". ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2007), páx. 19. Abundando no mesmo, M. Senra apunta que en 1934, co fin de acabar cunhas disensións no seo do pósito de nova creación de Laredo, Saralegui ofreceu 200.000 pesetas para "comprar" a concordia: metade para a entidade e metade para material dos armadores. A abafadora diferenza entre estas cifras e as da nosa entidade fala por si soa. SERNA VALLEJO, M. (2017): Dos gremios de mareantes ás actuais confrarías pesqueiras de Castro Urdiales, Colindres, Laredo e Santoña. Edit. UC, páx. 216.

2 O propio ANSOLA: "El pósito de Vigo, pese a que sus asociados suponían sólo el 2,9 % de la provincia de Pontevedra y el 1,4 % de toda Galicia, aglutinaba el 55,5 % y el 34,4 % de las subvenciones otorgadas a la provincia de Pontevedra y a Galicia, respectivamente". Ibidem, pp. 19 e 20.

subvencións, a Xunta Xeral de Socios "pronunciouse favorablemente impresionada pola subvención recibida, e unánime acordou facer constar na acta o testemuño da súa profunda gratitude ao Presidente da Comisión Permanente e a D. Alfredo Saralegui, fundador e alentador fervente destas asociacións". Mal podían saber daquela que, en realidade, os pósitos galegos estaban entre os peor subvencionados de España.

A medida que a sociedade foi gañando impulso e recursos propios, as subvencións tamén foron minguando en igual proporción. Desde 1928 xa non houbo subvencións para o sostemento da Sección Cultural porque as escolas dos pósitos pasaron a ser escolas nacionais e o Ministerio de Instrucción Pública fíxose cargo do sostemento dos mestres. E, xa desde 1936, a penuria económica xeneralizada nun país arruinado pola Guerra Civil e a durísima posguerra fixo que as subvencións do Instituto Social de la Marina pasasen a ser irrelevantes e residuais. Polo tanto, paulatinamente e ao ritmo do progreso da propia asociación, a entidade foise facendo a sí mesma, sen necesidade de axudas exteriores. Un exemplo claro é que o orzamento de 27.662 pesetas que custou a Casa do Pescador, inaugurada en xaneiro de 1941, foi asumido na súa case totalidade polos propios asociados, algo impensable uns anos antes.

Porcentaxe sobre venda do peixe. A terceira vía de obtención de recursos sería o cobramento dunha porcentaxe sobre as vendas dos barcos da sociedade nas lonxas a través dos seus vendedores. O propio Regulamento establecía que os socios debían "... pertencer a unha tripulación que deixe á Asociación un tanto por cento da venda dos produtos da pesca que capture". En moi pouco tempo, este capítulo converteríase no principal medio de financiamento e asegurou a longo prazo a súa boa saúde financeira, polo que lle dedicaremos un apartado específico máis adiante, tratándoo polo miúdo.

Como o porto de Aguiño non tiña lonxa propia, víase obrigado a vender as capturas dos seus barcos en lonxas alleas como a de Ribeira, sen dúbida a principal, pero tamén nas de Vilaxoán, Cambados, O Grove etc.; sobre todo, unha vez que fixeron acto de presenza os barcos de vapor. A carencia dunha lonxa propia foi sempre unha debilidade da asociación porque supoñía considerables perdas de tempo, incrementar os xa de seu penosos traballos das tarefas pesqueiras, depender de administracións alleas, que podían impoñer taxas e inconvenientes ás vendas[3], e contratar vendedores alleos en lugares certamente afastados. Por iso, sería unha constante reivindicación que a entidade non conseguiría facer realidade e habería que esperar ata os anos cincuenta, xa convertida en confraría.

Cada pósito establecía en Xunta Xeral a porcentaxe das vendas que consideraba oportuna, e o de Carreira/Aguiño decidiuse polo 1% das vendas na lonxa[4]. Ademais, os que tiñan lonxa propia aplicaban unha porcentaxe sobre as vendas das capturas en poxa[5].

Céntimos por litro de combustible. Finalmente, desde a publicación da Orde do Ministerio de Facenda do 12 de outubro de 1935 —tras a que, máis que probablemente, estaba a man de Alfredo Saralegui—, pósitos e asociacións de pescadores quedaron habilitados para apropiarse de 2 céntimos en litro do combustible fornecido aos seus barcos, para dedicalos aos diversos capítulos da Sección de Seguros Mutuos: atención a anciáns, inválidos, enfermos, viúvas e orfos, etc., o que deixaba plenamente asegurado o financiamento desta sección.

3 Xa vimos como a finais de 1927, na lonxa de Vilaxoán se lles chegou a impoñer poxar a pesca en último lugar, cando os prezos xa baixaran, e mesmo boicotear a poxa para baixar aínda máis os prezos.
4 En lugar dunha porcentaxe sobre as vendas, o de Burela decidiu o aboamento dun cuarto de quiñón durante os meses de verán e unha peseta mensual nos meses restantes, pero en 1924 decidiu substituír esas contribucións polo 2% das vendas. PERNAS, Herminia (2001), páx. 12.
5 Nos portos de Foz, Burela e San Cibrao, esta porcentaxe oscilaba entre o 2% e o 5%, segundo fosen de barcos de asociados, non asociados locais, non asociados foráneos, etc., o que provocou conflitos ata o punto de que en Foz chegaron a prohibir en 1929 a poxa de capturas de barcos alleos ao seu porto. Ibidem, p. 14.

Durante a guerra e nos anos corenta, as autoridades franquistas mantiveron estes 2 céntimos por litro sobre os vales de gasolina e gasóleo a beneficio das asociacións de pescadores: un céntimo seguiuse asignando a Socorros Mutuos e o outro, nun principio ao Orfanato da illa de San Simón, na ría de Vigo, aínda que finalmente se destinou a paliar os gastos da Casa do Pescador, dado o atraso das obras daquel hospicio.

Mecanismos de control dos recursos.Tan importante como os propios ingresos era o control dos mesmos, e desde un principio contouse con medios de control dos seus recursos, uns impostos pola superioridade —CCCM e ISM— e outros habilitados pola propia entidade.

En primeiro lugar, a sociedade estaba subordinada ao control de dous inspectores: o "inspector local", que adoitaba ser o axudante de mariña de Ribeira, e o "inspector costeiro", nomeado desde Madrid, cargo que nos anos vinte desempeñaba Manuel Fabeiro Fernández e, nos anos republicanos, José Costa Alonso, o antigo e "entusiasta" presidente do pósito de Moaña, que adquiriu un gran protagonismo por aquel tempo. Ambos supervisaban todas as actividades, incluídas as económicas, e podían pedir explicacións e responsabilidades aos dirixentes sobre calquera irregularidade.

En segundo lugar, o propio regulamento establecía preceptiva a aprobación anual das contas pola Xunta Xeral de Socios. Todos os anos, a Xunta de Goberno tiña que incluír na orde do día da última sesión do ano —ou na primeira do ano seguinte— a aprobación do balance de contas do ano anterior. Este trámite —que se chamou indistintamente "aprobación de gastos", "balance xeral no referido á súa parte económica", "conta dos ingresos e gastos durante o ano… quedando igualmente aprobados"— comezou o 17 de xaneiro de 1926 e continuou os anos seguintes, salvo casos excepcionais como 1928 ou 1930. A aprobación anual de contas nunca ofrece pormenores

do aprobado e case nunca sobre o saldo final. Excepción serían a do 10 de xaneiro de 1932, cando en sesión presidida polo inspector costeiro Costa Alonso se aprobaron as contas, "resultando un saldo a favor desta entidade de pesetas 8.070,46"[6] e a do 15 de xullo de 1934 que deixaba "... un saldo a favor de 3.304 pesetas con 0,65 céntimos". Foron das contadísimas ocasións en que se deron saldos finais anuais, unhas cifras que non estaban nada mal tendo en conta que se trataba dunha época de vacas fracas[7].

Outro mecanismo de control interno sería a Xunta Inspectora[8]. Creada en xuño de 1927 a pedimento do mestre Avelino Díaz, invocando o artigo 47 do Regulamento, tería como obxecto "... a estrita vixilancia da boa marcha da Sociedade..., e vendo os presentes o beneficioso que era ao Pósito...", e acordouse creala alí mesmo. Estaba composta por un presidente —prioritariamente a autoridade local da Mariña—, e catro vogais: "un médico, un mestre ou mestra, e dúas persoas de recoñecidas inclinacións polas cuestións sociais". Todos eles tiñan que ser persoas "afastadas da política activa" e desempeñarían estes cargos "durante o tempo que o desexe a Xunta Xeral". O labor da Xunta Inspectora consistía en "Inspeccionar todas as operacións que se practiquen pola Xunta de Goberno e as Administracións das seccións..., chamando a atención sobre as faltas que notasen..., e ata dando conta delas ás autoridades, se a súa importancia así o require" (art. 50 do Regulamento).

Presidirían a Xunta Inspectora, consecutivamente, Antonio Dios Millares (ata 1931), Tomás Reiriz Álvarez (1932-1935) e Manuel Álvarez Dios (1936).

6 Neste caso, o balance foi moi pormenorizado: "Presentáronse na mesa os correspondentes comprobantes, autorizacións ou facturas e por invitación do presidente ponse á consideración da Xeral o exame e investigación de libros contables e balance, sendo aprobados por unanimidade. O asociado Tomás Fernández solicita un voto de grazas para directiva pola escrupulosidade e honradez nos seus traballos".

7 Eran os anos de crise económica mundial subseguintes ao Crack de 1929",

8 A Xunta Inspectora figuraba como un dos "Organismos sociais" recollidos no Art. 8º do Regulamento, e a súa composición e funcións tratábanse máis amplamente nos Arts. 47 a 52.

O celo pola limpeza financeira da entidade levou tamén aos seus dirixentes a arbitrar medidas puntuais para un máis estrito control. En xaneiro de 1934, o presidente solicitaba á Xunta Xeral o nomeamento dunha comisión revisadora de contas para informarse do "movemento de fondos da sociedade expresados no seu balance dado a coñecer no día de hoxe e da súa opinión sobre o mesmo", e o 15 de xullo do mesmo ano a Xunta Xeral nomeaba unha comisión para "... que se reúnan o día máis conveniente para eles e que dean unha inspección aos Libros de Tesourería para comprobar a marcha do movemento de fondos".

Con motivo da reapertura da sociedade en setembro de 1936, clausurada por dous meses ao comezo da guerra, a directiva entrante recibiu da saínte "...todos os recibos de pagos e ingresos que obraban no seu poder e o Libro de Tesourería...". Recibiu tamén o remanente en metálico que atesouraba e que nos permite coñecer a saúde económica da entidade naquel momento: o pósito dispuña naquel intre de 4.246,91 pesetas[9] por unha banda e 511 pesetas destinadas ao Orfanato de San Simón, que correspondía ao importe dun céntimo por litro do despacho de vales de gasolina e gasóleo "durante os meses de xuño, xullo e agosto do ano actual".

Sorprendentemente, os anos de penurias posteriores á guerra non foron anos de incerteza económica. Xa mencionamos que a Casa do Pescador se custeou con recursos propios e sen axudas externas. A frota pesqueira de Aguiño incrementouse considerablemente e as porcentaxes de vendas en lonxas e os ingresos creceron ao mesmo ritmo.

Os balances de contas dos anos 1941 a 1945 foron aprobados por unanimidade e deixaron a todos contentos. Pero os de 1946 foron aínda mellores, sobre todo desde a chegada á Secretaría do secretario-contador Regueira.

9 Deste diñeiro, 2.043'10 pesetas estaban depositadas na sucursal do Banco da Coruña en Ribeira, única entidade coa que traballaba a entidade, e 2.203'81 en metálico.

Revisados os libros de contabilidade e os xustificantes de entradas e saídas, o Cabido deu un voto de grazas ao "camarada Regueira" pola boa marcha da confraría desde a súa chegada dez meses atrás, en cuxo período se observou "un aumento no activo da Confraría por valor de 12.000 pesetas" e sensibles melloras en todos os servizos da entidade. O brillante exercicio causou tal satisfacción que o patrón maior propuxo convidar a todos "... cunhas copas en estímulo ao entusiasmo que todos teñen pola asociación e pola colaboración que desinteresadamente todos prestan á Confraría", proposta aceptada, naturalmente, por todos os presentes. O certo é que tiñan sobrados motivos de satisfacción, pois o balance de contas presentado o 1 de setembro de 1946 presentaba un saldo positivo de 39.036,50 pts., unha verdadeira fortuna para a época. E faltaba por computar, segundo Regueira, "unha cantidade elevada de pesetas depositadas na CAMPSA de Santiago de Compostela, sen que puidese ata a data de hoxe precisar esta cantidade", ademais do inventario de mobles e inmobles "que agora se sabe que posúe a Confraría".

A porcentaxe sobre as vendas e os conflitos cos vendedores. Como xa dixemos, unha das principais fontes de recursos, quizais a máis lucrativa, consistía na obriga de aboar ao pósito o 1% das vendas de peixe dos barcos dos asociados. Lembráballo a Xunta Xeral ao armador Manuel Sampedro Gude na sesión do 13/10/1935, advertíndolle que en caso contrario "será dado de baixa na nosa asociación dunha maneira definitiva".

Esta recadación chegaba a alcanzar cifras moi considerables e a súa cobranza encomendábase a vendedores oficiais nomeados pola propia entidade. Os vendedores da nosa sociedade tiñan como praza principal a Lonxa de Ribeira, onde se vendía a maior parte do peixe capturado en Aguiño, pero tamén tiña vendedores oficiais en lonxas do contorno, como Cambados, lonxa na que foi designado como vendedor Joaquín Fariña Trigo, quen "... a cambio de vender pola súa mediación todas as embarcacións asociadas nosas, o devandito señor comprométese a entregar ao Pósito o 1% das vendas".

A forma de recadación, a contía do recadado e os diferentes intereses de entidade e vendedores provocará importantes diferenzas e fricciónS entre eles de forma continua, sobre todo xa entrados os anos trinta. E, nestes casos, a agrupación de pescadores non dubidará en enfrontarse aos seus propios vendedores cando estes retrasaban ou negaban o pago do 1% correspondente[10].

Un dos primeiros exemplos témolo na disputa co vendedor Fontaíña. Na sesión do 13/10/1935, a sociedade comisionou a Manuel Sampedro Dios e a Andrés Teira para que se entrevistasen "co noso vendedor Sr. Fontaíña e obrigalo a que faga entrega do que corresponde polas vendas realizadas polos nosos asociados en Riveira" e, caso de negarse, nomear un novo vendedor ao que en diante debían acudir todos os socios para vender as súas capturas.

Nos anos corenta recruaron os enfrontamentos entre uns e outros. En 1940, a entidade aguiñense tiña na lonxa de Ribeira dous vendedores, e o 17 de novembro, e por proposta do presidente Ayaso, admitiuse como terceiro vendedor oficial a Joaquín Santos Saíñas, que na súa solicitude se comprometía a aboar o 1% das vendas.

En febreiro de 1944, o conflito xurdiu co vendedor de Cambados Joaquín Fariña Trigo. Na Xunta Xeral de 1944, o secretario José Regueira Martínez denunciaba que nos ingresos do ano anterior "non figura o correspondente ao 1% que debera ter enviado o vendedor do porto de Cambados, D. Joaquín Fariña Trigo" e que, tras varios requirimentos, "vén dando desculpas e promesas que ata hoxe non foron cumpridas sen que niso se vexa causa xustificada". Alí mesmo acordouse darlle un prazo de 15 días para a liquidación, ordenouse ás embarcacións asociadas

10 Nalgunha ocasión, o enfrontamento sería con outras sociedades que pretendían quedar co 1% dos seus barcos. Ocorreu en setembro de 1930, cando o pósito de Aguiño recorreu ao ISM para que se lles reintegrase "... a porcentaxe que aboan os armadores deste Pósito nos de Cambados, Rianxo, Marín e Vilaxoán", tal e como dispoñían os artigos 55 e 64 do Regulamento.

a suspensión das operacións de venda por mediación dese vendedor en caso de incumprir o requirimento, e, en diante, as liquidacións dese vendedor faríanse por trimestres vencidos e non anuais como ata entón. Na mesma sesión nomearíase un cuarto comprador para a lonxa de Ribeira, Camilo Lourido, tamén coa condición de satisfacer o 1%, e con quen non tardará en haber problemas.

Os conflitos cos vendedores persistiron e, así, o 11 de xaneiro de 1945, o cabido volvía insistir en que se xestionase con eles a liquidación de 1% das vendas "ata a día de transformarse o Pósito en Confraría" e, en setembro do mesmo ano, o secretario José Regueira manifestaba ante os asociados que o vendedor Camilo Lourido se negaba a liquidar "o 1% que nos corresponde" polo valor bruto da pesca dos barcos da confraría na lonxa de Ribeira desde case dous anos atrás. Denunciaba tamén a neglixencia do anterior secretario, xa que cando Regueira tomara posesión todos os vendedores debían cantidades considerables; facía especial mención a Joaquín Santos Saíñas, quen, despois de que o patrón maior e o secretario lle pedisen a liquidación varias veces, "decidiu anticiparnos onte a cantidade de 2.500 pesetas en condición de indemnizar ou devolverlle o que fose mester, manifestando o secretario-contador que é insuficiente a cantidade que anticipa o referido vendedor, xa que son 20 meses os que debe, encomendándose ao secretario o debido control, xa que así lle corresponde". Na mesma sesión decidiuse ademais que, se non presentaban a liquidación nun prazo curto de tempo, "pasar o correspondente auto de culpa aos tribunais competentes". Ano e medio despois, en setembro de 1946, volveu producirse o mesmo problema. Na Xunta do día 8, o patrón maior expoñía que o mesmo vendedor Joaquín Santos Saíñas debíalle á confraría desde había nove meses a cantidade de 833 pesetas, e a pesar de requirirlle reiteradas veces o seu aboamento, seguía dando corda con desculpas de mal pagador, polo que se lle apercibía de tomar as "determinacións pertinentes ao caso".

No caso de Camilo Lourido xurdiu un novo inconveniente. Este vendedor fora avalado polo xerente do Banco de La Coruña en Ribeira, José Vidal, que se ofreceu a mediar cando a confraría denunciou a Lourido no xulgado por falta de pagamento: o aval era pola cantidade reclamada e, ademais, a metade dos gastos ocasionados pola demanda. Pero cando se lle presentou a conta de gastos, Vidal dixo que só se facía cargo da cantidade non pagada e non dos gastos, e transcorridos catro meses acabou tamén denunciado o avalista.

Os problemas cos vendedores non diminuíron, a pesar dos cambios introducidos polas autoridades franquistas na Confraría de Pescadores a finais de 1944. O seu afán intervencionista na economía, que se deu tanto a nivel nacional coma a nivel local, plasmouse nas medidas tomadas o 12 de novembro de 1944, horas despois de transformada a entidade en Confraría de Pescadores.

Os novos dirixentes locais, "o Camarada Xefe Comarcal do Movemento" que presidiu a reunión e o "Camarada Delegado Comarcal Sindical", reuníronse cos novos directivos que acababan de tomar posesión e acordaron, dadas as cada vez maiores cargas sociais das embarcacións de pesca, que nese momento supoñían "... o 10'50 % do importe bruto da pesca capturada, e como queira que o 2% do devandito importe bruto se destina ao pagamento dos servizos de vendedores particulares, que alcanza unha media de 180.000 pesetas anuais, e con obxecto de que estas cantidades queden en beneficio dos produtores, tanto armadores coma tripulantes, aliviando algo a súa situación...", nomear un só vendedor oficial da confraría[11] que a partir de entón representase a todas as embarcacións dos confrades e que percibiría polos seus servizos un máximo de 15.000 pesetas de capital bruto, que suporían "o 0'50%, e, desta cantidade en adiante, o 1%, correndo ao seu cargo os gastos de soldo do escabecheiro e a gratificación da persoa que lle leve a contabilidade, que deberá ser o Secretario da Confraría". Este cargo sería

11 E propoñían a Manuel Sampedro Álvarez ou, de ser o caso, a Manuel Gude Sampedro, e, se tampouco aceptaba, que o cabido designase a persoa adecuada para este mester. Ao final acabouse nomeando ao confrade José Pérez Sampedro, a quen o 11/01/1945 se lle aboaba un xornal de 15 pesetas diarias "polos días que estivo a desempeñar a súa xestión".

renovable cada 6 meses pola Xunta Xeral de Confrades. O acordo incluía a advertencia aos armadores de que, se transcorrido un prazo de 8 días non vendían a pesca por medio deste vendedor oficial, se suspenderían as subministracións de útiles para a pesca e, de reincidir na súa conduta, perderían a súa condición de confrades, "xa que con iso demostra a súa mala fe para coa Confraría, comunicándose esta falta de disciplina ás demais confrarías do litoral, para que non sexa admitido en ningunha delas". O acordo sería aprobado por 80 votos, aínda que 18 cualificados armadores —algúns deles, como Antonio Ayaso Silva ou Jesús Sampedro, foran presidentes da sociedade— pediron que se estudase máis detidamente[12].

A cousa parece que non funcionou moi ben, porque aos poucos días de concluír o compromiso co vendedor José Pérez Sampedro, e nunha asemblea presidida outra vez polos xerarcas franquistas locais, o "camarada" xefe comarcal do Movemento, Miguel Rodríguez Bautista, e o "camarada" xefe comarcal sindical, José Agrafojo Otero, sometíase á votación dos asociados se estaban conformes en que quedasen "... os 5 vendedores que xa viñan exercendo estas funcións" ou os que se designaran cando a entidade se transformara en confraría: por 84 votos a favor fronte a 56, decidiuse que seguisen "exercendo o cargo de vendedores os 5 que xa o eran antes". Tamén se someteu a votación unha proposta do vendedor Santos Saíñas, que fora ben acollida polos outros catro vendedores e que consistía en que os vendedores seguisen cobrando o 5% das vendas "como antes", e distribuílo así: un 2% para o municipio, o 1% para a confraría e o 2% para os vendedores, e a proposta foi aprobada por 110 votos a favor e 63 en contra.

12 Serían: Manuel Álvarez Dios, Ángel Sampedro Dios, José Ayaso Álvarez, Ángel Monteagudo Reiriz, Juan Muñiz Crujeiras, Jesús Sampedro Sampedro, Luis Rey González, Joaquín Abraldes Diz, Antonio Romano Silva, Manuel Sampedro Crujeiras, Andrés Álvarez Formoso, Antonio Ayaso Silva, Andrés Sampedro Crujeiras, Ángel Rey Paz, Manuel Pérez Santamaría, Domingo Muñiz Crujeiras, Antonio Vidal Pérez e Andrés Monteagudo Reiriz.

CAPÍTULO 12

PEIRAO E INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

Un dos factores que lastraran o desenvolvemento de Aguiño durante o primeiro terzo do século XX fora a ausencia dun dique de abrigo nun sitio no que ventos e ondadas do W e SW azoutaban furiosos nos frecuentes temporais de inverno. Ata 1930, o único lugar de atracada existente en Aguiño consistía nunha pequena rampla construída por José Colomer Bargés xunto á súa factoría, que desde os anos noventa do século anterior tiña xa un uso público. Pero este simple atracadoiro non servía en absoluto como refuxio, senón como zona de varada. A carencia dun dique para gorecer "embarcacións maiores e menores" era un escollo fundamental porque impedía o acceso e atracada das novas embarcacións a vapor, de maior porte e moito máis eficientes, que nese momento estaban a introducirse nos demais portos de Arousa e que precisaban maior calado e refuxio seguro para establecer alí o seu porto base. Este problema non se solucionaría ata os anos trinta.

O peirao e as infraestruturas portuarias na 1ª etapa

A primeira solicitude de construción dun peirao de abrigo no aínda remoto e pouco poboado emprazamento de Aguiño rexistrouse no Concello de Ribeira, a comezos de novembro de 1909, por iniciativa dun grupo de mariñeiros da parroquia de Carreira, pero foi pouco menos que un brinde ao sol xa que entón aquela aldeíña era un núcleo de poboación case insignificante aos ollos da municipalidade, que apenas alcanzaba os 400 residentes. A acta do Pleno do Concello do 14 de novembro reza nunha das súas epígrafes: "Peirao de Aguiño: dáse conta dunha instancia presentada polos mariñeiros veciños de Carreira, pedindo que se solicite do Excmo. Sr. Ministro de Fomento, o noso dignísimo Deputado[1], sírvase ordenar que se estude a conveniencia e necesidade de construír un pequeno peirao de abrigo para as 300 embarcacións menores que se gorecen na punta de Aguiño, preto da illa

1 Por entón era titular da carteira de Fomento D. Rafael Gasset Chinchilla, señor da Casa de Xunqueiras, na Pobra do Caramiñal, e deputado polo distrito electoral do partido xudicial de Noia.

de Sálvora, entrando xa na costa[2]". Aínda que o Concello atopou "moi axustada a petición" e comprometeuse a enviala ao ministro de Fomento, non foi moito máis alá de expresar esa intención e, enfrascado como estaba noutros asuntos que consideraba máis transcendentes —conseguir a administración de Correos, Estación Telegráfica, ampliación do porto de Ribeira, Axudantía de Mariña, etc.—, deulles prioridade a estas cuestións, e o proxecto do peirao de Aguiño caeu no caixón das materias pendentes[3].



Praia e ancoradoiro de Aguiño antes da construción do molle con dornas e lanchas xeiteiras varadas e fondeadas. En segundo termo, pedras do Nordeste e Rebalo.

Ninguén volveu reactivar o asunto e habería que esperar ata a terceira década do século, máis de vinte anos despois, para que se volvese poñer sobre a mesa aquela antiga e inescusable reivindicación. Pero aqueles anos trinta discorreron entre circunstancias moi adversas debido sobre todo á crise económica xeneralizada de 1929, que demorou varios anos, cando non paralizou, algúns dos plans esenciais para o desenvolvemento portuario de Aguiño. Malia as dificultades, os anos da II República (1931-1936) viron cristalizar proxectos cruciais para o futuro

2 AMR. Libro Actas de pleno, ano 1908-1910. No libro colectivo Aguiño, 50 anos de Parroquia realízanse varias afirmacións sen fundamento sobre este suposto peirao: primeiro cítase erroneamente a data do pleno, que non se celebrou o 14 de maio de 1909, senón o 14 de novembro de 1909; o pequeno peirao de abrigo non era "para as máis de 300 embarcacións pequenas que se refuxian na Illa de Sálvora" (nunca houbo tantas alí por falta de espazo; quizais 15 ou 20, no mellor dos casos), senón para, como di á letra o documento, "as 300 embarcacións menores que se gorecen na punta de Aguiño, preto da illa de Sálvora, entrando xa na costa", xa que Sálvora era máis lugar de referencia có propio Aguiño. González Suárez, Unai (coord.): Aguiño 50 anos de Parroquia, 2009, páx. 33.

3 Nese mes de novembro, o propio alcalde A. del Río visitou os ministros de Fomento e Mariña en Madrid, e expúxolles estas urxentes necesidades, como el mesmo explicou no pleno seguinte, pero non a cuestión do peirao de abrigo de Aguiño.

do pequeno porto arousán. O primeiro e máis principal foi, sen dúbida, o peirao para protección e atracada de barcos, que permitiría o acceso de embarcacións máis grandes, con aparellos máis modernos e maior número de tripulantes[4].

As obras portuarias na 2ª etapa. O novo peirao

As primeiras novas da construción dun novo peirao en Aguiño chegaran a oídos do consistorio extraoficialmente a finais de 1929. E pouco despois chegaba tamén a notificación oficial de Eduardo Álvarez de Valderrama, enxeñeiro xefe do Grupo de Portos de Noia.

O concello deu prioridade esta vez ao asunto do molle de Aguiño, que se tratou na sesión plenaria extraordinaria do 16 de marzo de 1930. A Xunta Central de Portos consignara unha dotación orzamentaria de 213.417,65 pesetas ao ansiado peirao aguiñés, e aínda que as obras eran de iniciativa estatal, o concello veríase obrigado a achegar o 25% do investimento, xa que o porto de Aguiño non tiña a categoría de Porto de Interese Xeral nin de Porto de Refuxio. Así llelo indicou o enxeñeiro Valderrama á corporación o 28 de febreiro de 1930: "Xunta Central de Portos. Xefatura do Grupo de Noia (A Coruña). Nº 122. En cumprimento do disposto na Real orde de aprobación do proxecto do peirao de abrigo en Aguiño, que di á letra: Como o porto de Aguiño non está declarado de intere- se xeral nin de refuxio para pescadores, para que a obra poida ser construída con cargo ao Capítulo 21, Artigo 1º, Concepto 8º do orzamento, procede que se interese do Concello (de Ribeira) ou das asociacións de pescadores se comprometan a contribuír co 25% do custo da obra na forma que determina o Artigo 10 da vixente Lei de Orzamentos".

4 Un problema similar ao que tiñan daquela os mariñeiros do Pósito de Burela, cun simple atracadoiro desabrigado ante os duros temporais do Cantábrico, que os obrigaba a levar as tarrafas ao porto de San Ciprián, e que por iso solicitaron tamén a construción dun porto refuxio ese mesmo ano 1930. PERNAS OROZA, Herminia, op. cit., p. 17.

Na mesma sesión do 16 de marzo presentábase o plano xeral das obras deseñado baixo a dirección do enxeñeiro Valderrama, "consistentes nun dique de 144 metros atracables en toda a súa lonxitude polo lado abrigado e con calado final de 1'60 metros en baixamar máxima". Sinalábase tamén que, da cantidade orzamentada, correspondía ao concello ou ás asociacións mencionadas achegar a cantidade total de 53.354,41 pesetas.

Grupo de Portos de Noia: A máxima autoridade portuaria do Estado era a Xunta Central de Portos, creada en 1926, que elaborou o Plan Xeral de Portos de 1928. Para desenvolver ese plan creou as Xuntas de Obras de Porto, "encargadas da administración e investimento dos fondos e da execución dos traballos", e unha delas era a XOP da Coruña que en 1928 se desdobrouse creando o Grupo de Portos de Noia, ao que estaban adscritos os de "Corrobedo [sic], Aguiño, Castiñeira [sic], San Eugenio [sic] de Riveira...", como dicía a Gazeta de Madrid do 4/8/1928.

A continuación, o Concello remitiu o proxecto e a fórmula de financiamento ao presidente do Pósito de Pescadores de Carreira, Antonio Dios, "para que manifeste o máis axiña posible a cota ou cantidade máxima coa que pode contribuír á obra da que se trata" o 17 de marzo de 1930, e engadía o alcalde: "Á vez, e para a debida comprensión, debo significarlle que a cantidade que satisfacer nun período de vinte anos... é a seguinte:

25 % da obra, 53.354,41 pesetas
2% de interese anual, 1.067,09 pesetas
Total: 54.421,50 pesetas. Cota anual a pagar 2.721,07 pesetas".

A contestación non se fixo esperar e, tras a Xunta Xeral celebrada poucos días despois, acordouse por unanimidade manifestar ao concello que a cantidade que correspondía pagar polo 25% da obra "excede o valor económico do que pode dispoñer este Pósito"; e dado que a vila de Aguiño contribuía ao sostemento do municipio sen percibir "vantaxes urbanas como iluminación pública e outras das que aínda non goza esta vila", solicitaban que o concello se fixese cargo e sufragase "a contía do 25 % da obra[5]".

Recoñecendo a corporación, finalmente, que a parroquia de Carreira era unha das máis gravadas do municipio e que a construción de peirao de Aguiño era "unha necesidade profundamente sentida", xa que toda aquela zona carecía de abrigo para embarcacións, acordaba finalmente aceptar pagar con cargo aos fondos municipais o "importe do 25% sobre a cantidade total en que sexa poxada a obra e o 2% de interese sobre o 25 anteriormente referido". As obras concluíron en 1934 e, pouco despois, en setembro do ano seguinte, a sociedade nomeaba encargado da limpeza do peirao o socio José Paz, que se comprometía por 5 pesetas mensuais, incluído o material de limpeza.

Secasí, xa desde o primeiro momento quedou claro que o peirao recentemente estreado era insuficiente e, en maio de 1935, o Pósito de Pescadores solicitou á Dirección Xeral de Portos a ampliación "... das obras recentemente terminadas no porto de Aguiño, prolongando o peirao uns 100 metros". Non tardou en contestar o organismo estatal, que o 25 de xuño transmitía ao enxeñeiro: "Vista a instancia subscrita polo presidente e secretario do Pósito de Pescadores de Carreira, no concello de Santa Uxía de Riveira (Coruña), na que se solicita que sexan ampliadas as obras recentemente terminadas no porto de Aguiño, prolongando o peirao uns 100 metros; e visto o informe que sobre o particular remitiu VS na data do 15 do corrente.

5 Vid. Documento 8 no apéndice documental.

Esta Dirección Xeral dispuxo autorizar a VS para que redacte un orzamento de gastos de estudo do proxecto correspondente, solicitando e obtendo, previamente, do concello de Sta Uxía de Riveira o compromiso de contribuír co 25% do importe das obras, de acordo co que prevé a vixente Lei de Orzamentos".



Praia de Aguiño, peirao en construción. Foto Arquivo Padre Gaite, mosteiro de Poio facilitada por X. Cruxeiras.

O 9 de xullo seguinte chegou ao concello o oficio do enxeñeiro xefe Valderrama no que se comunicaba a decisión da Dirección Xeral de Portos e, na Sesión Plenaria Supletoria do 4 de outubro de 1935, a corporación presidida por Pepe Fernández aceptaba unha vez máis correr co financiamento das obras, é dicir, o 25% do importe e o 2% de interese co fin de atender as crecentes necesidades dunha frota en expansión:

"Considerando: Que a prolongación do peirao do porto de Aguiño neste Distrito é unha necesidade profundamente sentida, pois con iso se mellora considerablemente o abrigo de embarcacións maiores e menores.

Vistas as disposicións pertinentes ao caso.

Estudado e discutido o asunto convenientemente, o Concello por unanimidade acorda: aceptar por conta dos fondos municipais a suma anual que corresponda como o importe do 25% sobre a cantidade total na que sexa poxada a prolongación que se solicita dos 100 metros e o 2% de interese anual sobre o 25 anteriormente referido, adquirindo con cargo aos devanditos fondos o compromiso de responsabilidade necesario ao obxecto, para o que se expedirá e remitirá ao Sr. Enxeñeiro Xefe de Portos do Grupo de Noia certificacións do presente acordo[6]".

Non obstante, nesta ocasión as boas intencións non pasaron de aí. Poucos meses despois estalaba a fratricida Guerra Civil que poñía en suspenso de facto os proxectos de obras en todo o Estado. A prolongación do peirao de Aguiño, aprobada pero non executada, tamén quedou en suspenso e o proxecto non se poría enriba da mesa ata anos máis tarde. A iso referíase precisamente a corporación municipal presidida por José Pérez Martínez en agosto de 1938, cando pretendía homenaxear o enxeñeiro Valderrama porque "proxectou e levou á realidade obras tan importantes e de tanta necesidade como os peiraos de abrigo de Corrubedo e Aguiño, e o secadoiro de redes do porto de Riveira, tendo en proxecto a prolongación do citado peirao de Aguiño... que será unha realidade tan logo o Estado español poida prestar a atención que lle absorbe a guerra ao emprego das obras públicas[7]". Parece claro, polo tanto, que a obra de ampliación do peirao seguía pendente.

6 AMR, Libro de Actas de plenos de 1935, sesión do 4 de outubro de 1935, fol. 38.
7 AMR, Libro de Actas de plenos 1938, ccta do 27/08/1938, fol. 13.

Eduardo Álvarez de Valderrama. Enxeñeiro xefe do Grupo de Portos de Noia nos anos trinta, xogou un papel relevante no desenvolvemento dos portos ribeirenses: proxectou o peirao de Aguiño, rematado en 1934, a ampliación de 1945, o peirao de Corrubedo, o secadoiro de redes de Ribeira, a ampliación do porto de Ribeira etc., sen outra intención "que o ben xeral e a axuda á humilde clase mariñeira". Por iso, en 1938, a corporación acordou dar o nome de Paseo do Enxeñeiro Álvarez Valderrama ao tramo de porto comprendido entre o Paseo de José Antonio Primo de Rivera e o peirao de Colón", pero atopou a negativa do enxeñeiro, "que rogou encarecidamente, á vez que agradece a distinción da que se lle fai obxecto, que se desista de rotular co seu nome o paseo indicado, tendo en conta que é criterio seu, moi antigo, non querer que este figure en ningunha vía pública".

Tamén por eses anos se tentáronse levar a cabo obras menores no porto de Aguiño, pero case todas quedaron tamén en suspenso pola guerra. Así, en agosto de 1934, a Xunta Xeral sometía a estudo dúas propostas: a reparación da chamada "rambla de Villoch" e o arranxo dos Campos de Aguiño, e nomeaba unha "... comisión formada polos Sres. Monteagudo, Caneda, Manuel Álvarez e José Fernández Oujo para que fagan un estudo sobre ambas as propostas e calculen o prezo aproximado dos devanditos arranxos...". O saneamento da rambla de Villoch demorouse ata o punto de que dous anos despois estaba tan deteriorada que presentaba serio risco de derruba en parte das paredes exteriores, polo que o 12 de outubro de 1936 o presidente da entidade demandou ás autoridades de Mariña que concretasen condicións e permisos para efectuar as reparacións "por conta dos fondos do Pósito". Xa a entidade comezaba a valerse por si mesma.

En canto aos Campos de Aguiño, a intención era acoutar e pechar todo aquel terreo doado no seu día por Joaquina Colomer Villoch, para o que a Xunta de Goberno comisionou aos asociados José Fernández e Manuel Monteagudo en novembro de 1935, "para que estuden a forma de pechar os Campos de Aguiño". Unha vez máis, a obra demorouse ata abril de 1940, cando se decidiu pechar con postes e arames só o campo do Medio "... para evitar o paso arbitrario polo mesmo...".

Outro proxecto que tamén quedou no beirado sería a construción dun varadoiro no porto, xestión que se encargou en setembro de 1935 a outra comisión integrada polos socios Antonio Romano e Manuel Sampedro Dios.

Á vez que o peirao, comezaron a construírse algúns negocios particulares complementarios dos labores pesqueiros e portuarios. Así, o 16 de setembro de 1935, o veciño Francisco Monteagudo Reiriz obtiña autorización do enxeñeiro Valderrama para aproveitar uns terreos da zona marítimo-terrestre do porto de Aguiño co fin de construír un edificio destinado a "fresqueiro e encascador de redes", tras expoñer ao público o proxecto os 30 días regulamentarios.

As obras na terceira etapa. A ampliación do peirao

Durante os anos da guerra e na máis inmediata posguerra, as obras nos espazos portuarios foron case inexistentes por falta de fondos estatais nun país arruinado pola contenda. Pero a partir de 1941 comezou a renovarse, aos poucos, o ritmo de traballos naquela zona.

Dique e acceso ao peirao. A obra máis notable do momento sería a "... construción do dique e anaco de estrada para efectuar a ligazón da que vai desde Riveira a Aguiño co Peirao deste porto". Os primeiros trámites comezaron a comezos de 1941, e o 13 de xuño do mesmo ano o presidente, Manuel Sampedro Álvarez, expoñía aos seus compañeiros a información facilitada polo alcalde de Ribeira sobre a situación do proxecto. A información procedía unha vez máis do enxeñeiro xefe da Dirección do Grupo de Portos da Coruña, que demandaba tamén que, ben o concello ou ben o pósito co aval do concello, se comprometesen formalmente a "aboar o 25% do custo das devanditas obras no prazo e condicións sinaladas pola lei para estes efectos". Tras un breve cambio de impresións entre os reunidos, acordouse por unanimidade responsabilizarse de satisfacer a cantidade correspondente a ese 25% no prazo e condicións que lle foron sinalados, pero advertindo que "no caso de que chegase un día no que o estado económico desta asociación non permitise... cumprir o compromiso adquirido", debería ser o concello o que substituíse o pósito nesta obriga.

Un paso atrás daríase cando os últimos días de 1945 un durísimo temporal causou danos "... no campo desta Confraría destinado para o secadoiro de redes", e o primeiro de xaneiro de 1946 acordábase "... dirixir un escrito ao Grupo de Portos de Noia que reside na Coruña, para que repare todo o dique, así como a estrada que conduce ao peirao e unha pedra que está movida na parte máis saínte do peirao".

Todas estas obras serían transcendentais para o futuro de Aguiño porque foron o primeiro esbozo do que, andando o tempo, abriría o camiño ao amplo espazo portuario actual. En xaneiro de 1945, xa convertida en confraría, a sociedade de pescadores acordaba construír unha espazosa construción para mercadorías e reparacións.

Ampliación do peirao. A ampliación do peirao, concedida en 1935 pero non comezada por mor da guerra, non se abordaría ata 1945. O 12 de febreiro, o secretario Sampedro Dios[8], explicaba aos socios que o "enxeñeiro director de Portos da zona esixía o compromiso da Confraría de comprometerse a satisfacer o 25% das obras de ampliación do peirao deste porto...", pero que, tras unha xestión co concello, este finalmente se comprometera a facerse cargo do 25% que en principio lle endosaran á confraría. As obras comezaron de inmediato e o peirao prolongouse os 100 metros proxectados en 1935.



Peirao de Aguiño ampliado. Dornas varadas na praia, barcos a motor de moito maior porte, e mais alá, rampla de Villoch e peirao prolongado, c. 1945.

Pouco antes de rematar, o confrade Ángel Monteagudo Reiriz suxeríalle ao cabido a conveniencia de construír tamén "unha rampla de pedra na parte do Porto de Aguiño coñecida coa denominación Pedras do Nordeste, pero como iso supón moito gravame para esta Confraría, acórdase por unanimidade solicitala do Ministerio de Obras

8 O secretario da confraría xa era José Regueira Martínez desde o 12 de novembro de 1944, pero o anterior secretario, M. Sampedro, seguía colaborando co novo Cabido no traspaso de poderes.

Públicas, debido a que a súa necesidade é considerablemente grande", pero esta obra non se chegou a realizar ata moitos anos máis tarde.

Outra mellora daquela época sería a subministración de gasóleo ao porto mediante bidóns transportados en camións. Desde novembro de 1946, quedou a cargo da empresa CAMPSA, que esixía á confraría unha fianza previa de 12.000 pesetas "para responder dos envases que han de intervir no transporte do gasóleo, xa que de non facelo así non poderemos ser fornecidos do devandito carburante". A continuación, o cabido solicitou dos armadores información sobre as súas necesidades de gasóleo para realizar os pedidos que fosen necesarios, "en harmonía co que esixe a CAMPSA". Nesas mesmas datas, a confraría acordaba adquirir un micrófono e un amplificador, "redutor/elevador de voz para deixar completo o servizo da radio no porto de Aguiño". Aos poucos, íanse así ampliando as infraestruturas e os servizos portuarios.

CAPÍTULO 13

CASA DO PESCADOR OU "PÓSITO VELLO"

A construción das casas do pescador como centro de atención aos asociados era outra das ideas no proxecto de Saralegui para os pósitos. Entendíaa, como apunta Ansola, como un "... antídoto contra o asiduo uso das tabernas e o non menos asiduo abuso do alcol entre os pescadores", aos que Saralegui achacaba ser "causa principalísima da súa incomprensión e indiferenza pola cultura e o progreso"[1].

A súa creación, de feito, xa estaba prevista no Regulamento da Sección Cultural de setembro de 1924, confeccionado pola Comisión Organizadora do Axudante Alvariño, aínda que dunha forma moi idealizada. Naquel documento definíase como o local "en que leve a cabo a acción moral e educadora, orientada no sentido de loita antialcólica...", onde se darían "conferencias de divulgación, representacións teatrais, propagandas antialcohólicas etc.", dotada de "salón de lectura, biblioteca, escritorio, xogo de billar, etc.", cunha cantina "na que poidan atopar unha alimentación económica e hixiénica, na que estará prohibida a venda de bebidas alcohólicas", etc. A realidade sería ben diferente, como veremos máis adiante.

A primeira ocasión en que se falou nunha Xunta Xeral da conveniencia de dotar o Pósito dunha Casa do Pescador tería lugar o 28 de febreiro de 1932, cando o presidente Antonio Dios Millares expuxo a necesidade "de dispoñer en Aguiño dunha Casa do Pescador e as vantaxes innumerables que reportaría...". Nun principio, non se pensaba en construír un edificio novo para sede social, senón en alugar un local para tal fin, do mesmo xeito que se fixera coas escolas da Sección Cultural en Carreira e Aguiño, polo que os socios acordaban solicitar ao ISM, dirixido por Alfredo Saralegui, unha subvención anual para pagar o alugueiro de local. En outubro solicitaríase a subvención anual de 250 pesetas para o alugueiro e outra de 500 para mobiliario e dotación da Casa de Pescador.

1 Ansola, op. cit., p. 9.

En xaneiro de 1934, o presidente Antonio Dios deu un paso máis expoñendo aos socios o seu desexo, compartido pola maioría, de que "... por este Pósito se realice a creación da Casa do Pescador e, se fose posible, con ela casas para locais, escola e habitación dos mestres e Lonxa...". O proxecto era, pois, moi ambicioso e viña fraguándose no seo da Xunta de Goberno desde tempo atrás, como o proba que se lle encargasen os estudos para tramitar a construción da Casa do Pescador ao secretario Pedro Minchón. Na sesión do 10 de xaneiro de 1934, Minchón expuxo aos socios "... con toda clase de detalles, os traballos necesarios..., desde a aprobación da [Xunta] Xeral para construír a Casa do Pescador, ata a aprobación do préstamo polo director Xeral de Traballo a proposta da Xunta de Xefes do I. S. de la Marina...". Engadiu que o custo do citado préstamo sería do 4% anual, e a seguir nomeouse unha comisión para estudar cos membros da Xunta de Goberno a viabilidade do proxecto antes de subscribir a póliza do préstamo necesario para construír o edificio. A asemblea aprobou por unanimidade todas estas xestións "... para a creación da Casa do Pescador no porto de Aguiño, afecto á parroquia de Carreira".



Primeira Casa do Pescador ou "Pósito vello" construida con fondos propios do pósito, e rematada e inaugurada en 1941.

A comezos de xullo do mesmo ano, o ISM notificaba por carta a concesión do préstamo e as súas condicións, unha carta que foi lida en público na asemblea de socios do 15 de xullo de 1934. O 1 de agosto, a sociedade nomeaba unha comisión encabezada por Pedro Minchón[2] para asistir en setembro á asemblea anual regulamentaria dos pósitos de Galicia, que se celebraría en Vigo "... con motivo da inauguración da Casa do Pescador..."[3], que ía coincidir ademais coa reunión do Secretariado Cooperativo dos Pósitos de España naquela cidade.

Con todo, o proxecto non acababa de fraguar e avanzaba moi lentamente, tanto que axiña se botaron encima os anos da guerra e as penurias económicas tamén afectaron ao Pósito de Carreira/Aguiño e o seu proxecto estrela de construción dunha Casa do Pescador con fondos propios. Mentres tanto, a sede social seguía como outrora nunha casa de alugueiro que non colmaba as aspiracións dos asociados[4].

En decembro de 1938, o presidente Antonio Ayaso Silva volveu retomar o asunto, e na asemblea ordinaria do día de Nadal, convocada con carácter monográfico para debater esta cuestión, expoñía: "O labor do Pósito non podería nunca ser completa sen que leve a cabo a referida obra de construción da Casa do Pescador". Advertía tamén do sacrificio que suporía para todos os socios a execución da obra, xa que probablemente terían que achegar o seu propio traballo persoal, "dada a escaseza de medios económicos cos que se conta", e deixaba entrever a súa minguada confianza nunha subvención do ISM, dados os escasos recursos do Estado pola guerra: "ao dar conta ao ISM, acaso o devandito superior organismo puidese acordar concedernos unha subvención coa que axudarnos a levar a cabo a obra, aspiración tan vella entre nós". Tamén se decidía abrir unha conta específica para a Casa do Pescador na que se anotasen os ingresos e gastos causados polas obras.

2 A comisión estaba integrada tamén polos socios Manuel Álvarez e Manuel Sampedro. Ademais, o propio Minchón, como secretario e por proposta dos socios mutualistas de Accidentes de Mar e de Traballo, representaría a entidade ante a Asemblea do Secretariado Cooperativo dos Pósitos, que se celebraría tamén en setembro na cidade olívica.
3 En realidade, a Casa do Pescador de Vigo inaugurárase xa en febreiro de 1934, e posteriormente celebráronse alí, en setembro, a asemblea anual dos pósitos de pescadores de Galicia e a reunión do Secretariado Cooperativo dos Pósitos do ISM, como parte das conmemoracións da inauguración.
4 A suspensión dos plans de execución das casas do pescador afectou a un bo número de pósitos, como o de Foz, San Cibrao, Moaña cando estaba case rematada, etc.

Na asemblea do 25 de decembro acordouse algo que sería de suma importancia no futuro inmediato: a aprobación dos planos e memoria do inmoble, e a súa localización. O edificio sería de planta rectangular, orientado de norte a sur, entrada principal á estrada e porta secundaria a unha ampla terraza traseira que comunicaba coa praia por medio dunhas escaleiras centrais; as ás norte e sur do edificio servirían como aulas para as seccións culturais, mentres a parte central dedicouse a oficinas. O edificio levantaríase "... no chamado Campo do Nordeste, dos rexistrados a nome desta entidade, sitos en Aguiño".



Perspectiva de Aguiño desde o peirao co Pósito vello ao fondo, 1985. Foto Antonio Parada.

A comezos de 1939 comezaron as obras da tan ansiada Casa do Pescador e os traballos avanzaron a bo ritmo, a pesar das dificultades económicas, mercé aos esforzos dos afiliados. En outubro dese ano, o oficial de Secretaría Sampedro Dios "a quen se lle encargou este servizo", explicaba aos socios os pormenores de gastos ocasionados ata aquel día con motivo da construción da Casa do Pescador, "cuxos gastos figuran en conta á parte no mesmo libro de contabilidade do Pósito". Na mesma sesión, e co ánimo de buscar novos recursos económicos "con que levar a termo a Casa de Pescador..., conveuse en que sexan empregadas nestas obras ata 3.000 pesetas dos fondos da Sección de Socorro Mutuos, por estimarse que aínda así queda atendida suficientemente a referida Sección...". Acordouse tamén solicitar unha subvención da Delegación Local da Mutualidad de Accidentes de Mar y de Trabajo, xa que o novo edificio tamén habería de albergar os servizos deste organismo.

Contra todo prognóstico, a finais de 1939, o Instituto Social de la Marina concedeu unha pequena subvención que o vicepresidente, Ayaso Álvarez, comunicou aos socios na asemblea do 21 de xaneiro de 1940, cando daba conta do estado "no que se atopan as obras da Casa do Pescador, diñeiro empregado na mesma ata entón, subvención concedida polo Instituto Social de la Marina coa intención de reunir o diñeiro suficiente para o remate da devandita obra...".



Actual Casa do Pescador ou da Confraría rematada en 1971, sucesora do "Pósito vello". Foto A. Parada.

Na mesma asemblea acordouse outra orixinal solución para poñer fin ás estreitezas derivadas do custo do inmoble. Desde tempo atrás, unha das fontes de financiamento da sociedade era a cobranza de dous céntimos por cada vale de gasolina ou gasóleo despachado aos seus barcos, e un deles destinábase ao Orfanato de San Simón na ría de Vigo, por orde da superioridade. Pero o orfanato non chegaría a funcionar ata moito máis tarde[5] e agora decidiuse destinar eses fondos depositados na Tesourería "en axuda da referida Casa do Pescador".



O Centro de Saúde levantouse no solar do Pósito vello, tras a xenerosa cesión do terreo pola Confraría á Xunta de Galicia. Foto Antonio Parada.

5 O orfanato sufriu continuos atrasos e non se abriría ata 1955, case 15 anos máis tarde.

Finalmente, a Casa do Pescador abriu as súas portas por vez primeira o 26 de xaneiro de 1941. Na sesión inaugural, o oficial de Secretaría e socio honorario D. Manuel Sampedro Dios deu lectura a "unhas cuartillas escritas por el mesmo de acordo coa Xunta Directiva... e explicou o significado deste acto que... ha de considerarse a sesión inaugural da Casa do Pescador deste porto, por ser a primeira vez que se reúnen os asociados nesta casa". Explicou tamén que, na inauguración, o Pósito prescindira de "toda pompa e floreamento" para solemnizar o acto en contra do que era habitual neses casos, co fin de que "o diñeiro que había de gastarse nesa pompa sexa dedicado aos pobres do Pósito e aínda fóra del en casos moi xustificados", evidenciando así a acentuada sensibilidade social dos seus dirixentes.

CAPÍTULO 14

AS CELEBRACIÓNS

A imitación das vellas confrarías relixiosas de pescadores e non pescadores que funcionaban desde a Idade Media en moitas igrexas parroquiais, asociadas ao culto —confrarías do Santísimo Sacramento ou da Concepción, por exemplo— ou ben a gremios por oficios —confrarías de San José, aos carpinteiros, ou San Pedro, aos mariñeiros—, e dado o alto risco dos traballos no mar en xeral, e dos mares de Aguiño, en particular, tamén o Pósito de Carreira/Aguiño sentiu desde un principio a inquedanza de poñerse baixo a protección dun santo patrón, aínda que no noso caso esta advocación foi itinerante e o patrón ou patroa da entidade pescadora cambiou co paso do tempo.

1 | A advocación do Pósito: festa do patrón ou da patroa?



Imaxe da Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros "Nosa señora do Carme, que nos dé o vento en popa...". Foto A. Parada.

Cómpre lembrar de partida que tanto a Armada española coma a Caja Central de Crédito Marítimo tiñan a Virxe do Carme como patroa. Por esa razón, cando en 1926 a CCCM instituía as "Homenaxes á Vellez do Mariño", os padroados que os organizaban e os petitorios para recadar cartos con que sufragalos, comezaban precisamente o día do Carme, 16 de xullo. Tamén cómpre lembrar que varios dos pósitos creados antes e despois do noso se puxéronse baixo a advocación da Virxe do Carme.

A primeira proposta de elección dun santo patrón partiu dun grupo de socios que en outubro de 1927 expuxo aos seus compañeiros da Xunta Xeral celebrar coas súas familias "un verdadeiro día familiar do Pósito". A corporación pescadora acordou acoller a festa da parroquia en honra da Virxe do Carme, "patroa dos mariñeiros", e nomeou unha comisión de festexos composta por membros aveciñados nos catro lugares que concentraban a maior parte da poboación mariñeira na parroquia de Carreira: tres por Campos —José Ramón Sampedro Dios, Juan Dios Paz e Ciprián Pena—, outros tres por Aguiño —Antonio Ayaso Silva, Manuel Torres Casais e José Torres Casais—, dous por Vixán —José Ageitos Mariño e Juan Pérez— e dous polo Vilar —Manuel González Álvarez e Francisco Bretal—. Aínda que o documento non o expresa claramente, todo parecía apuntar á Virxe do Carme como patroa do Pósito por aqueles anos.

Malia todo, o 12 de novembro de 1944[1], tras a conversión da sociedade en Confraría de Pescadores, acordábase por unanimidade "que o patrón da Confraría sexa San Paio", máis como cesión aos pescadores de Carreira, por ser o santo patrón da parroquia, que por ser —como era— o santo mártir da pureza e da castidade, pouco vinculado, polo tanto, aos mesteres mariñeiros. Volvía xurdir, unha vez máis, aquela bicefalia Carreira/Aguiño que xa vimos na creación das escolas do Pósito, esta vez proxectada no campo das advocacións relixiosas[2].

1 A decisión tomouse na Xunta Xeral do 12 de novembro de 1944, ás 16 horas, en acta sen numerar, pero que se correspondería coa 109.
2 A mesma bicefalia no padroado dun pósito ou confraría obsérvaa tamén Ana Mª. Rubia na Confraría de Marbella, "unida ao relixioso a través da advocación da Virxe do Carme", pero que tiña

Aínda así, na alma da agora Confraría sempre estivo presente a Virxe do Carme, protectora da xente de mar, como demostra o que aconteceu con motivo das Festas parroquiais de San Paio de xuño de 1946, clara proba do grao de implicación da entidade coa devoción á santa e que, polo seu interese, narraremos polo miúdo.

Con motivo daquela celebración, os membros da Comisión de Festas solicitaron unha achega económica á Confraría. A resposta do patrón maior Jesús Sampedro foi afirmativa, pero ademais expoñía ante os confrades que "sería moi propio e acertado que, en diante, os mariñeiros desta asociación se dignasen honrar á excelsa Virxe do Carme, que é a nosa avogada e nai, celebrando no seu nome esta festa, tan tradicional para as xentes do mar, xa que ela é a nosa guía e protectora na nosa loita cotiá". Algúns socios mostraron a súa desconformidade porque "... as vindeiras festas parroquiais coinciden en plena faena mariñeira escurada e non atopan procedente que se subvencionen as festas deste ano, xa que non se nos tivo en consideración...". Pero a proposta da presidencia de honrar a festividade do Carme "foi acollida con emocionante xúbilo... polo



Imaxe de San Paio, da fachada da parroquial de Carreira.
Foto A. Parada.

como patrón a san Telmo. RUBIA OSORIO, Ana Mª: "Organización sindical en Marbella durante el primer franquismo" Cilniana 28/29, 2018-2020, páx. 144.

agarimo e devoción que os reunidos profesan a esta Virxe", e inmediatamente, e por unanimidade, acordouse designar unha comisión[3] que en adiante se encargase da recadación e máis xestións propias para celebrar a anunciada festa mariñeira.



Procesion co Patrón e a Patroa, San Paio e a Virxe do Carmen, anos setenta.

3 A comisión quedou integrada polo "axente de Mariña neste porto" Marcial Cores Monteagudo, como presidente; vicepresidente, Antonio Teira Fernández; secretario tesoureiro: José Ayaso Reiriz; vogais Antonio Gude Teira, Francisco Sampedro González e Antonio Pérez Sampedro.

Para darlle solemnidade e continuidade á celebración, estableceuse un procedemento regular de achegas ou "recadación segura": os barcos de cerco de xarreta achegarían o valor dun cento de sardiñas "sempre que pesque en cada xornada unha cantidade que pasase o estipulado en cada cal para percibir o changüí"[4]; os barcos do xeito tamén o valor dun cento de sardiñas "sempre que tomen máis de cinco caixóns en cada xornada"; as dornas en xeral aboarán unha peseta "por cada 100 en bruto que gañen en cada xornada"; os barcos dedicados á pesca de lagosta, aboarán o valor de 1 quilo "sempre que efectúe vendas por máis de 200 quilos". Todos se comprometeron a "cumprir con fidelidade", facultaban a comisión para poder amoestar "privada e publicamente" a calquera infractor do acordo que ocultase parte da pesca, ao tempo que se lle impoñía á comisión a obriga de render contas ao público e responder a calquera cuestión ante a Confraría.

Tamén deixaban aberta a posibilidade de celebrar outras festas con cargo aos fondos que se obtiveran polo procedemento sinalado, sempre sen "minguar desde logo en nada a dignidade coa que ha de celebrarse a Festa do Carme". Parece claro que, aínda que o patrón da Confraría sería oficialmente en diante san Paio, o corazón dos pescadores estaba coa súa Stella Maris. E, en lóxica consecuencia con esa tradicional querenza e devoción mariñeira, cando Aguiño se segregue da parroquia de Carreira o 9 de maio de 1959, a nova parroquia resultante recibiría o nome de Nosa Señora do Carme de Aguiño.



Procesión na honra da Nosa Señora do Carme, "Estrela dos mares" en 1968.

4 O "changüí" era a parte do peixe que lle correspondía a cada tripulante. En cada barco, armador e tripulantes pactaban unha cantidade mínima de capturas "para recibir o changüí".

2 | As homenaxes á Vellez do Mariño

A Homenaxe á Vellez do Mariño foi un "laudable proxecto"[5] de Alfredo Saralegui que, a través da CCCM, estendeu ao mundo do mar as homenaxes á vellez que se iniciaron en Cataluña en 1915 para traballos en terra, e que logo se expandiron por todo o país.

O seu punto de partida sería a Real orde do Ministerio de Mariña do 9 de xullo de 1926 que creaba a "Obra das homenaxes á vellez dos mariños" coa finalidade, como dicía El Eco de Cartagena, de "asegurarlles o sustento aos vellos mariños, que agora xacen abandonados nas praias e portos españois"[6].

Organizábanse por medio de padroados locais que se tiñan que constituír "en todos os portos do noso litoral nos que existan Autoridades de Mariña local...", que os presidirían, e convidarían a incorporarse aos mesmos a "autoridades, persoas significadas e representantes de asociacións marítimas da localidade...". Os padroados financiaban o acto mediante achegas —"subscricións" dicíase entón— de particulares, empresas, pósitos, concellos, deputacións provinciais, caixas de aforros rexionais —Caja Regional Gallega no noso caso— e tamén da CCCM[7].

Os padroados comezaban os diversos actos para recadar fondos o día 16 de xullo, festividade da Virxe do Carme, e a celebración da homenaxe tiña lugar con toda solemnidade o 10 de outubro, aniversario do Real Decreto de creación da Caja Central de Crédito Marítimo. O éxito da iniciativa foi tal que o número de Homenaxes á Vellez do Mariño pasou de 1 acto en 1926, a 34 en 1927 e 59 en 1919[8].

5 Como o denomina Inocencio Jiménez en "La obra de los Homenajes a la Vejez". Anales del Instituto Nacional de Previsión, Ano XXII, nº 86, xullo-agosto de 1930, páx. 387.
6 "El Eco de Cartagena, diario decano da prensa do Reino de Murcia e da Rexión de Levante", 11/10/1927, páx. 1.
7 En 1926, o goberno destinou un millón e medio de pesetas ás hmenaxes á vellez do Mariño. No celebrado en Noia o 1 de novembro de 1929 concedéronse 4 pensións vitalicias.
8 JIMÉNEZ, Inocencio: "La obra de los Homenajes a la Vejez", en Anales del Instituto Nacional de Previsión, Ano XXII, nº 86, xullo-agosto de 1930, páx. 389.

O Pósito de Carreira/Aguiño tamén participou nas homenaxes á vellez do mariño que se celebraban periodicamente e que, no noso municipio, organizaba a Axudantía de Mariña de Ribeira e nela participaban os tres pósitos. No caso do de Carreira/Aguiño, as novas sobre tales homenaxes son máis ben escasas, xa que por unha banda as cerimonias non tiñan lugar na nosa localidade, senón no porto de Ribeira, e porque xeralmente a contribución do pósito á homenaxe era por medio de achegas particulares e non con fondos propios da sociedade, e por iso non era imprescindible aprobalo na Xunta Xeral nin, polo tanto, consignalo en acta. As poucas noticias das actas de Xuntas Xerais son precisamente nas contadas ocasións nas que foi o Pósito o que achegou o donativo, como ocorreu en 1930 ou en 1938.



Selo do Homenaje á Vellez do Marino durante a guerra civil, na zona franquista



Selo do Homenaje á Vellez do Marino durante a guerra civil na zona republicana.

Se tomamos como referencia as Homenaxes á Vellez do Mariño ben documentadas en portos próximos, como Noia ou Vilagarcía, ou máis afastados, como as faustas celebracións de Sada ou Sevilla en 1929 con motivo do décimo aniversario da creación da CCCM, tales actos oficiábanse con toda solemnidade, organizados por padroados locais, á fronte dos cales estaban axudantes ou comandantes de Mariña, xunto a alcaldes, xuíces, mestres, médicos, industriais etc. Os padroados adoitaban seleccionar tres ou catro dos mariñeiros pobres máis veteranos, "vellos lobos de mar" en expresión da prensa da época, aos que se obsequiaba cunha cartilla de pensión vitalicia[9] ou con diñeiro en metálico se o recadado non era suficiente para sufragar unha cartilla. Os actos comezaban con salvas de bombas, desfile dos nenos dos pósitos infantís, gaitas do país, misa, presenza dalgún representante da CCCM e participación nos actos de numeroso público, duraban todo o día, e remataban coa entrega de cartillas aos anciáns.

No caso do noso pósito só se rexistran tres mencións á participación nestes actos, dous das cales refírense á homenaxe celebrada en 1930, e outra ao de 1938, aínda que sabemos que participara anteriormente nesas homenaxes, como dá a entender o presidente Antonio Dios Millares o 5 de outubro de 1930, cando alude á súa participación na daquel ano "... como en anos anteriores". No mes de setembro de 1930, o secretario Manuel Ayaso expoñía aos socios "a invitación que fai o Sr. Axudante de Mariña para contribuír co que poida o Pósito de Carreira á Homenaxe da Vellez do Mariño". Nun primeiro momento, a intención do pósito era organizar unha "subscrición" a cargo dunha comisión de catro socios que se encargaría de recadar o diñeiro, pero o atraso en practicar a colecta fixo que finalmente se acordase que fose o pósito o que achegase 25 pesetas dos seus propios fondos. A contía

9 Para cada cartilla de pensión vitalicia, que supoñía o aboamento de 1 peseta diaria de por vida, era necesario que os padroados locais que organizaban as homenaxes recadasen polo menos 2.000 pesetas. Cando non chegaban a ese mínimo, os cartos recadados repartíanse entre os homenaxeados. O sistema non era moi xusto, porque nos portos das cidades —Barcelona, San Sebastián, Cádiz etc.— as cantidades recadadas permitían repartir un maior número de pensións. Nos portos pequenos era frecuente que non se acadaran as 2.000 pesetas e que se repartisen os cartos recadados.

era moi exigua polos apuros económicos que atravesaba a entidade naqueles anos, debido á retirada da subvención da CCCM á educación e a ter que sufragala a propia entidade nos dous anos anteriores.

Na segunda ocasión, decembro de 1938, a situación do pósito era bastante máis boiante a pesar do estado de guerra que vivía o país e iso reflectiuse na xenerosidade do donativo dese ano: na sesión do 25 de decembro de 1938 "Aprobouse a decisión da Directiva que concedeu un donativo de 500 pesetas para a Homenaxe á Vellez do Mariño".

